

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10344 *Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.*

A Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo, conforma o marco normativo das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de recreo e das motos náuticas, os requisitos para a súa obtención e a fixación dos medios técnicos e materiais e do persoal docente das escolas que realicen actividades de ensino ou impartan prácticas para a obtención dos títulos, por razóns de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar.

Posteriormente, a Orde FOM 189/2010, do 26 de xaneiro, modificou a Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo, co fin de adaptar o seu contido ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, pola que se incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Durante o tempo transcorrido desde a publicación da dita orde produciuse unha serie de avances, fundamentalmente de tipo técnico, no que se refire ás características das embarcacións deportivas e aos seus equipamentos a bordo, que se traducen na necesidade de simplificar os programas das materias teóricas necesarias para acceder ás titulacións náuticas de recreo e adaptalos á situación vixente, así como en introducir diversos cambios nas atribucións dos títulos.

Doutra banda, púxose de manifesto a conveniencia de simplificar, na medida do posible, os trámites para o outorgamento das titulacións de recreo, e permitir que as federacións e escolas poidan outorgar as licenzas de navegación en determinados supostos.

Así mesmo, parece conveniente, no que ao funcionamento das escolas se refire, introducir diversas modificacións para os efectos de garantir a liberdade de establecemento en réxime de competencia en relación coas ensinanzas teóricas.

O conxunto de factores citados leva á necesidade de acometer a elaboración dunha norma que regule todos os aspectos relacionados cos requisitos precisos para a obtención das titulacións de recreo e coa impartición das ensinanzas conducentes á súa obtención, conservando a regulación actualmente existente, en canto non se opoña aos obxectivos que cómpre regular. Para isto, procederáse á aprobación deste real decreto en desenvolvemento regulamentario do artigo 263 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e derrogarase a Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo. Pola súa vez, a habilitación normativa para ditar a norma recóllese na disposición derradeira segunda do dito texto refundido.

Este real decreto someteuse á audiencia dos interlocutores sociais máis representativos dos sectores afectados e ao informe das comunidades autónomas con competencias para o outorgamento das titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo. Así mesmo, foi sometido a informe dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de Emprego e Seguridade Social, do Interior, de Defensa, de Economía e Competitividade e de Educación, Cultura e Deporte.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é a regulación dos títulos náuticos que habilitan para o goberno das embarcacións de recreo e das motos náuticas, as súas atribucións e os requisitos e o procedemento exixidos para a súa obtención, sen prexuízo dos títulos náutico-deportivos que habiliten especificamente para o goberno de motos náuticas.

2. Así mesmo, constitúe obxecto deste real decreto a regulación dos medios técnicos e materiais e das titulacións exhibibles ao persoal docente que, por razóns de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar, deben cumprir as escolas e as federacións de vela e motonáutica, para os efectos de realizar as actividades de formación precisas para a obtención dos títulos náuticos a que se refire o punto anterior.

3. Non é obxecto deste real decreto a regulación do perfil profesional que terán aquelas persoas que impartan formación teórica orientada exclusivamente a superar as probas teóricas convocadas polas distintas administracións competentes para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno de embarcacións de recreo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación a todas as actividades relacionadas coa impartición de ensinanzas náuticas de recreo e aos requisitos precisos para a obtención e expedición dos correspondentes títulos e licenza, sen prexuízo do que estableza a normativa propia das comunidades autónomas que asumisen competencias nesta materia.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos do disposto neste real decreto entenderase por:

1. Embarcación de recreo, en diante, embarcación: toda embarcación de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora (Lh) comprendida entre 2,5 e 24 metros, medida segundo os criterios fixados no número 6 deste artigo, utilizada para fins deportivos ou de recreo. Quedan comprendidas nesta definición as embarcacións con fins de formación para a navegación de recreo.

2. Buque de recreo: todo buque de calquera tipo, con independencia do seu modo de propulsión, cuxa eslora de casco (Lh) sexa superior a 24 metros, cun arqueado bruto inferior a 3000 GT e capacidade para transportar ata 12 pasaxeiros sen contar a tripulación, destinado para a navegación de recreo, o turismo, o lecer, a práctica do deporte ou a pesca non profesional, utilizado polo seu propietario ou por calquera outra persoa, mediante arrendamento, contrato de pasaxe, cesión ou calquera outro título.

3. Artefactos flotantes de recreo: embarcacións proxectadas con fins recreativos ou deportivos, dos seguintes tipos:

- a) Piraguas, kaiaks, canoas sen motor e outros artefactos sen propulsión mecánica.
- b) Patíns con pedais ou provistos de motor con potencia inferior a 3.5 kW.
- c) Motos náuticas.
- d) Táboas a vela.
- e) Táboas esvaradías con motor e outros enxeños similares.
- f) Instalacións flotantes fondeadas.

4. Moto náutica: artefacto flotante, de menos de 4 metros de eslora, que utiliza un motor de combustión interna cunha bomba de chorro de auga como medio principal de

propulsión, proxectada para ser manexada por unha ou máis persoas sentadas, de pé ou de xeonllos sobre os límites dun casco e non dentro deles.

5. Lugar de abrigo: lugar en que facilmente se pode refuxiar unha embarcación e permitir a chegada á terra dos seus ocupantes.

6. Eslora: a distancia medida paralelamente á liña de flotación de referencia e ao eixe da embarcación, entre dous planos verticais perpendiculares ao plano central da embarcación, situados un na parte máis a proa dela e o outro na parte máis a popa.

Esta eslora inclúe todas as partes estruturais da embarcación e as que forman parte integrante dela, tales como rodas ou popas de madeira, de metal ou de plástico ou produtos similares, as amuradas e as xuntas, casco/cuberta, así como aquelas partes desmontables do casco que actúan como soporte hidrostático ou hidrodinámico cando a embarcación está en repouso ou navegando.

Esta eslora exclúe todas as partes móbiles que se poidan desmontar de forma non destrutiva sen afectar a integridade estrutural da embarcación, tales como paus, penois, plataformas saíntes en calquera extremo da embarcación, gornicións de proa, temóns, soportes para motores, apoios para a propulsión e as enxarcias, plataformas para mergullarse e acceder a bordo, proteccións e defensas.

Para as embarcacións con marcación CE, a eslora será a que se axuste á definición dos parágrafos anteriores entre as recollidas na declaración de conformidade na embarcación, que é a eslora do casco segundo se define na norma UNE EN-ISO 8666-2003.

7. Embarcación de motor: toda embarcación na cal un ou varios motores constitúen o sistema principal de propulsión.

8. Embarcación a vela: toda embarcación na cal un aparello de vela constitúe o seu sistema principal de propulsión.

9. Potencia máxima instalada: a potencia total do motor ou suma de motores instalados para a propulsión da embarcación, medida en quilovatios.

10. Licenza de navegación: documento emitido polas federacións de vela e motonáutica, así como polas escolas náuticas de recreo, baixo a súa responsabilidade, que habilita o interesado para o goberno de embarcacións de recreo e motos náuticas de clase C con potencia inferior a 55 CV, unha vez recibida a formación correspondente, con suxeición aos requisitos e limitacións regulados neste real decreto.

11. Título: habilitación para o goberno de embarcacións de recreo que se documenta mediante unha anotación rexistral.

12. Tarxeta: documento acreditativo da posesión dun título de recreo.

13. Escola náutica de recreo: centro de formación que ten atribuída a impartición, avaliación e certificación de calquera das prácticas básicas, cursos de formación e/ou prácticas complementarias recollidas neste real decreto.

14. Director de escola náutica de recreo: persoa responsable da dirección e desenvolvemento da actividade da escola, así como responsable da correcta e veraz emisión das licenzas de navegación que poden emitir as escolas e do referendo dos certificados que acreditan a realización das prácticas e cursos de formación impartidos na escola.

15. Instrutor de prácticas: persoa en posesión dalgunha das titulacións exixidas neste real decreto para a impartición, avaliación e certificación de calquera das prácticas básicas, cursos de formación e as prácticas complementarias recollidas neste real decreto.

16. Prácticas básicas de seguridade e navegación: prácticas obrigatorias conforme o disposto neste real decreto cuxa realización e superación supón que o aspirante a unha titulación náutica de recreo adquiriu os coñecementos prácticos básicos suficientes para navegar, de acordo coas atribucións que confire cada título.

17. Cursos de formación en radiocomunicacións: curso de formación en radiocomunicacións que habilita para a obtención do título de patrón para navegación básica e a operación da estación radio de a bordo, de acordo coas atribucións do dito título.

18. Curso de formación de radio-operador de curto alcance: curso de formación para a operación da estación radio de a bordo de acordo cos requisitos da Resolución 343 (REV. CMR-12) da Unión Internacional de Telecomunicacións.

19. Curso de formación de radio-operador de longo alcance: curso de formación para a operación da estación radio de a bordo de acordo cos requisitos da Resolución 343 (REV. CMR-12) da Unión Internacional de Telecomunicacións.

20. Prácticas de navegación a vela: prácticas complementarias de carácter voluntario, cuxa realización e superación supón a capacidade dunha persoa para navegar a vela, de acordo coas atribucións que lle confire a súa titulación.

21. Prácticas de navegación: prácticas complementarias de carácter voluntario, cuxa realización e superación habilita os posuidores do título de patrón de embarcacións de recreo a navegar entre a Península Ibérica e as illas Baleares.

22. Navegación nocturna: toda navegación que se realiza entre o ocaso e o orto.

23. Navegación diúrna: toda navegación que se realiza entre o orto e o ocaso.

Artigo 4. *Habilitacións dos títulos.*

1. Os títulos recoñecidos neste real decreto habilitan, de acordo cos requisitos e coas excepcións previstas neste real decreto, para o goberno das embarcacións de recreo e das motos náuticas abandeiradas ou rexistradas e matriculadas en España, que sexan utilizadas exclusivamente para actividades de recreo.

2. En ningún caso os títulos regulados neste real decreto habilitan para o goberno de buques de recreo, tal e como son definidos no número 2 do artigo 3 deste real decreto, nin para a realización de actividades profesionais marítimas a bordo deles.

Artigo 5. *Atribucións das titulacións profesionais e académicas.*

1. Os titulados profesionais marítimos da sección de ponte, de acordo co establecido no Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante, poderán gobernar as embarcacións de recreo, de acordo coas atribucións que lles confire o seu título profesional.

2. Os titulados profesionais marítimos da sección de ponte, de acordo co disposto no Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, poderán gobernar as embarcacións de recreo, de acordo coas atribucións que lles confire o seu título profesional.

3. Para exercer o goberno das embarcacións será necesario levar a bordo a súa tarxeta profesional en vigor.

4. Así mesmo, tendo en consideración a formación recibida, os titulados profesionais e académicos a que se fai referencia no anexo I poden acceder aos títulos de recreo regulados neste real decreto, de acordo coas condicións de validación establecidas no dito anexo.

CAPÍTULO II

Das titulacións de recreo

Artigo 6. *Títulos e licenza habilitantes.*

1. Os títulos e licenza de recreo son os seguintes:

- a) Capitán de iate.
- b) Patrón de iate.
- c) Patrón de embarcación de recreo.
- d) Patrón para a navegación básica.
- e) Licenza de navegación.

2. A licenza de navegación e os títulos de patrón para navegación básica e patrón de embarcacións de recreo poderanse obter de forma directa. Non obstante, para a obtención dos títulos de patrón de iate e capitán de iate será necesario estar en posesión do título inmediatamente inferior.

3. As tarxetas e a licenza de navegación expediranse conforme o formato recollido no anexo VII deste real decreto.

4. Os posuidores das tarxetas e da licenza regulados neste real decreto deberán levar a bordo os ditos documentos sempre que se fagan ao mar.

Artigo 7. *Atribucións dos títulos.*

Os títulos regulados neste real decreto confiren as seguintes atribucións:

- a) Atribucións de carácter básico, inherentes á consecución do título.
- b) Atribucións de carácter complementario das anteriores, para cuxa obtención será preciso cumprir os requisitos e condicións regulados nos anexos V ou VI deste real decreto.

Artigo 8. *Atribucións básicas das titulacións de recreo.*

As atribucións de carácter básico a que se refire o artigo 7.a) deste real decreto serán as seguintes:

a) Capitán de iate:

1.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 24 metros de eslora, que faculta para a navegación sen límites xeográficos.

2.º Goberno de motos náuticas, dentro dos límites específicos de navegación aplicables a estas, de acordo coas súas características técnicas.

b) Patrón de iate:

1.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela trazada a unha distancia de 150 millas náuticas.

2.º Goberno de motos náuticas, dentro dos límites específicos de navegación aplicables a estas, de acordo coas súas características técnicas.

c) Patrón de embarcacións de recreo:

1.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 15 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela, trazada a 12 millas desta.

2.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 15 metros de eslora, que faculta para a navegación entre illas dentro do arquipélago balear e canario.

3.º Goberno de motos náuticas, dentro dos límites específicos de navegación aplicables a estas, de acordo coas súas características técnicas.

d) Patrón para navegación básica:

1.º Goberno de embarcacións de recreo de motor, de ata 8 metros de eslora, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas en calquera dirección dun porto, mariña ou lugar de abrigo.

2.º Goberno de motos náuticas, dentro dos límites específicos de navegación aplicables a estas, de acordo coas súas características técnicas.

Artigo 9. *Atribucións complementarias das titulacións de recreo.*

As atribucións de carácter complementario mencionadas no artigo 7 b) deste real decreto serán as seguintes:

a) Capitán de iate: goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 24 metros de eslora, que faculta para a navegación sen límites xeográficos.

b) Patrón de iate: goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela trazada a unha distancia de 150 millas náuticas.

c) Patrón de embarcacións de recreo:

1.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 15 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela, trazada a 12 millas desta.

2.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 15 metros de eslora, que faculta para a navegación entre illas dentro do arquipélago balear e canario.

3.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela, trazada a 12 millas desta.

4.º Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 24 metros de eslora, que faculta para a navegación entre illas dentro do arquipélago balear e canario.

5.º Goberno de embarcacións de recreo a motor de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar entre a península ibérica e as illas Baleares.

6.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar na zona comprendida entre a costa e unha liña paralela a ela, trazada a 12 millas desta.

7.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 24 metros de eslora, que faculta para a navegación entre illas dentro do arquipélago balear e canario.

8.º Goberno de embarcacións de recreo a vela de ata 24 metros de eslora, que faculta para navegar entre a península ibérica e as illas Baleares.

d) Patrón para navegación básica: goberno de embarcacións de recreo a vela, de ata 8 metros de eslora, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas en calquera dirección dun porto, mariña ou lugar de abrigo.

Artigo 10. *Excepcións.*

1. Para o goberno de embarcacións de motor cunha potencia máxima de 11,26 quilovatios e ata 5 metros de eslora, as de vela ata 6 metros de eslora e os artefactos flotantes ou de praia, coa excepción das motos náuticas, non será preciso estar en posesión das titulacións reguladas neste real decreto, sempre que non se afasten máis de 2 millas náuticas dun porto, mariña ou lugar de abrigo e a actividade se realice en réxime de navegación diúrna.

Para os efectos do disposto neste punto, os interesados deberán ter feitos 18 anos de idade sen que lles sexa de aplicación o disposto no número 2 do artigo 13 deste real decreto.

2. Non será necesario cumprir cos requisitos de idade nin de titulación regulados neste real decreto para os efectos da preparación e participación en competicións marítimo-deportivas oficiais.

Artigo 11. *Licenzas expedidas polas federacións de vela e motonáutica, así como polas escolas náuticas de recreo.*

1. As federacións de vela e motonáutica e as escolas náuticas de recreo poderán expedir licenzas para o goberno de motos náuticas de clase C e embarcacións de recreo de ata 6 metros de eslora e unha potencia de motor adecuada a elas segundo o seu

fabricante, que habilitarán para a realización de navegacións diúrnas sempre que non se afasten máis de 2 millas náuticas en calquera dirección dun porto, mariña ou lugar de abrigo.

2. As licenzas a que se refire este artigo garanten que os seus titulares posúen os coñecementos mínimos necesarios para o goberno deste tipo de embarcacións e motos náuticas de clase C.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, as federacións de vela e motonáutica deberán cumprir cos mesmos requisitos exixidos no capítulo VI deste real decreto ás escolas náuticas de recreo, sen prexuízo do regulado polas comunidades autónomas que asumisen competencias nesta materia.

4. O temario de formación teórica e a formación práctica que deberán recibir os interesados para a obtención da licenza son os que figuran nos anexos II e III deste real decreto.

5. Realizada a formación teórica e práctica a que se refire o punto anterior, as federacións de vela e motonáutica e as escolas náuticas de recreo expedirán as licenzas habilitantes e poñerán este feito en coñecemento da administración competente, por medios telemáticos, para o que disporán dun prazo máximo do cinco días hábiles, contados desde a data de outorgamento da licenza.

6. No suposto de que non se proceda á comunicación obxecto do punto anterior, apercibirase a federación de vela ou motonáutica ou a escola correspondente da posible suspensión das súas actividades para outorgar as licenzas, con suxeición ao procedemento establecido no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, facendo efectiva a suspensión de non se produciren as correspondentes comunicacións nun prazo inferior a tres meses desde a recepción do apercibimento.

CAPÍTULO III

Procedemento e probas para a obtención dos títulos

Artigo 12. Requisitos para a obtención dos títulos.

Para a obtención dos títulos regulados neste real decreto, coas súas atribucións de carácter básico, será necesario superar as probas teóricas, as prácticas e os cursos de formación conforme o previsto nos anexos II, III e IV deste real decreto, e superar o recoñecemento psicofísico a que se refire o artigo 21 deste real decreto.

Para a obtención das atribucións de carácter complementario será necesario superar as prácticas a que se refiren os anexos V ou VI deste real decreto.

Artigo 13. Requisitos de idade.

1. Para obter os títulos regulados no artigo anterior, así como a licenza de navegación expedida polas escolas náuticas de recreo e polas federacións de vela e motonáutica, o interesado deberá ter feitos 18 anos de idade no momento en que realice as probas para a súa obtención.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os menores de idade que fixesen os 16 anos no momento da realización das probas poderán obter a licenza de navegación e o título de patrón para navegación básica, sempre que acrediten, mediante a súa presentación por escrito, o consentimento dos seus pais ou tutores e superen os requisitos teóricos e prácticos exixidos neste real decreto.

Artigo 14. Convocatoria das probas teóricas.

1. Os órganos administrativos competentes convocarán, organizarán e resolverán os exames para a obtención dos títulos regulados neste real decreto, con suxeición ao disposto no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. As actuacións que se deben seguir nos exames teóricos convocados polo director xeral da Mariña Mercante no ámbito correspondente ás comunidades autónomas que non asumiron o exercicio efectivo de competencias en materia de ensinanzas náutico-deportivas serán as seguintes:

- a) O director xeral da Mariña Mercante establecerá anualmente o número de convocatorias ordinarias para cada titulación.
- b) Así mesmo, o director xeral da Mariña Mercante poderá establecer convocatorias extraordinarias, en función da demanda dos interesados ou por calquera condición obxectiva que conorra en cada caso.
- c) Para cada convocatoria constituirase un tribunal de exames, integrado por un número de vogais comprendido entre dous e cinco en función do título obxecto da convocatoria e o número de candidatos previstos, que se someterá nas súas actuacións ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- d) O secretario do tribunal será un funcionario da Administración xeral do Estado.
- e) Os vogais serán persoal ao servizo da Administración pública, con titulación profesional marítima ou académica adecuada ao título obxecto da convocatoria.
- f) En todas as convocatorias se nomeará un tribunal suplente.
- g) Os membros dos tribunais terán dereito a percibir as indemnizacións que procedan de acordo co disposto na lexislación vixente.
- h) Na resolución pola cal se convoquen as probas deberá facerse constar como mínimo a titulación obxecto da convocatoria, a localidade e a data das probas e a documentación que ten que presentar o interesado.

3. Os candidatos solicitarán a súa admisión a exame, mediante solicitude dirixida ao director xeral da Mariña Mercante, xunto coa documentación que se requira na convocatoria, preferentemente a través de medios telemáticos.

Artigo 15. Regras xerais sobre a realización das prácticas e dos cursos de formación.

1. As prácticas básicas de seguridade e navegación a que se refire este real decreto son de carácter obrigatorio e a súa superación será requisito imprescindible para a obtención do título correspondente.

2. As prácticas básicas, as complementarias e os cursos de formación deberán impartilas as escolas náuticas de recreo, sen prexuízo de que as administracións con competencias transferidas poidan convocar exames prácticos substitutivos das ditas prácticas, os cales deberán, se é o caso, avaliar a totalidade do contido formativo recollido nos anexos III, IV, V e VI deste real decreto.

3. As federacións de vela e motonáutica poderán, así mesmo, impartir as prácticas básicas, complementarias e os cursos de formación relacionados co título de patrón para a navegación básica e a licenza de navegación, sempre e cando as federacións de vela e motonáutica cumpran cos mesmos requisitos exixidos no capítulo VI deste real decreto ás escolas náuticas de recreo.

4. Coa excepción das prácticas de seguridade e navegación para a obtención da licenza de navegación e do título de patrón para navegación básica, así como as prácticas complementarias de vela, que se poderán realizar en augas interiores, as prácticas regulamentarias desenvolveranse sempre en augas marítimas.

5. Utilizaranse as instalacións e embarcacións de que dispoñan as escolas ou federacións, en canto que para os cursos de radiocomunicacións recollidos no anexo IV se utilizarán simuladores de radiocomunicacións homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, así como calquera outro equipamento adicional necesario para a correcta impartición das prácticas e dos cursos de formación.

6. As prácticas e cursos de formación realizaraos un instructor responsable da súa impartición conforme o previsto neste real decreto. O director da escola náutica de recreo, ou o seu equivalente nas federacións de vela e motonáutica, poderá impartir as prácticas sempre e cando dispoña da titulación exixida para tal fin neste real decreto.

7. Tanto a superación das prácticas como os cursos de formación, de acordo cos criterios de avaliación especificados nos anexos III, IV, V e VI deste real decreto, comportarán a extensión do certificado pertinente do instrutor co referendo do director da escola ou o seu equivalente nas federacións de vela e motonáutica.

8. O número máximo de alumnos que poderá participar conxuntamente en cada práctica ou curso de formación será de oito persoas, salvo as excepcións previstas nos anexos III, IV, V e VI deste real decreto. Non obstante, o instrutor poderá, por razóns operativas, aumentar o número de alumnos sen que, en ningún caso, o número total de persoas embarcadas, incluídos instrutores, tripulación, de ser o caso, e aspirantes, poida ser superior ao indicado no certificado de navegabilidade da embarcación. Tampouco poderán embarcar persoas alleas á realización das prácticas ou da súa supervisión.

No caso concreto dos cursos de formación en radiocomunicacións, radio-operador de curto alcance e radiooperador de longo alcance permitírase un máximo de dous alumnos por posto de simulador homologado de radiocomunicacións e un máximo de catro postos por simulador.

9. Permitírase unicamente a formación de grupos mixtos de alumnos para a impartición dos cursos de radiooperador de curto e longo alcance, e deberán respectarse, en calquera caso, os contidos e requisitos específicos para cada curso.

10. Finalizada cada unha das prácticas en que se utilicen embarcacións, descargaranse os datos do equipamento AIS que estas embarcacións deben levar a bordo e manterase un rexistro dixital delas.

11. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as escolas e federacións deberán levar un rexistro en que se fará constar para cada embarcación as navegacións realizadas por cada aspirante, as prácticas e os cursos de formación realizados en relación co título e coas atribucións que se pretenda obter, o lugar ou lugares, datas e horas detalladas de realización das ditas prácticas e cursos, e copia da certificación que lle corresponda emitir á escola ou federación, de ser o caso.

Ao rexistro, en relación con cada práctica e curso de formación, deberase incorporar o nome, os apelidos, o DNI/NIE/pasaporte e a sinatura do director da escola, ou o seu equivalente nas federacións de vela e motonáutica, o instrutor correspondente e o alumno.

12. A dirección da escola e das federacións, unha vez referendadas as certificacións, procederá á súa entrega aos alumnos titulares delas.

Artigo 16. *Obrigacións de comunicación previa á realización das prácticas e cursos de formación.*

As escolas náuticas de recreo e as federacións de vela e motonáutica enviarán á administración competente, cunha antelación mínima de 48 horas á realización das prácticas regulamentarias e por medios telemáticos, a seguinte información:

a) Tipo de práctica ou curso que se vai realizar, titulación correspondente, nome e matrícula da embarcación de prácticas, porto de saída ou lugar en que se levarán a cabo e nome e DNI/NIE/pasaporte do instrutor responsable delas, así como relación dos nomes, apelidos e identificación (DNI/NIE/pasaporte) dos asistentes.

b) No suposto de se realizaren de forma combinada diferentes tipos de prácticas regulamentarias, especificarase así na comunicación.

Artigo 17. *Obrigacións de comunicación tras a realización das prácticas e dos cursos de formación.*

Unha vez realizadas as prácticas ou os cursos de formación, as escolas náuticas de recreo e as federacións, de ser o caso, comunicarán por medios telemáticos á administración competente a súa realización, no prazo máximo de 10 días hábiles tras o seu remate. Sinalaranse o tipo de prácticas ou cursos realizados, o nome e a matrícula da embarcación de prácticas, o porto de saída ou o lugar en que se levaron a cabo e o

nome e DNI/NIE/pasaporte do instrutor responsable delas, así como a relación dos nomes, apelidos e identificación (DNI/NIE/pasaporte) dos asistentes que superasen as prácticas.

Artigo 18. *Cursos de formación de radiooperador.*

1. O curso de radiooperador de curto alcance será de carácter obrigatorio, e a súa superación será requisito imprescindible para a obtención dos títulos de patrón de embarcacións de recreo, patrón de iate e capitán de iate coas súas atribucións básicas.

2. A superación do curso de radiooperador de curto alcance non será obrigatoria para a obtención do título de patrón para a navegación básica. Non obstante, no caso de que se obtivese, habilitará tamén para a súa expedición e non será necesario realizar a formación específica obrigatoria en radiocomunicacións para a obtención do título de patrón para navegación básica.

3. Unha vez superado o curso de radiooperador de curto alcance, non será necesario repetilo para a obtención de calquera outra titulación establecida neste real decreto.

4. O curso de radiooperador de longo alcance será de carácter opcional e será válido para a obtención das titulacións deste real decreto, sen que nese caso sexa preciso realizar a formación específica obrigatoria en radiocomunicacións para cada título

Unha vez superado o dito curso e obtida a titulación correspondente, non será necesario repetilo novamente para a obtención de calquera outra titulación das establecidas neste real decreto.

5. Para a obtención do título de patrón para a navegación básica será necesario superar un curso de formación en radiocomunicacións, segundo o disposto no anexo IV deste real decreto.

6. As escolas e as federacións que impartan os cursos obxecto deste artigo deberán cumprir as obrigacións de comunicación previa e comunicación posterior á realización do curso reguladas nos artigos 16 e 17 deste real decreto.

Artigo 19. *Prácticas regulamentarias de navegación a vela.*

1. As prácticas regulamentarias de navegación a vela non serán obrigatorias para a obtención das titulacións reguladas neste real decreto, pero a súa realización e superación será obrigatoria para obter as atribucións complementarias de vela.

2. Estas prácticas rexeranse polo disposto no anexo V deste real decreto, realizaranse unha soa vez e serán válidas para calquera dos títulos náuticos de recreo regulados neste real decreto.

3. As escolas e as federacións que impartan os cursos obxecto deste artigo deberán cumprir as obrigacións de comunicación previa e comunicación posterior á realización das prácticas reguladas nos artigos 16 e 17 deste real decreto.

Artigo 20. *Certificación das prácticas.*

1. Os certificados das prácticas presentados para a expedición dos títulos correspondentes levarán o visado da comunidade autónoma en que se realizaron cando se certificase nunha comunidade autónoma con competencias transferidas en náutica de recreo e deban presentarse ante outra comunidade autónoma tamén con competencias transferidas ou ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. Os certificados das prácticas expedidos dentro do ámbito de competencias da Dirección Xeral da Mariña Mercante que se deban presentar ante unha comunidade autónoma con competencias transferidas en náutica de recreo para a expedición do título correspondente levarán o visado da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. Tanto o visado das comunidades autónomas con competencias transferidas en náutica de recreo como o da Dirección Xeral da Mariña Mercante non eximen o instrutor das prácticas, ou o director da escola náutica de recreo, da súa responsabilidade na

correcta impartición e certificación destas nin da imposición das medidas reguladas pola lexislación vixente en caso de se detectar algún tipo de incumprimento ou irregularidade na impartición ou certificación das prácticas. Este visado é unha simple confirmación de que o instructor e a escola náutica de recreo están recoñecidos de acordo coa lexislación vixente para a impartición e certificación das prácticas de cara á súa aceptación por outra comunidade autónoma ou pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

4. As prácticas realizadas en calquera comunidade autónoma serán aceptadas no resto de comunidades.

5. O modelo para a certificación das prácticas utilizado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante será o contido no anexo III deste real decreto. As comunidades autónomas que asumisen competencias en materia de ensinanzas náutico-deportivas e non utilicen este modelo publicarán o que para o efecto establezan, que deberán comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante e ás outras comunidades autónomas para o seu coñecemento e efectos correspondentes.

CAPÍTULO IV

Recoñecemento psicofísicos

Artigo 21. *Recoñecementos psicofísicos.*

1. Para obter os títulos regulados neste real decreto e a licenza de navegación expedida polas escolas náuticas de recreo e polas federacións de vela e motonáutica, deberase superar un recoñecemento psicofísico, conforme os requisitos exixidos no anexo VIII deste real decreto.

2. O informe de aptitude psicofísica deberá estar en vigor e presentalo o interesado no momento de solicitar a tarxeta habilitante correspondente. A vixencia do citado informe será de dous anos contados desde o momento da súa expedición.

3. Se se produce unha modificación das condicións psicofísicas, de forma que esta poida afectar as condicións para o goberno das embarcacións de recreo, o interesado, quer por si mesmo quer por instancia da Administración competente, deberá realizar un novo recoñecemento psicofísico e presentar ante esta o novo informe de aptitude psicofísica no prazo de tres meses.

4. No caso de que o informe de aptitude psicofísica implique a inaptitude para o goberno das embarcacións de recreo, producirase a caducidade do título, sen prexuízo do disposto no punto seguinte deste artigo.

5. Se no informe de aptitude psicofísica se determina a situación de apto condicionada a determinadas condicións psicofísicas para o goberno das embarcacións de recreo, utilización de próteses ou adaptacións da embarcación, a Administración competente, para os efectos de garantir a seguridade da navegación e da vida humana no mar, manterá a validez do título obtido ou limitará as atribucións deste en relación co contido do informe de aptitude.

Artigo 22. *Realización dos recoñecementos psicofísicos.*

1. A acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de recreo será realizada polos centros de recoñecemento de condutores (en diante CRC), de maneira análoga aos condutores de permisos ordinarios (non profesionais) para vehículos terrestres de motor.

2. Os CRC comunicarán ao correo electrónico da Dirección Xeral da Mariña Mercante (psicofisico.dgmm@fomento.es), ou por aquel medio telemático determinado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante que poida substituír o dito correo electrónico, que coñecen este real decreto, que o acatan e que realizarán os recoñecementos, informes e comunicados de acordo co que nel se establece. Na comunicación indícarase o nome do centro, a súa localización, o seu titular, o teléfono, o correo electrónico e o número de inscrición no rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

3. Se o interesado dispón dun certificado de recoñecemento médico de embarque marítimo expedido polo Instituto Social da Mariña en vigor, poderá acreditar a aptitude psicofísica prevista no anexo VIII deste real decreto mediante a presentación dunha fotocopia compulsada. No caso de solicitantes militares, esta actitude poderase acreditar mediante a presentación de certificados expedidos por médicos militares.

4. Os CRC deben confeccionar unha historia clínica, na cal se anotarán os resultados das exploracións, de acordo co cadro de enfermidades e deficiencias que son causa de denegación ou de establecemento de adaptacións na embarcación ou de condicións restritivas para a navegación do número 1 do anexo VIII, que será asinada por cada facultativo co seu informe parcial. Á vista destes resultados, o director do CRC emitirá o informe de aptitude ou non, segundo proceda, nun impreso axustado ao modelo oficial do número 2 do anexo VIII, que levará unha fotografía recente do interesado, sobre a cal se estamparán a sinatura do director e o selo do centro.

5. No suposto de que se produza unha discrepancia entre dous centros, esta será dirimida de maneira análoga á establecida para os condutores de vehículos terrestres de motor, ben pola autoridade sanitaria provincial ben, se é o caso, por un terceiro centro designado para o efecto pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

6. En cada expediente, que deberá ir numerado correlativamente comezando co número 1 ao inicio de cada ano natural en que constan os datos do demandante (filiación, DNI/NIE/pasaporte, domicilio, data de nacemento, sexo e tipo de permiso), incluírase a autodeclaración do demandante recollida no número 3 do anexo VIII, en que manifieste a veracidade acerca do seu estado de saúde e non ter ocultado a existencia de enfermidades ou deficiencias, á vez que presta o seu consentimento para a realización das probas e exploracións pertinentes.

7. Non será necesaria a realización dun novo recoñecemento para aqueles cidadáns que acrediten que non pasaron máis de dous anos desde a data de obtención ou renovación do seu permiso de conducir vehículos terrestres de motor en vigor, para o que presentarán unha copia do citado permiso.

8. Non obstante o anterior, será necesaria unha revisión da visión ocular para os efectos de diferenciar as cores, especialmente o verde e o vermello, que se deberá realizar nun CRC.

CAPÍTULO V

Da documentación, do rexistro e do control

Artigo 23. *Outorgamento dos títulos e expedición das tarxetas.*

1. Aprobado o exame teórico convocado pola administración competente e superadas as prácticas básicas e o curso de formación para operar os equipamentos de radiocomunicacións correspondente, a administración convocante do exame teórico, logo de solicitude do interesado e do pagamento das taxas correspondentes á tarifa terceira do número cinco do artigo 17 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, procederá á realización da anotación rexistral constitutiva do título e á expedición da tarxeta.

2. A tarxeta, expedida en formato recollido no anexo VII deste real decreto, é o documento acreditativo de que o seu posuidor obtivo a titulación que o faculta para o goberno das embarcacións de recreo.

O patrón da embarcación, sempre que se faga ao mar, deberá estar en posesión da tarxeta en vigor que debe levar a bordo e, en caso contrario e de ser solicitado pola autoridade competente, dispoñerá de cinco días hábiles para presentala ante a dita autoridade.

3. O prazo máximo para proceder a esta solicitude será de 24 meses, contados desde a data en que se publicasen as notas definitivas ou se superasen as prácticas básicas ou se realizase o curso de formación en radiocomunicacións oportuno. A superación do dito prazo implicará o decaemento nos dereitos do interesado e a

necesidade de aprobar un novo exame teórico, así como superar as prácticas básicas e o curso de formación en radiocomunicacións correspondente.

4. Os prazos anteriormente fixados non se aplicarán á realización das prácticas que dean lugar ao outorgamento das atribucións complementarias, con independencia de que a solicitude de anotación á administración competente deba facerse nun prazo máximo de dous anos desde a súa realización. En caso contrario perderá a súa validez.

5. Entenderase que as prácticas foron superadas o día en que se dean por concluídas e non o da data de emisión do certificado correspondente.

Artigo 24. *Requisitos de solicitude das tarxetas.*

A solicitude das tarxetas expedidas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante presentárase preferentemente por medios telemáticos, irá dirixida ao director xeral da Mariña Mercante e incluírá a xustificación documental do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Aboamento das taxas polos dereitos de expedición da tarxeta, conforme o previsto no punto 1, tarifa cuarta, do número cinco do artigo 17 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- b) Certificado de superación das prácticas e cursos correspondentes.
- c) Informe de aptitude psicofísica de acordo co artigo 21 deste real decreto.

Artigo 25. *Autorizacións para navegar durante a tramitación dos expedientes.*

1. Os solicitantes das tarxetas poderán gobernar embarcacións de recreo dentro do ámbito das súas atribucións, limitando a navegación ás augas territoriais españolas ata que se produzan os actos administrativos precisos para a expedición, renovación ou validación dos títulos recollidos neste real decreto, durante un período máximo de tres meses contados a partir da data de presentación da solicitude da dita tramitación.

2. Para efectos do previsto no punto anterior e durante o prazo citado, deberase levar a bordo copia cotexada da solicitude.

Artigo 26. *Validez dos títulos e tarxetas.*

1. Os títulos regulados neste real decreto non están suxeitos a caducidade, sen prexuízo de que, unha vez en posesión de calquera deles, os de inferior rango queden anulados.

2. As tarxetas terán un período de validez de 10 anos. Transcorridos estes deberase solicitar a súa renovación, por medios preferentemente telemáticos. Así mesmo, cando os solicitantes cumprisen a idade de 70 anos, a renovación da tarxeta deberá solicitarse cada cinco anos.

3. Así mesmo, procederá a renovación, nos termos previstos no parágrafo anterior, cando se produzan os supostos de perda, deterioración, roubo, cambio de datos persoais ou modificación das atribucións das tarxetas.

4. Para a renovación das tarxetas será preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Para os supostos de transcurso dos prazos a que se refire o número 2 deste artigo, á solicitude da renovación deberá xuntarse xustificante do aboamento das taxas obxecto da letra a) do artigo 24 deste real decreto e o informe de aptitude psicofísica a que se refire a letra c) do citado artigo 24.

b) Nos casos de perda, a solicitude deberá ir acompañada de declaración xurada e do xustificante do aboamento das taxas a que se refire a letra a) do artigo 24 deste real decreto.

c) Se a renovación obedece a deterioración da tarxeta, xunto coa solicitude será preciso presentar a tarxeta deteriorada e o aboamento das taxas obxecto da letra a) do artigo 24 deste real decreto.

d) Cando a renovación se deba a un suposto de roubo, á solicitude deberá xuntarse copia do escrito de denuncia e xustificante do aboamento das taxas obxecto da letra a) do artigo 24 deste real decreto.

e) Se a renovación se produce por cambio dos datos persoais, a solicitude deberá ir acompañada do xustificante do aboamento das taxas exixidas pola letra a) do artigo 24 deste real decreto.

f) No suposto de renovación por cambio de atribucións, a solicitude deberá ir acompañada do certificado de prácticas ou cursos precisos para a obtención das novas atribucións e xustificante do pagamento das taxas anteriormente citadas.

5. Para os residentes no estranxeiro que queiran renovar as tarxetas expedidas conforme o disposto neste real decreto, o informe de aptitude psicofísica poderá ser expedido por un facultativo do país de residencia.

6. A solicitude de renovación efectuarase ante a administración que expediu o título orixinal.

Artigo 27. *Validación dos títulos.*

1. No caso de que proceda a validación dalgún dos títulos regulados por este real decreto de acordo co previsto no seu anexo I, o interesado deberá solicitala á administración competente, por medios preferentemente telemáticos, e presentar a seguinte documentación cando a validación corresponda efectualá á Dirección Xeral da Mariña Mercante:

- a) A documentación a que se refiren as letras a) e c) do artigo 24 deste real decreto.
- b) Fotocopia do título académico, profesional, da tarxeta profesional ou, de ser o caso, da certificación emitida pola Dirección de Ensino Naval da Armada.

2. Este último requisito non será de aplicación aos mariños civís profesionais cuxos títulos fosen expedidos pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cando soliciten a validación ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. É condición obrigada estar en posesión do título do cal emana a validación e non se permitirán validacións subxectivas derivadas dunha demostración parcial da suficiencia requirida.

Artigo 28. *Coordinación de rexistros administrativos.*

Os órganos administrativos responsables da expedición dos títulos regulados nesta orde levarán un rexistro destes, de forma que permita a súa consulta por parte das restantes administracións públicas competentes na materia, para os efectos de facilitarlles ás ditas administracións a información, cooperación e asistencia que precisen no ámbito deste real decreto, de conformidade co previsto no artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO VI

Das actividades de formación

Artigo 29. *Requisitos das escolas e federacións no ámbito das comunidades autónomas que non asumiron competencias en materia de ensinanzas náutico-deportivas e federacións de vela e motonáutica.*

1. Para garantir a consecución dos obxectivos de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar, as escolas situadas en comunidades autónomas que non asumisen competencias en materia de ensinanzas náutico-deportivas e as federacións de vela e motonáutica que desexen desenvolver algunha das actividades de

formación reguladas neste real decreto deberán cumprir, desde o comezo da súa actividade, os seguintes requisitos:

a) Dispoñer, debidamente homologado, de todo o equipamento necesario para realizar as prácticas e os cursos correspondentes ás ensinanzas e probas que se vaian impartir e desenvolver. As embarcacións utilizadas para a realización das prácticas deberán cumprir cos requisitos exixidos no artigo 33 deste real decreto e dispoñer do correspondente certificado de navegabilidade.

b) Os instrutores e o persoal que impartan as clases e cursos de formación deberán estar en posesión das titulacións exixidas neste real decreto.

c) Acreditar, mediante o xustificante de pagamento da prima correspondente, que se ten subscrito e se encontra en vigor un seguro obrigatorio de responsabilidade civil para embarcacións de recreo, exixido no Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas.

Ademais, as embarcacións destinadas á realización das prácticas deberán ter subscrita unha póliza de seguro con cobertura suficiente respecto ao risco de accidentes que poidan afectar os alumnos embarcados.

d) Presentarlle á Dirección Xeral da Mariña Mercante declaración responsable nos termos previstos no artigo 30 con antelación ao inicio das actividades.

2. A falta de renovación do seguro por parte das entidades aseguradoras supoñerá a paralización inmediata da actividade que desenvolvan as escolas náuticas de recreo e as federacións de vela e motonáutica, logo da instrución do correspondente expediente, conforme as normas procedementais previstas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 30. *Declaración responsable previa ao inicio das actividades.*

A declaración responsable a que se refire a letra d) do artigo anterior efectuarase por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e faranse constar nela os seguintes datos:

- a) Denominación e domicilio da escola.
- b) Identificación do seu titular, do seu representante no caso de que a escola sexa unha persoa xurídica e o número de identificación fiscal (NIF) no último dos supostos mencionados.
- c) Relación das ensinanzas que se van impartir.
- d) Relación nominativa comprensiva do director da escola, ou o seu equivalente nas federacións de vela e motonáutica e dos instrutores e demais persoal docente, facendo constar as titulacións que posúan e os cargos e actividades que van desempeñar.
- e) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos previstos no artigo anterior.

Artigo 31. *Requisitos de titulación do persoal das escolas náuticas de recreo.*

Os instrutores das escolas que impartan prácticas ou cursos de formación no ámbito de comunidades autónomas que non asumisen competencias en náutica de recreo deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

1. Para poder impartir as prácticas regulamentarias de seguridade e navegación:

a) Capitán e patrón de iate: capitán da mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura ou oficiais do corpo xeral da Armada española.

b) Patrón de embarcacións de recreo (PER), patrón para navegación básica (PNB) e licenza de navegación (incluídas as horas de formación teórica da licenza): capitán da

mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura, patrón de cabotaxe, patrón de litoral, patrón de primeira clase de pesca litoral, oficiais do corpo xeral da Armada española, patrón profesional de embarcacións de recreo, oficiais do servizo marítimo da Garda Civil habilitados como patrón de buque oceánico do corpo ou técnico deportivo superior en vela con aparello fixo. Os técnicos deportivos en vela con aparello fixo poderán impartir as prácticas correspondentes ao patrón para navegación básica (PNB) e licenza de navegación.

2. Para poder impartir os cursos de formación en radiocomunicacións:

a) Radio-operador de curto alcance e longo alcance: oficial radioelectrónico de primeira ou de segunda clase da mariña mercante ou ben estar en posesión do título de operador xeral do sistema mundial de socorro e seguridade marítima ademais do de capitán da mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura, patrón de cabotaxe, patrón de litoral, patrón de primeira clase de pesca litoral, oficiais do corpo xeral da Armada española, patrón profesional de embarcacións de recreo, oficiais do servizo marítimo da Garda Civil habilitados como patrón de buque oceánico do corpo ou técnico deportivo superior en vela con aparello fixo.

b) Curso de formación en radiocomunicacións para patrón de navegación básica: oficial radioelectrónico de primeira ou de segunda clase da mariña mercante ou ben estar en posesión do título de operador restrinxido do sistema mundial de socorro e seguridade marítima ademais do de capitán da mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura, patrón de cabotaxe, patrón de litoral, patrón de primeira clase de pesca litoral, oficiais do corpo xeral da Armada española, patrón profesional de embarcacións de recreo, oficiais do servizo marítimo da Garda Civil habilitados como patrón de buque oceánico do corpo ou técnico deportivo superior en vela con aparello fixo.

3. Para poder impartir as prácticas regulamentarias de navegación a vela: capitán da mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura, patrón de cabotaxe, patrón de litoral, patrón de primeira clase de pesca litoral, oficiais do corpo xeral da Armada española, patrón profesional de embarcacións de recreo, técnico deportivo superior en vela con aparello fixo ou técnico deportivo en vela con aparello fixo.

4. Para poder impartir as prácticas regulamentarias de navegación: capitán da mariña mercante, piloto de primeira clase da mariña mercante, piloto de segunda clase da mariña mercante, patrón maior de cabotaxe, capitán de pesca, patrón de altura, patrón de pesca de altura, patrón de cabotaxe, patrón de litoral, patrón de primeira clase de pesca litoral, oficiais do corpo xeral da Armada española ou patrón profesional de embarcacións de recreo.

5. Os puntos anteriores serán tamén de aplicación aos cidadáns de estados membros da Unión Europea, sempre que estean en posesión de titulacións equivalentes ás citadas nos puntos anteriores, expedidas por aqueles.

Artigo 32. Normas especiais para as escolas e federacións situadas en comunidades autónomas con competencias en materia de ensino náutico-deportivas.

Sen prexuízo das normas que establecen as comunidades autónomas con competencia no ámbito das ensinanzas náutico-deportivas para os efectos de garantir o cumprimento dos principios de seguridade marítima, da navegación e da vida no mar, as

citadas administracións públicas deberán asegurarse de que as escolas situadas nelas cumpran os requisitos seguintes:

1.º Os instrutores deberán estar en posesión das titulacións obxecto do artigo anterior.

2.º Os directores das escolas, ou o seu equivalente nas federacións de vela e motonáutica, deberán acreditar que dispoñen de todo o equipamento necesario para realizar as prácticas e os cursos correspondentes ás ensinanzas e ás probas que impartan e desenvolvan, debidamente homologados e, no caso das embarcacións, amparadas polo certificado de navegabilidade.

Artigo 33. *Das embarcacións das escolas.*

1. Por razóns de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar, as embarcacións designadas para as prácticas deberán ser embarcacións de recreo cunhas esloras mínimas de 6 metros para as prácticas precisas para a obtención dos títulos de patrón para navegación básica e patrón de embarcacións de recreo, e de 11,50 metros para as dedicadas ás prácticas para a obtención dos títulos de patrón de iate e capitán de iate, sen que se poidan utilizar embarcacións de vela lixeira ou pneumática. Poderanse utilizar unicamente embarcacións semirríxidas, cunha eslora mínima de 4,5 metros, para a impartición das prácticas correspondentes á licenza de navegación.

2. As embarcacións designadas para as prácticas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

1.º Para a realización das prácticas destinadas a obter a licenza de navegación, as embarcacións de prácticas estarán equipadas, ademais de con todo aquel material necesario para a correcta impartición das prácticas, como mínimo de acordo coas exixencias da zona 5 de navegación. Adicionalmente, levarán a bordo un equipamento AIS tipo «B» con capacidade de extracción e exportación de datos, sonda e as bandeiras «A», «C» e «N» do código internacional de sinais.

2.º Para a realización das prácticas destinadas a obter as titulacións de patrón de embarcacións de recreo e patrón para navegación básica, as embarcacións de prácticas estarán equipadas, ademais de con todo aquel material necesario para a correcta impartición das prácticas, como mínimo de acordo coas exixencias da zona 4 de navegación. Adicionalmente, levarán a bordo un equipo AIS tipo «B» con capacidade de extracción e exportación de datos, sonda, corredeira, unha áncora de capa, catro arneses de seguridade, compás de puntas, transportador, regra de 40 cm e as bandeiras «A», «C» e «N» do código internacional de sinais.

3.º Para a realización das prácticas destinadas a obter as titulacións de capitán de iate e patrón de iate, así como para a realización das prácticas regulamentarias de navegación, as embarcacións de prácticas estarán equipadas, ademais de con todo aquel material necesario para a correcta impartición das prácticas, como mínimo de acordo coas exixencias da zona 2 de navegación. Adicionalmente, levarán a bordo un equipo AIS tipo «B» con capacidade de extracción e exportación de datos, sonda, corredeira, un radar, unha áncora de capa, arneses de seguridade para todas aquelas persoas que simultaneamente poidan estar de garda en cuberta e a bandeira «A» do código internacional de sinais. Aquelas embarcacións en que se impartan as prácticas regulamentarias para a obtención do título de capitán de iate dispoñerán, ademais, de dous sextantes, un cronómetro mariño, almanaque náutico do ano en curso en calquera formato e diario de navegación.

4.º As embarcacións destinadas á impartición das prácticas de navegación a vela dispoñerán, como mínimo, do equipamento náutico e do aparello de vela adecuado para cubrir todos os aspectos formativos exixidos no anexo V deste real decreto.

CAPÍTULO VII

Réxime de inspeccións, infraccións e sanciónsArtigo 34. *Actuacións de inspección.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante realizará as inspeccións necesarias co obxecto de comprobar a veracidade da información achegada e o cumprimento dos requisitos exixidos neste real decreto.

2. No caso de que se comprabe a inexactitude ou o incumprimento dos requisitos ou se modifiquen as actividades das escolas ou das federacións de vela e motonáutica de forma substancial durante o seu funcionamento, a Dirección Xeral da Mariña Mercante suspenderá provisionalmente a actividade das escolas ou das federacións ata que estas emenden as causas que deron lugar á adopción desta medida e incoará, se é o caso, o correspondente procedemento sancionador, de acordo co previsto no título IV do libro terceiro do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

3. A suspensión a que se refire o punto anterior elevarase a definitiva cando así se impoña como medida accesoria da sanción que, se é o caso, recaia como resultado do expediente sancionador ou ben cando a escola non emende as causas que deron lugar á suspensión.

Artigo 35. *Réxime sancionador.*

As infraccións e sancións que procedan en relación coas actividades previstas neste real decreto rexeranse polo disposto no título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, polo establecido no título IX da Lei 30/1992, así como polo recollido nos correspondentes regulamentos sobre procedemento sancionador, desenvolvidos tanto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, como no anexo II do Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan determinados procedementos administrativos en materia de transportes e estradas á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Goberno de embarcacións da lista oitava con titulacións de recreo.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través das capitanías marítimas competentes por razón do seu ámbito funcional, poderá autorizar os posuidores dos títulos obxecto deste real decreto para o goberno de embarcacións inscritas na lista oitava do artigo 4 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se regula o abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, sempre que as embarcacións estean adscritas a organismos, asociacións, entidades públicas ou organizacións humanitarias sen ánimo de lucro e realicen actividades exclusivamente de carácter humanitario, científico, salvamento e seguridade da vida humana no mar ou outros de natureza similar.

2. A solicitude poderaa presentar por calquera dos medios admitidos polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a entidade, persoa que a represente ou o posuidor do título, e deberá xuntarse a ela a seguinte documentación:

- a) Nome, datos persoais e título náutico de recreo de quen se solicite a autorización.
- b) Descrición das embarcacións que poderán gobernar, incluído o número de matrícula, as características e as actividades a que se vai destinar.

3. O capitán marítimo, unha vez recibida a solicitude, procederá ao exame dos documentos e, no caso de ausencia dalgún dos elementos da documentación, outorgará un prazo de dez días para emendar as deficiencias observadas.

4. O prazo para a resolución será de 15 días hábiles e, en caso do silencio administrativo, este estimarase positivo.

5. As autorizacións obxecto da resolución terán validez polo período de tempo en que o solicitante preste servizos coa entidade para a cal realice as súas actividades.

6. Contra a resolución do capitán marítimo poderase interpoñer recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante.

Disposición adicional segunda. *Autorizacións para persoas con discapacidade.*

1. As persoas con discapacidade que estean en posesión de titulacións de recreo poderán gobernar aquelas embarcacións para as cales as faculte a titulación, sempre que as embarcacións fosen adaptadas en relación coa súa discapacidade, permitindo o goberno destas en condicións que garantan o cumprimento das normas de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar.

2. As embarcacións adaptadas polos fabricantes á discapacidade das persoas que as vaian gobernar, independentemente de que contén coa marcación CE, serán sometidas a unha inspección inicial por parte da Dirección Xeral da Mariña Mercante para comprobar a súa idoneidade este real decreto para a seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar.

3. As embarcacións que experimenten obras de reforma para a súa adaptación á discapacidade das persoas que as gobernen, realizadas por un taller distinto do fabricante da embarcación, someteranse a un recoñecemento adicional dunha entidade colaboradora para comprobar a súa idoneidade respecto da seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar.

Disposición adicional terceira. *Alugamento de embarcacións de recreo españolas.*

1. As embarcacións de recreo españolas poderanse alugar a calquera persoa física sempre que esta dispoña dun título de recreo ou dun certificado habilitante en vigor, que poderá exercer o goberno das ditas embarcacións dentro das atribucións que o título ou o certificado lle confiran, o cal deberá estar expedido polo país da súa nacionalidade ou o da súa residencia e sempre que este pertenza ao Espazo Económico Europeo ou estean recollidos no anexo IX deste real decreto.

2. No suposto de expedición polo país de residencia, esta deberase acreditar no país outorgante do título no momento da expedición deste, para o cal o interesado deberá presentar calquera documento que en dereito xustifique a residencia e, en concreto, para os cidadáns españois, de acordo co disposto no artigo 2 do Real decreto 3425/2000, do 15 de decembro, sobre inscrición de cidadáns españois nos rexistros de matrícula de oficinas consulares no estranxeiro.

3. As embarcacións españolas tamén se poderán alugar, sen tripulación e para a navegación de recreo, a cidadáns en posesión dun título profesional en vigor expedido por un país asinante do Convenio STCW, segundo os requisitos do seu capítulo II, sen que en ningún caso se poidan exceder as atribucións que lles outorga o título profesional.

Disposición adicional cuarta. *Autorización de titulacións estranxeiras.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través das capitanías marítimas, autorizará os cidadáns do Espazo Económico Europeo, así como aqueles dos países recoñecidos no anexo IX deste real decreto, para o goberno de embarcacións de recreo de pavillón español, sempre que dispoñan dun título de recreo expedido polo país da súa nacionalidade ou polo da súa residencia, que tamén deberá pertencer ao dito espazo ou ser dos recoñecidos no anexo IX deste real decreto; con suxeición aos requisitos a que se fai referencia na disposición adicional terceira deste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Exixencia de titulación para o goberno de embarcacións de recreo abandeiradas noutros Estados.*

1. Toda persoa que governe unha embarcación de recreo, abandeirada noutros Estados, que navegue por augas nas cales España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, deberá estar en posesión dunha titulación que a habilite para realizar esta navegación.

2. Para os efectos previstos no punto anterior a titulación exixible, naqueles casos en que a nacionalidade do patrón coincida coa do pavillón da embarcación, será a requirida de acordo coa lexislación do país de nacionalidade do patrón; e para os casos en que non coincidan ambas as nacionalidades, a titulación será aquela requirida pola lexislación do país de residencia do patrón ou, no seu defecto, a da súa nacionalidade.

3. A acreditación da residencia para os españois farase de acordo co disposto no artigo 2 do Real decreto 3425/2000, do 15 de decembro, sobre inscrición de cidadáns españois nos rexistros de matrícula de oficinas consulares no estranxeiro.

Disposición adicional sexta. *Títulos adquiridos en aplicación da Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo.*

Os posuidores de títulos obtidos ao abeiro da Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo, poderán optar ben por conservar estes títulos coas atribucións que confiren, ben trocalos polos títulos regulados neste real decreto, conforme o previsto na disposición adicional seguinte.

Disposición adicional sétima. *Troca de títulos.*

Os títulos expedidos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderanse trocar, de acordo coas seguintes equivalencias:

- a) Patrón de embarcacións deportivas de motor segunda clase por patrón para navegación básica: atribucións básicas e motor 2.^a
- b) Patrón de embarcacións de motor primeira clase por patrón para navegación básica: atribucións básicas e motor 1.^a
- c) Patrón de embarcacións deportivas a vela por patrón para navegación básica: atribucións básicas, complementaria de vela e embarcacións deportivas a vela.
- d) Patrón de embarcacións de motor primeira clase e patrón de embarcacións deportivas a vela por patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas e complementarias de vela.
- e) Patrón de embarcacións de recreo restrinxido de motor por patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas.
- f) Patrón de embarcacións deportivas de litoral por patrón de embarcación de recreo: atribucións básicas e complementaria de vela.
- g) Patrón de embarcacións de recreo expedido con anterioridade ao ano 1999, por patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas e complementaria de vela.
- h) Patrón de iate habilitado para navegación de altura por capitán de iate: atribucións básicas e complementaria de vela.
- i) Patrón para navegación básica por patrón para navegación básica, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas.
- j) Patrón para navegación básica vela (só PNB), por patrón para navegación básica: atribucións básicas e complementaria de vela.
- k) Patrón de embarcacións de recreo por patrón de embarcacións de recreo, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas.
- l) Patrón de embarcacións de recreo (habilitado vela) por patrón de embarcacións de recreo, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas e complementaria de vela.

m) Patrón de iate por patrón de iate, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas.

n) Patrón de iate habilitado vela por patrón de iate, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas e complementaria de vela.

o) Capitán de iate por capitán de iate, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas.

p) Capitán de iate habilitado vela por capitán de iate, coas atribucións previstas neste real decreto: atribucións básicas e complementaria de vela.

q) Os títulos de patrón para navegación básica expedidos por validación do título de mariñeiro de ponte ou mariñeiro de máquinas da mariña mercante, validaranse por patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas.

r) Os títulos de patrón para navegación básica (habilitado vela ou vela só PNB) expedidos por validación do título de mariñeiro de ponte ou mariñeiro de máquinas da mariña mercante, validaranse por patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas e complementaria de vela.

Para poder gobernar embarcacións de recreo coas novas atribucións sen solicitar a expedición dun novo título, será necesario que os seus titulares leven adicionalmente a titulación de mariñeiro de ponte ou mariñeiro de máquinas para xustificar esta condición.

s) Autorización federativa por licenza de navegación logo de realización das catro horas de prácticas preceptivas para a obtención da licenza de navegación.

Disposición adicional oitava. *Requisitos de troca para outras titulacións.*

1. Os posuidores dos títulos de patrón de embarcacións deportivas de motor, segunda clase, primeira clase e vela poderán acceder á titulación de patrón de embarcacións de recreo: atribucións básicas.

2. Os posuidores do título de patrón de embarcacións deportivas a vela dispoñerán, ademais, das atribucións complementarias de vela mediante a realización das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación e o curso de radio-operador de curto alcance, recollidos neste real decreto. Así mesmo, poderán en calquera caso obter as atribucións complementarias se realizan as prácticas complementarias correspondentes.

3. Os posuidores do título de patrón de embarcacións deportivas de litoral poderán acceder ao título de patrón de iate, dispoñendo das atribucións básicas e complementaria de vela mediante a realización das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación e o curso de radio operador de curto alcance, recollidos neste real decreto.

Disposición adicional novena. *Troca de títulos expedidos polas comunidades autónomas.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante trocará aquelas titulacións expedidas polas comunidades autónomas se así o solicitan os interesados. Para isto, ademais de presentar fotocopia do título ou tarxeta que se desexa trocar, seguirase o procedemento regrado no artigo 24, alíneas a e b deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións federativas.*

1. No momento da entrada en vigor deste real decreto, as autorizacións federativas que fosen expedidas polas federacións náutico-deportivas ao abeiro do artigo 10 da Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo, conservarán as súas atribucións, salvo que se produzan as circunstancias previstas no número 3 desta disposición, e poderanse trocar no momento da súa renovación pola licenza de navegación se o interesado realiza as catro horas de prácticas recollidas no anexo III deste real decreto.

2. Para efectos do previsto no punto anterior, as federacións náutico-deportivas de España deberán remitir á Dirección Xeral da Mariña Mercante, no prazo máximo de dous

meses desde a entrada en vigor deste real decreto, asinada e selada ademais de en formato dixital editable, a seguinte información:

- a) Nome, apelidos e DNI/NIE/pasaporte dos titulares das autorizacións concedidas.
- b) Data de expedición da autorización.
- c) Lugar.
- d) Responsable da expedición.

3. Unha vez transcorrido o prazo anteriormente citado sen que se producise a remisión dos datos, considerarase que non se expediu ningunha autorización e as comprendidas neste suposto perderán a súa validez.

Disposición transitoria segunda. *Situacións derivadas da aplicación da Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo.*

1. As persoas que realizasen na súa totalidade algunha das prácticas reguladas na Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, deberán completar as que lles falten de acordo co estipulado neste real decreto para a expedición do título, e dispoñerán dun prazo máximo de 24 meses, contados desde a entrada en vigor do presente real decreto, para cumprir os requisitos de expedición do título exixidos nesta e realizar a súa solicitude. En caso contrario e tendo en conta o punto terceiro do artigo 23, deberán someterse de novo á totalidade das probas segundo o especificado neste real decreto.

2. Recoñeceranse as cualificacións obtidas por aquelas persoas que aprobasen a totalidade do exame teórico correspondente, segundo o estipulado na Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, que dispoñerán dun prazo máximo de 24 meses, contados desde a entrada en vigor do presente real decreto para cumprir os requisitos de expedición do título exixidos nesta e realizar a súa solicitude. En caso contrario e tendo en conta o punto terceiro do artigo 23, deberán someterse de novo á totalidade das probas segundo o especificado neste real decreto.

3. Recoñeceranse as cualificacións obtidas por aquelas persoas que aprobasen algunha das disciplinas que conforman a totalidade da proba teórica correspondente, segundo o estipulado na Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, durante as tres convocatorias seguintes nas cales se realicen probas da titulación que se pretende obter, contadas desde a entrada en vigor deste real decreto. Durante este prazo poderanse examinar única e exclusivamente daquelas materias aínda non aprobadas. Superado este prazo, deberán someterse de novo á totalidade da proba teórica de acordo co especificado neste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Prazos de adaptación.*

1. As escolas actualmente homologadas ou recoñecidas que non reúnan os requisitos exixidos neste real decreto dispoñerán dun prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para o seu cumprimento.

2. Transcorridos os prazos citados sen que se acreditasen os requisitos establecidos, a Administración con competencia sobre as escolas ditará resolución motivada ao respecto. Cando a competencia lle corresponda á Dirección Xeral da Mariña Mercante aplicaranse as regras obxecto do artigo 34 deste real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Prácticas en augas interiores non marítimas.*

As escolas que actualmente estean autorizadas para impartir as prácticas de seguridade e navegación para a obtención do título de patrón de embarcacións de recreo en augas interiores non marítimas poderán seguir impartindo nas ditas augas estas prácticas, durante un prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Comunicacións por medios telemáticos.*

Durante o prazo dun ano desde a publicación desta norma no «Boletín Oficial del Estado» as comunicacións á Administración reguladas por este real decreto poderán realizarse por medios que non sexan telemáticos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo e cantas disposicións de igual rango ou inferior rango se opoñan a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.^a da Constitución, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Competencias de execución.*

Os actos de execución material para a aplicación do disposto neste real decreto corresponderán ao director xeral da Mariña Mercante ou aos órganos correspondentes das comunidades autónomas que asumisen competencias en materia de ensinanzas náutico-deportivas.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de habilitación.*

1. Facúltase o ministro de Fomento para modificar os anexos I, II, III, IV, V, VI e IX deste real decreto, sempre que as modificacións estean impostas por avances técnicos relacionados coas características dos temarios e das embarcacións e equipamentos para a realización de prácticas, así como cando as modificacións se deban efectuar en virtude do disposto na normativa nacional ou da Unión Europea.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Fomento para modificar o anexo VIII deste real decreto, sempre que as modificacións veñan impostas por progresos ou melloras técnicas en relación coas características das embarcacións, co seu aparello de goberno e cos seus equipamentos, sempre que faciliten o seu uso por persoas con discapacidade de forma que non se produza discriminación, logo de petición do CERMI e informe favorable do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

3. Facúltase o director xeral da Mariña Mercante para actualizar o anexo VII deste real decreto de acordo coas modificacións legislativas que o poidan xustificar.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo as excepcións seguintes:

1. As previsións obxecto deste real decreto que estean relacionadas co outorgamento das licenzas de navegación polas federacións de vela e motonáutica e polas escolas de náutica entrarán en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O réxime de excepcións obxecto do artigo 10 deste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

ANEXO I
Validacións

As titulacións seguintes terán validación polo título de CAPITÁN DE IATE (atribucións básicas), de acordo co especificado na táboa.	
Titulación	Validacións parciais, de prácticas, habilitacións, atribucións complementarias ou requisitos específicos.
Titulacións profesionais de Mariña	
<ul style="list-style-type: none"> - Capitán da Mariña Mercante. - Pilotos de primeira da Mariña Mercante. - Pilotos de segunda da Mariña Mercante. - Patrón maior de cabotaxe. - Patrón de altura. - Capitán de pesca. - Patrón de pesca de altura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Con atribucións complementarias de vela.
<ul style="list-style-type: none"> - Operador xeral do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
<ul style="list-style-type: none"> - Operador restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval restrinxido. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
Titulacións académicas	
<ul style="list-style-type: none"> - Título universitario oficial de máster en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo ou que proporcione a adquisición de competencias equivalentes. - Título universitario oficial de grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo ou que proporcione a adquisición de competencias equivalentes. - Licenciados en Náutica e Transporte Marítimo. - Licenciados en Mariña Civil sección Náutica. - Diplomados en Navegación Marítima. - Diplomados de Mariña Civil sección Náutica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da universidade correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións e vela). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela).
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura. - Técnico superior en Navegación, Pesca e Transporte Marítimo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da escola de formación profesional correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións e vela). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela).
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico deportivo superior en Vela con Aparello Fixo e con Aparello Libre. - Técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo e con Aparello Libre. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valídanse só as prácticas regulamentarias de navegación a vela.
Titulacións da Armada	
<p>NOTA: Os empregos, corpos, escalas e especialidades da Armada son os que regula a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e o seu posterior desenvolvemento normativo. O persoal da Armada con denominacións de empregos, corpos, escalas e especialidades reguladas por normativas anteriores poderán obter, en caso de corresponder, a validación que proceda e que se acreditará mediante o certificado que emita a Dirección de Ensino Naval da Armada.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> - Alférez de navío do corpo xeral da Armada. Escala de oficiais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Con atribucións complementarias de vela.

Titulacións da Garda Civil	
- Patrón buques oceánicos da Garda Civil.	
As titulacións seguintes terán validación polo título de PATRÓN DE IATE (atribucións básicas), de acordo co especificado na táboa.	
Titulación	Validacións parciais, de prácticas, habilitacións, atribucións complementarias ou requisitos específicos.
Titulacións profesionais de Mariña	
- Patrón de cabotaxe. - Patrón costeiro polivalente. - Patrón de litoral. - Patrón de primeira clase de Pesca Litoral. - Patrón de segunda clase de Pesca Litoral.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Operador xeral do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista Naval.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
- Operador restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval restrinxido.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
Titulacións académicas	
- Técnico en Navegación e Pesca de Litoral. - Técnico en Pesca e Transporte Marítimo.	- Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da escola de formación profesional correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións e vela). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela).
- Técnico deportivo superior en Vela con Aparello Fixo e con Aparello Libre. - Técnico deportivo en vela con Aparello Fixo e con Aparello Libre.	- Valídanse só as prácticas regulamentarias de navegación a vela.
Titulacións da Armada	
NOTA: Os empregos, corpos, escalas e especialidades da Armada son os que regula a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e o seu posterior desenvolvemento normativo. O persoal da Armada con denominacións de empregos, corpos, escalas e especialidades reguladas por normativas anteriores poderán obter, en caso de corresponder, a validación que proceda e que se acreditará mediante o certificado que emita a Dirección de Ensino Naval da Armada.	
- Tenente do corpo de Infantaría de Mariña. Escala de oficiais.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Suboficial da Armada da especialidade fundamental de Manobra e Navegación.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Suboficial da Armada da especialidade complementaria de Hidrografía.	

Titulacións da Garda Civil	
- Patrón do Servizo Marítimo da Garda Civil.	
Outras titulacións	
- Patrón das embarcacións do corpo de Mossos d'Esquadra.	- De acordo co marco establecido no convenio de colaboración entre a Dirección Xeral da Mariña Mercante e o Instituto de Seguridade Pública de Cataluña, do 6 de maio de 2010, para a formalización dos estudos náuticos que deben realizar o corpo de Mossos d'Esquadra e o corpo de Bombeiros da Generalitat de Cataluña para o goberno das súas embarcacións nas augas marítimas da súa competencia.
- Patrón do corpo de Bombers da Generalitat de Catalunya.	- De acordo co marco establecido no convenio de colaboración entre a Dirección Xeral da Mariña Mercante e o Instituto de Seguridade Pública de Cataluña, do 6 de maio de 2010, para a formalización dos estudos náuticos que deben realizar o corpo de Mozos de Escuadra e o Corpo de Bombeiros da Generalitat de Cataluña para o goberno das súas embarcacións nas augas marítimas da súa competencia.
As titulacións seguintes terán validación polo título de PATRÓN DE EMBARCACIÓNS DE RECREO (atribucións básicas), de acordo co especificado na táboa.	
Titulación	Validacións parciais, de prácticas, habilitacións, atribucións complementarias ou requisitos específicos.
Titulacións profesionais de Mariña	
- Xefes de máquinas da Mariña Mercante. - Oficial de máquinas de primeira da Mariña Mercante. - Oficial de máquinas de segunda da Mariña Mercante.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Oficiais radioelectrónicos de primeira da Mariña Mercante. - Oficiais radioelectrónicos de segunda da Mariña Mercante.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Patrón portuario. - Patrón de tráfico interior. - Patrón local de pesca. - Patrón de pesca local.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Mecánico maior naval. - Mecánico naval. - Mecánico naval maior. - Mecánico naval de primeira clase. - Mecánico naval de segunda clase. - Mecánico de litoral.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Mariñeiro de ponte da Mariña Mercante. - Mariñeiros de máquinas da Mariña Mercante.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Operador xeral do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista Naval.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
- Operador restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval restrinxido.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.

Titulacións académicas	
<ul style="list-style-type: none"> - Máster en Enxeñaría Mariña. - Grao en Enxeñaría Mariña. - Licenciados en Máquinas Navais. - Licenciados en Mariña Civil, sección Máquinas. - Diplomados en Máquinas Navais. - Diplomados en Mariña Civil, sección Máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da universidade correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións, vela e navegación). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela), así como regulamentarias de navegación (se se desexan as atribucións complementarias de navegación).
<ul style="list-style-type: none"> - Licenciados en Radioelectrónica Naval. - Licenciados en Mariña Civil, sección Radioelectrónica. - Diplomados en Radioelectrónica Naval. - Diplomados en Mariña Civil, sección Radioelectrónica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da universidade correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións, vela e navegación). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela), así como regulamentarias de navegación (se se desexan as atribucións complementarias de navegación).
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico superior en Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións. - Técnico superior en Supervisión e Control de Máquinas en Instalacións do Buque. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da escola de formación profesional correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións, vela e navegación). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela), así como regulamentarias de navegación (se se desexan as atribucións complementarias de navegación).
<ul style="list-style-type: none"> - Ter aprobado polo menos os dous primeiros cursos lectivos do grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo. - Ter aprobado polo menos os dous primeiros cursos lectivos do grao en Enxeñaría Mariña. - Ter aprobado polo menos os dous primeiros cursos lectivos dos estudos superiores de Mariña Civil. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da universidade correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións, vela e navegación). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela), así como regulamentarias de navegación (se se desexan as atribucións complementarias de navegación).
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico deportivo superior en Vela con Aparello Fixo. - Técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Con atribucións complementarias de vela.
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico deportivo superior en Vela con Aparello Libre. - Técnico deportivo en Vela con Aparello Libre. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valídanse só as prácticas regulamentarias de vela.

Titulacións da Armada	
<p>NOTA: Os empregos, corpos, escalas e especialidades da Armada son os que regula a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e o seu posterior desenvolvemento normativo. O persoal da Armada con denominacións de empregos, corpos, escalas e especialidades reguladas por normativas anteriores poderán obter, en caso de corresponder, a validación que proceda e que se acreditará mediante o certificado que emita a Dirección de Ensino Naval da Armada.</p>	
- Alférez de fragata (militar de complemento) adscrito ao corpo xeral da Armada.	- Con atribucións complementarias de vela.
- Suboficial da Armada da especialidade fundamental de Sistemas e da especialidade fundamental de Enerxía e Propulsión.	
- Suboficial da Armada da especialidade complementaria de Mergullador	
- Cabo primeiro da Armada da especialidade fundamental de Manobra e Navegación	- Con atribucións complementarias de vela.
Titulacións da Garda Civil	
- Mariñeiro e mecánico-mariñeiro do Servizo Marítimo da Garda Civil.	
Titulacións do Servizo de Vixilancia Alfandegueira	
- Corpo de axentes do Servizo de Vixilancia Alfandegueira, especialidade marítima.	
As titulacións seguintes terán validación polo título de PATRÓN PARA NAVEGACIÓN BÁSICA (atribucións básicas), de acordo co especificado na táboa.	
Titulación	Validacións parciais, de prácticas, habilitacións, atribucións complementarias ou requisitos específicos.
Titulacións profesionais de Mariña	
- Mariñeiro pescador. - Certificado de competencia de mariñeiro.	- Tanto o certificado de competencia de mariñeiro como o de mariñeiro pescador non poderán presentar restricións. En caso contrario, deberase acreditar a realización dun período de embarque non inferior a seis meses como tripulante subalterno en buques de pesca ou auxiliar de acuicultura.
- Operador xeral do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.
- Operador restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima. - Radiotelefonista naval restrinxido.	- Valídanse os cursos de formación en radiocomunicacións.

Titulacións académicas	
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico en Mantemento e Control da Maquinaria de Buques e Embarcacións. - Técnico en Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a realización dun período de embarque de tres meses destinado á obtención do título profesional correspondente, ou certificación da escola de formación profesional correspondente en que se acredite que realizaron unhas prácticas ou formación práctica equivalente á establecida neste real decreto (seguridade e navegación, radiocomunicacións e vela). Neste caso, as atribucións serían as básicas e aquelas complementarias acreditadas. - Ou ben deberán realizar as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, cursos de formación en radiocomunicacións e regulamentarias de navegación a vela (estas últimas se se desexan as atribucións complementarias de vela).
<ul style="list-style-type: none"> - Técnico deportivo en vela con aparello fixo e aparello libre (ciclo inicial). 	<ul style="list-style-type: none"> - Con atribucións complementarias de vela.
Titulacións da Armada	
<ul style="list-style-type: none"> - Alféreces de navío do corpo de enxeñeiros. (escala oficiais) 	
<ul style="list-style-type: none"> - Alféreces de fragata do corpo de enxeñeiros. (escala técnica) 	
<ul style="list-style-type: none"> - Tenentes do corpo de Intendencia. (escala oficiais) 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar mediante certificado estudos realizados en ENM
<ul style="list-style-type: none"> - Alféreces de fragata e alféreces (militares de complemento da Armada). Excepto os adscritos ao corpo xeral da Armada. 	
<ul style="list-style-type: none"> - Cabo da Armada da especialidade de Manobra e Navegación 	<ul style="list-style-type: none"> - Habilitado vela

ANEXO II

Realización e temario das probas teóricas

Este anexo desenvolve os temarios e as probas teóricas de acordo cos seguintes puntos:

1. Licenza de navegación.
Temario de coñecementos teóricos.
2. Patrón para navegación básica.
 - A. Temario de coñecementos teóricos.
 - B. Exame teórico.
3. Patrón de embarcacións de recreo.
 - A. Temario de coñecementos teóricos.
 - B. Exame teórico.
 - C. Relación existente entre as probas do patrón para navegación básica e o patrón de embarcacións de recreo.
4. Patrón de iate.
 - A. Temario de coñecementos teóricos.
 - B. Exame teórico.
5. Capitán de iate.
 - A. Temario de coñecementos teóricos.
 - B. Exame teórico.

1. LICENZA DE NAVEGACIÓN.

Temario de coñecementos teóricos.

1. Impartiranse dúas horas de teoría durante as cales se realizará unha introdución aos contidos prácticos recollidos no anexo III. Así mesmo, impartiranse coñecementos sobre limitacións á navegación en praias non balizadas, balizadas e nas súas canles de acceso. Normativa respecto ao tráfico marítimo e navegación interior nos portos. Marcas laterais da rexión A. Forma de gobernar a embarcación para evitar balances e cabezadas e importancia de non atravesarse ao mar. Regras 4 a 8, 11 a 19 e 37 (incluído o anexo IV) do Regulamento internacional para previr abordaxes.

2. Ademais, impartiranse nocións básicas para o uso dunha estación de radio VHF portátil, limitándose ao coñecemento da canle 16 o seu uso en caso de emerxencia e as comunicacións básicas de rutina, así como a forma de contactar con Salvamento Marítimo (canle 16 e teléfonos 112 e 900 202 202).

Esta formación teórica poderase impartir nunha aula ou ben na propia embarcación de prácticas.

2. PATRÓN PARA NAVEGACIÓN BÁSICA (PNB).

Temario de coñecementos teóricos.

Unidade teórica 1. Nomenclatura náutica.

UT1	Identificación	Definicións de:
1.1	Casco.	<ul style="list-style-type: none"> - Casco e cuberta. - Proa e popa. - Liña e plano de coxía, para definir: estribor e babor. - Costados, amura, través e aleta. - Plano de flotación, para definir: obra viva (carena) e obra morta. - Bañeira e embornais. - Zapóns, zapón principal. - Lumieiras e manguerotes ventilación. - Portelos e bufardas. - Pasamáns, candeeiros e gardamancebos.
1.2	Estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> - Quilla, roda, codaste, cadernas, vaos, borda, regala, anteparos, plan e sentina. - Billas de fondo. - Bombas de achique.
1.3	Equipamento de fondeadura.	<ul style="list-style-type: none"> - Molinete: barbotén, embrague e freo. - Liña de fondeadura. Grillón de unión. Partes da áncora sen cepo. - Forma da áncora de arado, da áncora Danforth e do rizón. - En referencia á áncora e a manobra de fondeadura, definicións de: virar, filar, á pendura, a pique, levar, levantar áncora, clara e libre.
1.4	Temón.	<ul style="list-style-type: none"> - Partes do temón: cana ou roda, mecha, limeira, gardíns e pa.
1.5	Hélice.	<ul style="list-style-type: none"> - Partes da hélice: eixe, bucina, núcleo, pas e capacete. - Hélice dextróxima e hélice levóxima. - Hélices xemelgas de xiro ao exterior. - Hélice de pas abatibles.
1.6	Dimensións.	<ul style="list-style-type: none"> - Eslora, manga e manga máxima, puntal, franco bordo, calado de proa, calado de popa, calado medio e asiento. - Desprazamento máximo en embarcacións de recreo.
1.7	Terminoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> - Escorar e drizar. Barlovento e sotavento.

Unidade teórica 2. Elementos de amarre e fondeadura.

UT2	Identificación	Definicións de:
2.1	Elementos de amarre.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: bita, mortos, boias, defensas, bicheiro, chicote, seo, firme e gaza, guía-cabos, roldana, bitas e cornamusas.
2.2	Nós.	<ul style="list-style-type: none"> - Indicar para que se empregan os seguintes nós: chan, volta de rizón, ballestrinque e as de guía.
2.3	Fondeadura.	<ul style="list-style-type: none"> - Elección do lugar de fondeadura e do ancoradoiro. - Fondeadura á xira cunha áncora: manobra, lonxitude da fondeadura, círculo de borneo. - Garreo. - Vixilancia durante a fondeadura: marcas, alarma de sonda. - Orinque. - Manobra de levar a áncora.

Unidade teórica 3. Seguridade no mar.

UT3	Identificación	
3.1	Estabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: <ul style="list-style-type: none"> > Movemento de balance e cabezada. > Estabilidade estática transversal e lonxitudinal (sen entrar no seu estudo). - Forma de gobernar para evitar balances e cabezadas. - Importancia de non se atravesar ao mar.
3.2	Comprobacións antes de se facer ao mar.	<ul style="list-style-type: none"> - Ser consciente da necesidade e importancia de realizar unha serie de comprobacións previas á saída ao mar. - Poder enumerar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> > Niveis de aceite, filtros decantación de auga e impurezas, líquido refrixerante, refrixeración, correa do alternador, nivel de combustible, auga doce, baterías, luces de navegación, equipamento de radio, estanquidade, sistema de goberno e propulsión, ausencia de gases explosivos, fugas de aceite ou combustible, parte meteorolóxico, existencia e estado de elementos de seguridade (chalecos, aros salvavidas, equipamento pirotécnico e extintores).
3.3	Medidas que se deben tomar a bordo con mal tempo.	<ul style="list-style-type: none"> - Estiba e trinca a son de mar. - Revisión de todas as aberturas. Peche de billas de fondo. - Derrota que se debe seguir: capear ou correr o temporal. - Riscos dunha costa a sotavento.
3.4	Tormentas eléctricas.	<ul style="list-style-type: none"> - Protección das tormentas eléctricas e influencia na agulla.
3.5	Baixa visibilidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Precaucións na navegación con néboa, o reflector radar, evitar o tráfico marítimo. - Precaucións para a navegación nocturna.
3.6	Augas superficiais.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de augas superficiais. - Precaucións na navegación en augas superficiais.
3.7	Material de seguridade.	<p>Descrición, recomendacións de uso e estiba dos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Chalecos salvavidas. - Arneses e liñas de vida. - Aros salvavidas e balsas salvavidas. - Bengalas de man, foguetes con luz vermella e paracaídas e sinais fumixenos flotantes. - Espello de sinais e bucina de néboa. - Extintores portátiles e baldes contraincendios.
3.8	Home á auga.	<ul style="list-style-type: none"> - Prevención para evitar unha situación de home á auga: arnés de seguridade, iluminación. - Home á auga: librar a hélice, sinalización do náufrago, balizamento individual, lanzamento de axudas. - Manobras de aproximación cando se ve o náufrago: manobra de Anderson e manobra de Boutakow. - Manobras de busca cando non se ve o náufrago: exploración en espiral cadrada e exploración por sectores. - Uso do sistema de navegación por satélite (GNSS) en caso de caída de home á auga . - Precaucións durante a recollida. - Reanimación dun náufrago: respiración boca a boca e masaxe cardíaca. - Hipotermia: concepto e medidas que se deben tomar.
3.9	Remolque.	<ul style="list-style-type: none"> - Manobra de aproximación, dar e tomar o remolque, forma de navegar o remolcador e o remolcado.
3.10	Salvamento Marítimo.	<ul style="list-style-type: none"> - Ademais de mediante o uso da estación radio de a bordo, forma de contactar con S.M: 112 e 900 202 202.

Unidade teórica 4. Lexislación.

UT4	Identificación	
4.1	Normas que afectan as embarcacións de recreo.	- Respecto ao tráfico marítimo e navegación interior nos portos.
4.2	Limitacións á navegación.	- En lugares próximos á costa. - En praias non balizadas. - En praias balizadas e canles de acceso. - En reservas mariñas.
4.3	Mergulladores e bañistas.	Precaucións que se deben tomar ante a presenza de: - Bañistas. - Mergulladores. Bandeiras "Alfa" do código internacional de sinais e "Bravo" modificada.
4.4	Prevención da contaminación.	- Idea sobre o réxime de descargas e verteduras ao mar das embarcacións de recreo, segundo a Orde FOM 1144/2003, do 28 de abril, ou aquela que a poida substituír. - Idea sobre o réxime de entrega de refugallo xerado polas embarcacións de recreo, segundo o Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, ou aquel que o poida substituír. - Réxime de vertedura de lixo ao mar segundo o capítulo V do Convenio internacional MARPOL: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Ámbito de aplicación (regra 2). ➤ Prohibición xeral da descarga de lixo no mar (regra 3). ➤ Descarga de lixo fóra das zonas especiais (regra 4). ➤ Descarga de lixo dentro de zonas especiais, caso concreto do Mediterráneo (regra 6). - Responsabilidade do patrón por contaminación. - Conduta ante un avistamento de contaminación durante a navegación: obriga de informar.
4.5	Pavillón nacional.	- Bandeira nacional en embarcacións de recreo. - Uso da bandeira da Comunidade Autónoma.
4.6	Salvamento.	- Obriga de prestar auxilio ás persoas segundo o parágrafo 1, regra 33, capítulo V, do convenio internacional SOLAS.
4.7	Protección de espazos naturais do medio mariño.	Zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM). Caso concreto no Mediterráneo: pradeiras de posidonia oceánica.

Unidade teórica 5. Balizamento.

UT5	Identificación	
5.1	Normativa IALA	Marcas laterais rexión A, marcas cardinais, marcas de perigo illado, marcas de augas navegables e marcas especiais.
En cada resolución de convocatorias especificarase a normativa IALA en que se basearán os exames.		

Unidade teórica 6. Regulamento internacional para previr abordaxes no mar (RIPA).

UT6	Identificación	
6.1	Xeneralidades.	Regras 1 a 3.
6.2	Regras de rumbo e goberno.	Regras 4 a 19.
6.3	Luces e marcas.	Regras 20, 21 e 23 a 31.
6.4	Sinais acústicos e luminosos.	Regras 32 a 37.
6.5	Sinais de perigo.	Anexo IV.
QUEDA EXPRESAMENTE EXCLUÍDO:		Regra 22 e anexos I, II e III. Calquera interpretación que non se axuste ao escrito textualmente no regulamento.

Exame teórico.

1. O exame compoñeráse de 27 preguntas tipo test de formulación independente entre si, con catro posibles respostas cada unha. A súa duración máxima será de 45 minutos.
2. O exame corríxirase mediante un dobre criterio de valoración, de tal forma que para lograr o aprobado se deberá responder correctamente un mínimo de 17 preguntas e non se permitirá, en certas materias, superar un número máximo de erros:
 - a) De balizamento, máximo 2 erros permitidos.
 - b) De regulamento, máximo 5 erros permitidos.

A distribución das preguntas de acordo coas materias de exame farase segundo o seguinte cadro.

UT	Identificación	Número de preguntas de exame	Número máximo de erros permitidos	Número mínimo de respostas correctas
1	Nomenclatura náutica.	4	--	--
2	Elementos de amarre e fondeadura.	2	--	--
3	Seguridade	4	--	--
4	Lexislación	2	--	--
5	Balizamento	5	2	3
6	Regulamento (RIPA)	10	5	5
TOTAL EXAME		27	10	17

3. PATRÓN DE EMBARCACIÓNS DE RECREO (PER).

Temario de coñecementos teóricos.

Unidade teórica 1. NOMENCLATURA NÁUTICA.

UT1	Identificación	Definicións de:
1.1	Casco.	<ul style="list-style-type: none"> - Casco e cuberta. - Proa e popa. - Liña e plano de coxía, para definir: estribor e babor. - Costados, amura, través e aleta. - Plano de flotación, para definir: obra viva (carena) e obra morta. - Bañeira e embornais. - Zapóns, zapón principal. - Lumieiras e manguerotes ventilación. - Portelos e bufardas. - Pasamáns, candeeiros e gardamancebos.
1.2	Estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> - Quilla, roda, codaste, cadernas, vaos, borda, regala, anteparos, plan e sentina. - Billas de fondo. - Bombas de achique.
1.3	Equipamento de fondeadura.	<ul style="list-style-type: none"> - Molinete: barbotén, embrague e freo. - Liña de fondeadura. Grillón de unión. Partes da áncora sen cepo. - Forma da áncora de arado, da áncora Danforth e do rizón. - En referencia á áncora e á manobra de fondeadura, definicións de: virar, filar, á pendura, a pique, levar, levantar áncora, clara e libre.
1.4	Temón.	<ul style="list-style-type: none"> - Partes do temón: cana ou roda, mecha, limeira, gardíns e pa.
1.5	Hélice.	<ul style="list-style-type: none"> - Partes da hélice: eixe, bucina, núcleo, pas e capacete. - Hélice dextróxima e hélice levóxima. - Hélices xemelgas de xiro ao exterior. - Hélice de pas abatibles.
1.6	Dimensións.	<ul style="list-style-type: none"> - Eslora, manga e manga máxima, puntal, franco bordo, calado de proa, calado de popa, calado medio e asiento. - Desprazamento máximo en embarcacións de recreo.
1.7	Terminoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> - Escorar e drizar. Barlovento e sotavento.

Unidade teórica 2. Elementos de amarre e fondeadura.

UT2	Identificación	
2.1	Elementos de amarre.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: bita, mortos, boias, defensas, bicheiro, chicote, seo, firme e gaza, guía-cabos, roldana, bitas e cornamusas.
2.2	Nós.	<ul style="list-style-type: none"> - Indicar para que se empregan os seguintes nós: chan, volta de rizón, ballestrinque e as de guía.
2.3	Fondeadura.	<ul style="list-style-type: none"> - Elección do lugar de fondeadura e do ancoradoiro. - Fondeadura á xira cunha áncora: manobra, lonxitude do fondeadura, círculo de borneo. - Garreo. - Vixilancia durante a fondeadura: marcas, alarma de sonda. - Orinque. - Manobra de levar a áncora.

Unidade teórica 3. Seguridade no mar.

UT3	Identificación	
3.1	Estabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: <ul style="list-style-type: none"> > Movemento de balance e cabezada. > Estabilidade estática transversal e lonxitudinal (sen entrar no seu estudo). - Forma de gobernar para evitar balances e cabezadas. - Importancia de non se atravesar ao mar.
3.2	Comprobacións antes de se facer ao mar.	<ul style="list-style-type: none"> - Ser consciente da necesidade e importancia de realizar unha serie de comprobacións previas á saída ao mar. - Poder enumerar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> > Niveis de aceite, filtros decantación de auga e impurezas, líquido refrixerante, refrixeración, correa do alternador, nivel de combustible, auga doce, baterías, luces de navegación, equipamento de radio, estanquidade, sistema de goberno e propulsión, ausencia de gases explosivos, fugas de aceite ou combustible, parte meteorolóxico, existencia e estado de elementos de seguridade (chalecos, aros salvavidas, equipamento pirotécnico e extintores).
3.3	Medidas que se deben tomar a bordo con mal tempo.	<ul style="list-style-type: none"> - Estiba e trinca a son de mar. - Revisión de todas as aberturas. Peche de billas de fondo. - Derrota que se debe seguir: capear ou correr o temporal. - Riscos dunha costa a sotavento.
3.4	Tormentas eléctricas.	<ul style="list-style-type: none"> - Protección das tormentas eléctricas e influencia na agulla.
3.5	Baixa visibilidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Precaucións na navegación con néboa, o reflector radar, evitar o tráfico marítimo. - Precaucións para a navegación nocturna.
3.6	Augas superficiais.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de augas superficiais. - Precaucións na navegación en augas superficiais.
3.7	Material de seguridade.	<p>Descrición, recomendacións de uso e estiba dos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Chalecos salvavidas. - Arneses e liñas de vida. - Aros salvavidas e balsas salvavidas. - Bengalas de man, foguetes con luz vermella e paracaídas e sinais fumixenos flotantes. - Espello de sinais e bucina de néboa. - Extintores portátiles e baldes contra incendios.
3.8	Home á auga.	<ul style="list-style-type: none"> - Prevención para evitar unha situación de home á auga: arnés de seguridade, iluminación. - Home á auga: librar a hélice, sinalización do náufrago, balizamento individual, lanzamento de axudas. - Manobras de aproximación cando se ve o náufrago: manobra de Anderson e manobra de Boutakow. - Manobras de busca cando non se ve o náufrago: exploración en espiral cadrada e exploración por sectores. - Uso do sistema de navegación por satélite (GNSS) en caso de caída de home á auga. - Precaucións durante a recollida. - Reanimación dun náufrago: respiración boca a boca e masaxe cardíaca. - Hipotermia: concepto e medidas que se deben tomar.
3.9	Remolque.	<ul style="list-style-type: none"> - Manobra de aproximación, dar e tomar o remolque, forma de navegar o remolcador e o remolcado.
3.10	Salvamento Marítimo.	<ul style="list-style-type: none"> - Ademais de mediante o uso da estación radio de a bordo, forma de contactar con S.M: 112 e 900 202 202.

Unidade teórica 4. Lexislación.

UT4	Identificación	
4.1	Normas que afectan as embarcacións de recreo.	- Respecto ao tráfico marítimo e navegación interior nos portos.
4.2	Limitacións á navegación.	- En lugares próximos á costa. - En praias non balizadas. - En praias balizadas e canles de acceso. - En reservas mariñas.
4.3	Mergulladores e bañistas.	Precaucións que se deben tomar ante a presenza de: - Bañistas. - Mergulladores. Bandeiras "Alfa" do código internacional de sinais e "Bravo" modificada.
4.4	Prevenición da contaminación.	- Idea sobre o réxime de descargas e verteduras ao mar das embarcacións de recreo, segundo a Orde FOM 1144/2003, do 28 de abril, ou aquela que a poida substituír. - Idea sobre o réxime de entrega de refugallo xerado polas embarcacións de recreo, segundo o Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, ou aquel que o poida substituír. - Réxime de vertedura de lixo ao mar segundo o capítulo V do Convenio internacional MARPOL: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Ámbito de aplicación (regra 2). ➤ Prohibición xeral da descarga de lixos no mar (regra 3). ➤ Descarga de lixos fóra das zonas especiais (regra 4). ➤ Descarga de lixos dentro de zonas especiais, caso concreto do Mediterráneo (regra 6). - Responsabilidade do patrón por contaminación. - Conduta ante un avistamento de contaminación durante a navegación: obriga de informar.
4.5	Pavillón nacional.	- Bandeira nacional en embarcacións de recreo. - Uso da bandeira da Comunidade Autónoma.
4.6	Salvamento.	- Obriga de prestar auxilio ás persoas segundo o parágrafo 1, regra 33, capítulo V, do convenio internacional SOLAS.
4.7	Protección de espazos naturais do medio mariño.	Zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM). Caso concreto no Mediterráneo: pradeiras de posidonia oceánica.

Unidade teórica 5. Balizamento.

UT4	Identificación	
5.1	Normativa IALA	Marcas laterais rexión A, marcas cardinais, marcas de perigo illado, marcas de augas navegables e marcas especiais.
En cada resolución de convocatorias especificarase a normativa IALA en que se basearán os exames.		

Unidade teórica 6. Regulamento internacional para previr abordaxes no mar (RIPA).

UT6	Identificación	
6.1	Xeneralidades.	Regras 1 a 3.
6.2	Regras de rumbo e de goberno.	Regras 4 a 19.
6.3	Luces e marcas.	Regras 20, 21 e 23 a 31.
6.4	Sinais acústicos e luminosos.	Regras 32 a 37.
6.5	Sinais de perigo.	Anexo IV.
QUEDA EXPRESAMENTE EXCLUÍDO:		Regra 22 e anexos I, II e III. Calquera interpretación que non se axuste ao escrito textualmente no regulamento.

Unidade teórica 7. Manobra e navegación.

UT7	Identificación	
7.1	Amarras.	Definicións de: - Encapelar unha gaza á bita, amarrar por seo, tomar voltas e facer firme. - Cobrar, virar, tensar, temperar, amollar, lascar, arriar e largar. - Aduxar. - Longo, través, esprín e cabo de boia. Descrición dos efectos producidos ao cobrar de cada unha das amarras, estando o barco atracado costado ao peirao. Utilización das amarras segundo vento e corrente.
7.2	Goberno con cana ou roda.	- Definicións de: velocidade de goberno e arrincada. - Nomear as tres fases da curva de evolución en marcha avante e ter coñecemento da importancia do rabeo da popa. - Describir: > O efecto da corrente de expulsión e da presión lateral das pas sobre unha embarcación que se encontre, parada sen arrincada, co temón á vía e da máquina atrás. > O efecto combinado hélice – temón con arrincada avante e máquina atrás. > A ceavoga cunha hélice. > A ceavoga con dúas hélices xemelgas de xiro ao exterior. > Axentes que inflúen na manobra: * Vento, corrente e ondas. * Concepto de abatemento e deriva. * Libre a sotavento.
7.3	Manobras.	- Atracada e desatracada en punta (proa e popa) e costado ao peirao. - Amarrar: cabos que se deben dar, forma de facelos firmes e orde en que facelo, para os tipos de atracada do punto anterior. - Desamarrar: orde en que largar os cabos de acordo co tipo de atracada e manobra que se debe realizar para desatracar. - Abarloarse a outra embarcación, independentemente do tipo que sexan ambas. - Amarrar a unha boia.

Unidade teórica 8. Emerxencias no mar.

UT8	Identificación	
8.1	Accidentes persoais.	<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de urxencia de feridas, contusións, hemorrxias, queimaduras (incluídas as orixinadas polo sol), insolación e mal de mar ou mareo. - Ademais de mediante o uso da estación radio de a bordo, forma de contactar co Servizo Radiomédico español: telefonía móbil. Horarios. - Importancia de levar a guía médica do ISM a bordo e como conseguila.
8.2	Varada involuntaria.	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición das medidas que se deben tomar para saír da embarrancada.
8.3	Abordaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Medidas que se deben tomar e recoñecemento de avarías.
8.4	Vías de auga e inundación.	<ul style="list-style-type: none"> - Puntos de maior risco, bucina, limeira do temón, orificios e billas de fondo, manguitos, abrazadeiras. - Medidas que se deben tomar tras a vía de auga: achique con bomba manual e/ou eléctrica (uso e importancia dun bo mantemento). Taponamento con espichas e colchonetas.
8.5	Prevenção de incendios e explosións.	<ul style="list-style-type: none"> - Lugares de risco: cocifias, cámaras de motores, tomas de combustible, baterías, instalación eléctrica, pañol ou cofre de pinturas. - Factores que deben concorrer para que se produza un incendio: teoría do tetraedro do lume. - Clasificación UNE dos incendios, definir as seguintes clases: A, B, C e F. - A auga como axente extintor, precaucións. - Extintores: extintores válidos para a extinción de incendios clase B, utilización básica dun extintor de po seco, uso óptimo e como atacar as chamas. Comprobacións básicas periódicas de mantemento. - Modo de proceder ao declararse un incendio. - Procedementos de extinción: coñecemento básico das técnicas de arrefriamento, sufocación, dispersión ou illamento do combustible e inhibición da reacción en cadea. - Socairear o lume, rumbo para que o vento aparente sexa cero.
8.6	Abandono da embarcación	<ul style="list-style-type: none"> - Medidas que se deben tomar antes de abandonar a embarcación. - Forma de abandonar a embarcación: suposto dun abandono sen dispoñibilidade de balsa salvavidas. - Permanencia na auga despois dun abandono. - Uso dos sinais pirotécnicos.

Unidade teórica 9. Meteoroloxía.

UT9	Identificación	
9.1	Importancia do tempo meteorolóxico na seguridade da navegación.	<ul style="list-style-type: none"> - Formas de obter a previsión meteorolóxica.
9.2	Presión atmosférica.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición, unidades de medida e valor normal. - Medida da presión atmosférica co barómetro aneroide. - Definición de liñas isóbaras.
9.3	Temperatura.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición e unidades de medida (escala centígrada).
9.4	Borrascas e anticiclóns.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición. - Circulación xeral do vento no hemisferio norte nestas formacións. - Traxectoria das borrascas.

UT9	Identificación	
9.5	Vento.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: rolar, caer, refrescar, racha e calmar. - Anemómetro e cataventos. - Vento real, relativo e aparente: definicións, sen cálculos. - Utilidade da escala de Beaufort e necesidade de levala a bordo.
9.6	Brisas costeiras.	<ul style="list-style-type: none"> - Terral e virazón.
9.7	Mar.	<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de: intensidade, persistencia e fecht. - Utilidade da escala de Douglas e necesidade de levala a bordo.
QUEDA EXPRESAMENTE EXCLUÍDO:		Memorizar as escalas de Beaufort e de Douglas.

Unidade teórica 10. Teoría de navegación.

UT10	Identificación	
10.1	Esfera terrestre.	<ul style="list-style-type: none"> - Definicións de: eixe, polos, ecuador, meridianos e paralelos, meridiano cero, meridiano do lugar, latitude e lonxitude.
10.2	Cartas mercatorianas.	<ul style="list-style-type: none"> - Cartas de navegación costeira, recalada, portolanos e cartuchos. - Información que proporcionan as cartas: accidentes da costa, accidentes do terreo, puntos de referencia, luces, marcas, balizas, perigos, zonas prohibidas. - Signos e abreviaturas máis importantes utilizadas nas cartas náuticas: faros, sondas, natureza do fondo, beirís, declinación magnética.
10.3	Publicacións náuticas.	<ul style="list-style-type: none"> - Superficial descrición dos derroteiros, guías náuticas para a navegación de recreo e libros de faros.
10.4	Unidade de distancia. Unidade de velocidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Milla náutica: definición e a súa equivalencia en metros. - Escalas de latitudes e lonxitudes nas cartas mercatorianas. - Forma de medir as distancias na carta. - Nó: definición. - Corredeira, que é e para que serve. - Coeficiente de corredeira: a súa aplicación. - Sonda, que é e para que serve. - Concepto de hora reloxo bitácora.
10.5	Declinación magnética.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición. - Forma de actualizala.
10.6	Agulla náutica.	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición sucinta da agulla náutica. Instalación, perturbacións. - Definición do desvío da agulla. - Concepto da táboa de desvíos.
10.7	Corrección total.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición. - Cálculo a partir da declinación e o desvío.
10.8	Rumbos.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de rumbo verdadeiro, magnético e de agulla. - Relación entre eles. - Forma de medir os rumbos: circular e cuadrantal. - Converter un valor cuadrantal a circular (e non ao revés).
10.9	Liñas de posición.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de: enfilacións, oposicións, demoras, distancias e beirís. - Obtención de liñas de posición coa agulla e conversión destas en verdadeiras para o seu trazado na carta. - Emprego das enfilacións, demoras e sondas como liñas de posición de seguridade. - Condicións que se deben dar para que as liñas de posición sexan fiables.
10.10	Marcación.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición. - Forma de medila: circular e semicircular. - Relación entre rumbo, demora e marcación.
10.11	Axudas á navegación.	<ul style="list-style-type: none"> - Marcas. Luces e sinais marítimos: faros e balizas.

UT10	Identificación	
10.12	Mareas.	<ul style="list-style-type: none"> - Concepto e utilidade do seu coñecemento. - Referencia das sondas, definicións de: cero hidrográfico, sonda no LAT, amplitude da marea, duración da marea. - Influencia de fenómenos meteorolóxicos: vento e presión atmosférica.
10.13	Vento e corrente.	Influencia do vento e a corrente na navegación. Conceptos de abatemento e deriva; o seu efecto sobre a embarcación dependendo da obra viva e morta desta.
QUEDA EXPRESAMENTE EXCLUÍDO:		Memorizar as escalas das cartas. Tipos de corredeiras e o seu funcionamento.

Unidade teórica 11. Carta de navegación.

UT11	Identificación	
11.1	Coordenadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Dado un punto na carta, coñecer as súas coordenadas. - Dadas as coordenadas dun punto, situalo na carta.
11.2	Distancia e rumbo directo.	<ul style="list-style-type: none"> - Forma de medir as distancias sobre a carta. - Forma de trazar e medir os rumbos.
11.3	Corrección total.	<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da corrección total a partir dunha enfilación ou oposición. - Cálculo da corrección total a partir do desvío e a declinación magnética (dato achegado ou obtido da carta).
11.4	Rumbo verdadeiro e rumbo de agulla (en ausencia de vento e corrente).	<ul style="list-style-type: none"> - Dadas a situación de saída e de chegada: calcular o rumbo de agulla. - Dadas a situación de saída, a Hrb (da saída), situación de chegada e a velocidade da embarcación: calcular o rumbo de agulla e a hora de chegada. - Dada a situación de saída: calcular o rumbo de agulla para pasar a unha distancia determinada da costa ou perigo (excluída a distancia mínima).
11.5	Situación de estima (en ausencia de vento e corrente).	- Dada a situación de saída, a Hrb, a velocidade da embarcación e o rumbo de agulla: calcular a situación de estima a unha hora determinada.
11.6	Situación verdadeira.	<ul style="list-style-type: none"> - Obter a situación pola intersección de dúas das seguintes liñas de posición simultáneas: distancias, liña isobática, enfilacións, oposicións e demoras. - Para obter a situación con demoras, os datos poderán ser: demora verdadeira, demora de agulla e/ou marcación, tendo que converter as dúas últimas en demoras verdadeiras para o seu trazado na carta.
11.7	Mareas.	- Cálculo da sonda no momento da preamar e no da baixamar (preguntarase como cuestión independente dos exercicios de navegación, referida sempre á hora do anuario).

Exame teórico.

1. O exame compoñeráse de 45 preguntas tipo test de formulación independente entre si, con catro posibles respostas cada unha. A súa duración máxima será de 1 hora e 30 minutos.
2. O exame corríxirase mediante un dobre criterio de valoración, de tal forma que para lograr o aprobado se deberá responder correctamente un mínimo de 32 preguntas e non se permitirá, en certas materias, superar un número máximo de erros:
 - Do Convenio internacional para previr abordaxes, máximo 5 erros permitidos.
 - De balizamento, máximo 2 erros permitidos.
 - Carta de navegación, máximo 2 erros permitidos.

3. A distribución das preguntas de acordo coas materias de exame farase segundo o seguinte cadro.

UT	Identificación	Número de preguntas de exame (totalidade da proba)	Número máximo de erros permitidos (totalidade da proba)	Número mínimo de respostas correctas (totalidade da proba)	Número máximo de erros permitidos (proba complementaria PNB)	Número mínimo de respostas correctas (proba complementaria PNB)
1	Nomenclatura náutica.	4	--	--	--	--
2	Elementos de amarre e fondeadura.	2	--	--	--	--
3	Seguridade	4	--	--	--	--
4	Lexislación	2	--	--	--	--
5	Balizamento	5	2	3	--	--
6	Regulamento (Ripa)	10	5	5	--	--
7	Manobra	2	--	--	--	--
8	Emerxencias no mar.	3	--	--	--	--
9	Meteoroloxía.	4	--	--	--	--
10	Teoría de navegación.	5	--	--	--	--
11	Carta de navegación.	4	2	2	2	2
TOTAL EXAME		45	13	32	3	15

4. Relación existente entre as probas do patrón para navegación básica e o patrón de embarcacións de recreo.

- a) Aquelas persoas que estean en posesión do título de patrón para navegación básica, ou superasen o exame teórico para a obtención do título de patrón para navegación básica de acordo co especificado neste real decreto, non terán que realizar a proba específica para o patrón de embarcacións de recreo na súa totalidade, senón soamente as unidades teóricas 7, 8, 9, 10 e 11, e dispoñerán dun tempo máximo de 45 minutos.
- b) Aquelas persoas que estean en posesión do título de patrón para navegación básica poderán presentarse ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón de embarcacións de recreo e complementario do xa superado para a obtención do título de patrón para navegación básica, en calquera administración con competencias na materia, sexa esta a mesma que expediu ao seu favor o título de patrón para navegación básica ou outra.
- c) Aquelas persoas que superasen o exame teórico para a obtención do título de patrón para navegación básica poderán presentarse ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón de embarcacións de recreo e complementario do xa superado para a obtención do título de patrón para navegación básica, unicamente ante a Administración na cal aprobaron o exame teórico para a obtención do título de patrón para navegación básica e durante as dúas convocatorias seguintes en que a Administración realice exames de patrón para navegación básica.

- d) A aquelas persoas que se presenten ao exame para a obtención do título de patrón de embarcacións de recreo e non consigan superar a proba, pero si o fagan de acordo coas exixencias do patrón para navegación básica, recoñeceráselles o dito aprobado, ben para seguintes convocatorias na mesma Administración, ben para a expedición do título de patrón para navegación básica, e conservarán o dito aprobado durante un período máximo de dúas convocatorias consecutivas nas cales a Administración realice os exames de patrón de embarcacións de recreo.

4. PATRÓN DE IATE

Temario de coñecementos teóricos.

Unidade teórica 1. SEGURIDADE NO MAR.

UT1	Identificación	
1.1	Estabilidade transversal.	<p>Definicións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estabilidade estática transversal: definición e clasificación. - Centro de gravidade do barco e desprazamento. - Centro de carena e empuxe. - Metacentro. - Altura metacéntrica. - Tipos de equilibrio: estable, indiferente e inestable. <p>Coñecemento de (sen cálculos):</p> <ul style="list-style-type: none"> - A influencia da altura metacéntrica na estabilidade transversal. - O efecto do traslado vertical e horizontal de pesos na estabilidade estática transversal.
1.2	Equipamento de seguridade.	<p>Descrición, recomendacións de uso e estiba dos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Chalecos salvavidas. - Arneses e liñas de vida. - Aros salvavidas e balsas salvavidas. - Bengalas de man, foguetes con luz vermella e paracaídas e sinais fumixenos flotantes. - Espello de sinais, bucina de néboa e reflector de radar. - Extintores portátiles e baldes contraincendios.
1.3	Abandono da embarcación.	<ul style="list-style-type: none"> - Medidas que se deben tomar antes de abandonar a embarcación. - Forma de abandonar a embarcación no suposto de dispoñer de balsa salvavidas. - A zafa hidrostática. Disparo manual e automático. - Permanencia na balsa salvavidas: organización a bordo. - Uso dos sinais pirotécnicos. - Utilización da radiobaliza EPIRB, do respondedor de radar (SART) e do VHF portátil.
1.4	Salvamento Marítimo.	<p>Rescate desde un helicóptero, segundo información publicada por Salvamento Marítimo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tempo de resposta e velocidade do helicóptero. - Contacto logo da chegada do helicóptero. - Obriga de poñer o chaleco salvavidas. - Rescate desde a auga ou desde a balsa salvavidas. - Rescate de bens (documentación). - Manobra. - Precaucións: <ul style="list-style-type: none"> • Embarcacións a vela. • Obxectos en cuberta. • Lanzamento de foguetes con paracaídas. • Activación do RESAR.

Unidade teórica 2. METEOROLOXÍA.

UT2	Identificación	
2.1	Isóbaras.	Definición e utilidade do gradiente horizontal de presión atmosférica.
2.2	Frontes, borrascas e anticiclóns.	Definicións de: <ul style="list-style-type: none"> - Fronte cálida. - Fronte fría. - Fronte ocluída (cálida, fría e sen especificar). Tempo asociado ao paso de anticiclóns e borrascas.
2.3	Vento.	Definicións de: <ul style="list-style-type: none"> - Vento de Euler. - Vento xeostrófico. - Vento ciclostrófico. - Vento antitriptico. Ventos característicos do Mediterráneo e Atlántico oriental.
2.4	Humidade.	Conceptos de: <ul style="list-style-type: none"> - Humidade absoluta e relativa. - Punto de orballo.
2.5	Nubes.	Clasificación segundo o seu proceso de formación, a súa forma e a súa altura.
2.6	Néboas.	Clasificación segundo o seu proceso de formación. Previsión a bordo mediante un psicrómetro. Dispersión da néboa.
2.7	Ondas.	Formación das ondas. Definicións de lonxitude, período e altura da onda (sen relacionalos).
2.8	Correntes mariñas.	Clasificación segundo as causas que as orixinan. Correntes xerais nas costas españolas e do Mediterráneo.

Unidade teórica 3. TEORÍA DE NAVEGACIÓN.

UT3	Identificación	
3.1	Esfera terrestre.	Definicións de: <ul style="list-style-type: none"> - Eixe, polos, ecuador, meridianos e paralelos. - Trópicos e círculos polares. - Meridiano cero e meridiano do lugar. - Latitude e lonxitude.
3.2	Corrección total.	Definición de corrección total. Forma de calcular a corrección total por: <ul style="list-style-type: none"> - Declinación magnética e o desvío do compás. - A polar. - Enfilacións ou oposicións.
3.3	Rumbos.	Definicións de rumbos: <ul style="list-style-type: none"> - Verdadeiro, de superficie e efectivo. Conceptos de abatemento e deriva. Definición de rumbo de agulla.
3.4	Publicacións náuticas.	Avisos aos navegantes. Correccións das cartas e derroteiros.
3.5	Medida do tempo.	Definición (sen cálculos) de: <ul style="list-style-type: none"> - Tempo universal, hora civil do lugar, hora legal, hora oficial e hora reloxo bitácora.
3.6	Radar.	Que é e para que serve o radar. Comprensión dos axustes necesarios para unha óptima visualización (sintonía, ganancia, perturbacións de mar e chuvia). Distancias e marcacións RADAR, o seu emprego como liñas de posición. Conversión da marcación RADAR en demora.
3.7	GNSS.	Que é e para que serve un equipamento GNSS. Vocabulario relacionado: WPT, COG, SOG, XTE, ETA, MOB. Datum. Importancia de trasladar a posición do equipamento GNSS á carta de papel.

UT3	Identificación	
3.8	Cartas electrónicas.	Tipos de cartas electrónicas. Importancia das cartas en papel.
3.9	AIS	Que é e para que serve o AIS.

Unidade teórica 4. NAVEGACIÓN CARTA.

UT4	Identificación	
4.1	Corrección total.	Cálculo da corrección total tendo algún dos seguintes datos: - Desvío do compás e declinación magnética. - Demora de agulla a unha enfilación. - Acimut de agulla pola Polar.
4.2	Rumbos e distancias. (mediante resolución gráfica na carta)	Rumbo e distancia entre dous puntos, con e sen vento: - Trazado, medición e cálculo do rumbo de agulla. Rumbo para pasar a unha distancia dun punto da costa, con e sen vento: - Trazado, medición e cálculo do rumbo de agulla.
4.3	Liñas de posición: distancia radar á costa, enfilación, oposición e demora.	Situación simultánea con dúas das liñas de posición referidas.
4.4	Liñas de posición: distancia radar á costa, enfilación, oposición e demora.	Situación non simultánea con dúas das liñas de posición referidas.
4.5	Corrente coñecida. (mediante resolución gráfica na carta)	Coñecido o rumbo e a intensidade da corrente, a Hrb e situación de saída (ou datos para obtela segundo o número 4.3 e 4.4), calcular graficamente: - Rumbo efectivo e velocidade efectiva, tendo ademais como datos o rumbo de agulla, corrección total (ou ben datos para calculala) e a velocidade buque. - Rumbo de agulla e velocidade efectiva, tendo ademais como datos a situación de chegada, o rumbo para pasar a unha distancia dun punto de costa, a velocidade buque e a corrección total (ou ben datos para calculala). - Rumbo de agulla e velocidade buque, tendo ademais como datos a situación e a hora de chegada.
4.6	Corrente descoñecida. (mediante resolución gráfica na carta)	Cálculo da corrente descoñecida, o seu rumbo e intensidade, mediante unha situación verdadeira obtida segundo o número 4.3 e a situación estimada á mesma hora que a situación verdadeira.
4.7	Situación de estima. (mediante resolución gráfica na carta)	Coñecida a situación de saída e o rumbo de agulla: estima gráfica incluídos o vento e a corrente.
4.8	Derrota loxodrómica. Resolución analítica da derrota loxodrómica.	- Coñecida a situación de saída, o rumbo ou rumbos directos e a distancia navegada a cada rumbo, calcular a situación de estima de chegada. - Coñecidas a situación de saída e a de chegada, calcular o rumbo directo e a distancia entre ambas.
4.9	Mareas.	Cálculo da sonda nun momento calquera, problema directo e inverso (preguntarase como cuestión independente dos exercicios de navegación).

Exame teórico.

1. O exame compoñeráse de 40 preguntas tipo test de formulación independente entre si, con catro posibles respostas cada unha. A súa duración máxima será de 2 horas. O exame corríxese mediante un dobre criterio de valoración:
 - a) Globalmente. Para lograr o aprobado deberase responder correctamente un mínimo de 28 preguntas e non se permitirá, en certas materias, superar un número máximo de erros:
 - De teoría de navegación, máximo 3 erros permitidos.
 - De navegación carta, máximo 5 erros permitidos.
 - b) Por módulos temáticos. Poderase lograr o aprobado por módulos, sempre e cando se superen os criterios específicos das dúas materias que compoñen cada módulo de acordo cos criterios da seguinte táboa. O aprobado do módulo conservarase durante as dúas seguintes convocatorias seguintes nas cales a Administración competente realice exames de patrón de iate. O aprobado por módulos só será válido no ámbito exclusivo de cada Administración con competencias.

2. A distribución das preguntas de acordo coas materias de exame farase segundo o seguinte cadro.

	Materia	Módulos temáticos	Número de preguntas de exame	Número máximo de erros permitidos	Número mínimo de respostas correctas
1	Seguridade no mar	Módulo xenérico (45 minutos)	10	5 (só en caso de corrección por módulos)	5 (só en caso de corrección por módulos)
2	Meteoroloxía		10	5 (só en caso de corrección por módulos)	5 (só en caso de corrección por módulos)
3	Teoría navegación	Módulo de navegación (1 hora e 15 minutos)	10	5	5
4	Navegación carta		10	3	7
TOTAL EXAME			40	12	28

5. CAPITÁN DE IATE.

Temario de coñecementos teóricos.

Unidade de traballo 1. Teoría de navegación.

UT1	Identificación	
1.1	Esfera celeste.	Definicións de: - Polo Norte e Polo Sur celestes, e eixe do mundo. - Polo elevado e polo depresos. - Ecuador celeste. - Meridiano do lugar, meridiano superior e inferior do lugar. - Cénit e nadir, e eixe cenital. - Horizonte racional ou verdadeiro e horizonte visible ou do mar. - Puntos cardinais.
1.2	Coordenadas horarias dos astros.	Definicións de: - Paralelo de declinación e semicírculo horario. - Horário do lugar do astro e declinación do astro.
1.3	Coordenadas horizontais ou acimutais dos astros.	Definicións de almicantarat e semicírculo vertical. Definicións de acimut náutico e altura. Distintas formas de contar o acimut.
1.4	Triángulo de posición.	Definición e cálculo do valor dos seus lados: - Codeclinación ou distancia polar, distancia cenital e colatitude. Definición e cálculo do valor de dous dos seus ángulos: - Ángulo no polo e ángulo no cénit.
1.5	Eclíptica.	Definición de: - Eclíptica. - Punto de Aries e punto de Libra.
1.6	Coordenadas uranográficas ecuatoriais.	Definicións de: - Máximo de ascensión, declinación, ascensión recta e ángulo sidéreo.
1.7	Coordenadas que se miden no Ecuador.	Definición de meridiano cero ou primeiro meridiano. Definición de horario en Greenwich do astro, horario en Greenwich e horario do lugar de Aries. Relación das coordenadas que se miden no Ecuador.
1.8	Movemento aparente dos astros.	Xeneralidades: - Arcos diúrno e nocturno. - Ortos e ocasos. - Paso dos astros polo meridiano superior e inferior do lugar.
1.9	Constelacións.	Forma de identificar: Estrela Polar, Cruz do Sur, Osa Maior, a Casiopea e Orión.
1.10	Medida do tempo.	Definición de: - Tempo universal. - Hora civil do lugar. - Hora legal. - Hora oficial. - Data do meridiano de 180°. - Liña internacional de cambio de data.
1.11	Publicacións náuticas.	Organización da derrota. Routeing charts.
1.12	Sextante.	- Funcionamento básico. - Obtención do erro de índice e a súa posible eliminación. - Como efectuar observacións. - Coidados mínimos.

Unidade de traballo 2. Cálculo de navegación.

UT2	Identificación	Nos exercicios de cálculo que se necesite para o seu desenvolvemento o TU e a data de TU, estes valores daranse como dato no enunciado do exercicio.
2.1	Resolución analítica do triángulo de posición, nos seguintes supostos.	Coñecidos latitude, declinación e horario do lugar, calcular altura estimada e acimut náutico.
2.2	Medida do tempo.	Relación entre a hora civil de Greenwich, hora civil do lugar, hora legal e hora oficial. Diferenza de hora entre dous lugares.
2.3	Almanaque náutico.	Coñecida a hora e a data de TU, calcular: - o horario do Sol en Greenwich e a súa declinación. - o horario das estrelas en Greenwich e a súa declinación. Coñecida a situación de estima e a data no lugar, calcular: - a hora de paso do Sol polo meridiano do lugar. Coñecida a hora e a data en TU, a situación de estima, a altura instrumental do Sol ou dunha estrela, o erro de índice do sextante e a elevación do observador sobre o horizonte, calcular: - Correccións e obter a altura verdadeira do Sol (limbo inferior) ou estrela.
2.4	Recta de altura: Sol e estrelas.	Os seus determinantes. Casos particulares da recta de altura: - Latitude por altura meridiana de Sol. - Latitude por altura da estrela Polar.
2.5	Situación por rectas de altura: Sol e estrelas.	- Situación por dúas rectas de alturas simultáneas. - Situación por dúas rectas de altura non simultánea, calculando os seus determinantes coa situación de estima correspondente á hora de cada observación. - Calcular o intervalo ata o paso do Sol e estrelas polo meridiano superior do lugar do buque en movemento.
2.6	Corrección total.	Formas de obter a corrección total: - Coa relación de declinación magnética e desvío do compás. - Coa relación de acimut náutico e acimut de agulla: > Tendo como dato o acimut de agulla da estrela Polar. > Tendo como dato o acimut de agulla do Sol no momento do orto ou ocaso verdadeiros.
2.7	Derrota ortodrómica.	Cálculo de rumbo inicial e da distancia ortodrómica.

Unidade de traballo 3. Meteoroloxía.

UT3	Identificación	
3.1	A atmosfera.	Composición.
3.2	Formas tormentosas.	Chuvascos. Trombas. Tornados. Fenómenos eléctricos, acústicos e ópticos.
3.3	Sistemas xerais de ventos.	Fronte polar. Zona de converxencia intertropical. Distribución de presións e ventos. Alisios e ventos xerais do oeste. Calmas ecuatoriais. Calmas tropicais. Ventos polares. Monzóns.
3.4	Ciclóns tropicais.	Formación, traxectoria e ciclo de vida. Semicírculos perigoso e manexable. Forma de manobrar os ciclóns. Escala de Saffir-Simpson (sen memorizar)
3.5	Correntes mariñas.	Principais correntes do Atlántico.
3.6	Xeos flotantes.	Orixe, límites e tipos destes. Épocas e lugares onde son máis frecuentes. Navegación en zona de xeos.

Unidade de traballo 4. Inglés.

UT4	Identificación. Tradución do inglés para o español de:
4.1	Publicacións náuticas en inglés.
4.2	Recepción e transmisión de mensaxes usando o IMO Standard Marine Communication Phrases: Introducción, xeneralidades, parte A, parte B: B1 e B2.

Exame teórico.

1. O exame compoñerase de 40 preguntas tipo test de formulación independente entre si, con catro posibles respostas cada unha. A súa duración máxima será de dúas horas e media. O exame corríxrase mediante un dobre criterio de valoración:
 - a) Globalmente. Para lograr o aprobado deberase responder correctamente un mínimo de 28 preguntas e non se permitirá, en certas materias, superar un número máximo de erros:
 - De teoría de navegación, máximo 5 erros permitidos.
 - De cálculo de navegación, máximo 4 erros permitidos.
 - b) Por módulos temáticos. Poderase lograr o aprobado por módulos, sempre e cando se superen os criterios específicos das dúas materias que compoñen cada módulo de acordo cos criterios da seguinte táboa. O aprobado do módulo conservarase durante as dúas seguintes convocatorias en que a Administración competente realice exames de capitán de iate. O aprobado por módulos só será válido no ámbito exclusivo de cada Administración con competencias.
2. A distribución das preguntas de acordo coas materias de exame farase segundo o seguinte cadro.

	Materia	Módulos temáticos	Número de preguntas de exame	Número máximo de erros permitidos	Número mínimo de respostas correctas
1	Teoría de Navegación	Módulo de navegación (1 hora e 30 minutos)	10	5	5
2	Cálculo de Navegación		10	4	6
3	Meteoroloxía	Módulo xenérico (1 hora)	10	5 (só en caso de corrección por módulos)	5 (só en caso de corrección por módulos)
4	Inglés		10	5 (só en caso de corrección por módulos)	5 (só en caso de corrección por módulos)
TOTAL EXAME			40	12	28

ANEXO III

Prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación

Este anexo desenvolve as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación de acordo cos seguintes puntos:

1. Definicións.
2. Duración e forma de impartición das prácticas.
3. Contido das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para cada unha das titulacións.
4. Avaliación das prácticas.

1. Definicións.

1.1 *Intervalos de descanso:* aquel período de tempo durante o cal non se realiza ningunha tarefa formativa relacionada coa obtención dos títulos, cursos de formación ou prácticas reguladas neste real decreto. Recoñécense dous tipos de intervalos de descanso, intervalo de descanso tipo A e intervalo de descanso tipo B. O tipo A é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será dunha hora. O tipo B é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será de 8 horas.

1.2 *Réxime de singradura:* réxime de impartición de prácticas no cal se poderá certificar un máximo de 8 horas de prácticas por cada día natural. No réxime de singradura deberanse respectar os seguintes intervalos de descanso:

- Cada 4 horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o seu primeiro inicio, ben despois de que concluíse calquera dos intervalos de descanso A o B, realizarase un intervalo de descanso do tipo A.

- Cada 8 horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o seu primeiro inicio, ben despois de que concluíse un intervalo de descanso do tipo B, realizarase un intervalo de descanso do tipo B.

- Unha vez finalizadas as prácticas deberase respectar o tipo de descanso correspondente.

1.3 *Sesión de prácticas:* período de tempo en que se realiza calquera das prácticas regulamentarias establecidas neste real decreto comprendido entre dous intervalos de descanso, xa sexan estes A ou B.

1.4 *Réxime de travesía:* navegación que se realiza entre dous portos distintos ou ben con saída e chegada ao mesmo porto; en calquera caso, a navegación realizada deberá ser acorde co título para o que habilitarán estas prácticas e permitir desenvolver o seu contido. No réxime de travesía non se poderá deter a navegación durante un intervalo superior a seis horas por cada día natural ou ben por cada intervalo de 24 horas de prácticas.

1.5 *Detención da navegación:* considérase detención da navegación unha fondeadura ou amarre a unha boia que teñan unha duración superior a 30 minutos.

1.6 *Interrupción da navegación:* considérase interrupción da navegación un amarre en porto que teña unha duración superior a 30 minutos. Os períodos de interrupción da navegación non computarán para efectos de prácticas, sempre e cando non se debesen a unha emerxencia, mal tempo, avaría ou calquera outra cuestión sobrevida que impida o correcto desenvolvemento das prácticas; neste caso poderá computar o tempo transcorrido de prácticas, para a súa finalización con posterioridade.

1.7 Garda de navegación: período de catro horas comprendidas dentro do réxime de travesía, en que se realizan tarefas de formación.

2. Duración e forma de impartición das prácticas segundo titulacións.

2.1 Licenza de navegación.

As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para a obtención da licenza de navegación terán unha duración mínima de catro horas e realizaranse en réxime de singradura.

2.2 Patrón para navegación básica.

2.2.1 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para a obtención do título de patrón para navegación básica terán unha duración mínima de oito horas.

2.2.2 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación realizaranse en réxime de singradura. Poderanse combinar coas prácticas regulamentarias de navegación a vela para a obtención das atribucións complementarias de vela (que se realizarán tamén en réxime de singradura). Neste caso, a duración mínima total das prácticas regulamentarias será de 24 horas.

2.2.3 Para a realización das prácticas de seguridade e navegación de patrón para navegación básica, poderanse formar grupos mixtos, compostos por aspirantes á titulación tanto de patrón para navegación básica como da licenza de navegación diúrna, e deberán respectarse, en calquera caso, os contidos e requisitos formativos específicos para cada titulación recollidos neste real decreto e neste anexo. Así mesmo, a certificación emitida deberase realizar única e exclusivamente para o título que cada alumno pretenda obter.

2.3 Patrón de embarcacións de recreo.

2.3.1 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para a obtención do título de patrón de embarcacións de recreo terán unha duración mínima de 16 horas.

2.3.2 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación realizaranse en réxime de singradura. Poderanse combinar coas prácticas regulamentarias de navegación a vela para a obtención das atribucións complementarias de vela (que se realizarán tamén en réxime de singradura). Neste caso, a duración mínima total das prácticas regulamentarias será de 32 horas.

2.3.3 Para a realización das prácticas de seguridade e navegación de patrón de embarcacións de recreo non se poderán formar grupos mixtos compostos por aspirantes a outras titulacións.

2.4 Patrón de iate.

2.4.1 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para a obtención do título de patrón de iate terán unha duración mínima de 48 horas, das cales un mínimo de 36 horas será en réxime de travesía; cada alumno deberá realizar, polo menos, unha garda de navegación completa de día e outra de noite.

2.4.2 O requisito imposto polo artigo 15.8 en canto ao número máximo de alumnos por cada práctica poderase elevar ata nove alumnos.

2.4.3 Co fin de obter a habilitación a vela, as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación poderanse realizar de forma conxunta coas prácticas regulamentarias de navegación a vela; neste caso, o cómputo total de horas de prácticas non poderá ser inferior a 72 horas, das cales un mínimo de 60 horas será en réxime de travesía, e cada alumno deberá realizar, polo menos, dúas gardas de navegación completas de día e outras dúas de noite. A realización conxunta das prácticas regulamentarias de seguridade e navegación coas prácticas regulamentarias de navegación a vela poderase realizar en

dúas sesións distintas; neste caso, cada sesión deberá ter unha duración mínima de 24 horas de prácticas, conservando a proporción de horas de formación en réxime de travesía e fóra deste, así como o número de gardas que se deben realizar e o seu ámbito.

2.4.4 Para a realización das prácticas de seguridade e navegación de patrón iate, poderanse formar grupos mixtos, compostos por aspirantes á titulación tanto de patrón de iate como de capitán de iate; deberán respectarse, en calquera caso, os contidos formativos específicos para cada titulación recollidos neste anexo. Así mesmo, a certificación emitida pola escola náutica de recreo deberase realizar única e exclusivamente para o título que cada alumno pretenda obter.

2.5 Capitán de iate:

2.5.1 As prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para a obtención do título de capitán de iate terán unha duración mínima de 48 horas, das cales un mínimo de 36 horas será en réxime de travesía e cada alumno deberá realizar, polo menos, unha garda de navegación completa de día e outra de noite.

2.5.2 O requisito imposto polo artigo 16.6 en canto ao número máximo de alumnos por cada práctica poderase elevar ata nove alumnos.

2.5.3 Co fin de obter a habilitación a vela, as prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación poderanse realizar de forma conxunta coas prácticas regulamentarias de navegación a vela; neste caso, o cómputo total de horas de prácticas non poderá ser inferior a 72 horas, das cales un mínimo de 60 horas será en réxime de travesía, e cada alumno deberá realizar, polo menos, dúas gardas de navegación completas de día e outras dúas de noite. A realización conxunta das prácticas regulamentarias de seguridade e navegación coas prácticas regulamentarias de navegación a vela poderase realizar en dúas sesións distintas; neste caso, cada sesión deberá ter unha duración mínima de 24 horas de prácticas, conservando a proporción de horas de formación en réxime de travesía e fóra deste, así como o número de gardas que se deben realizar e o seu ámbito.

2.5.4 Para a realización das prácticas de seguridade e navegación de capitán iate, poderanse formar grupos mixtos, compostos por aspirantes á titulación tanto de capitán de iate como de patrón de iate; deberán respectarse, en calquera caso, os contidos formativos específicos para cada titulación recollidos neste anexo. Así mesmo, a certificación emitida pola escola náutica de recreo deberase realizar única e exclusivamente para o título que cada alumno pretenda obter.

3. Contido das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para cada unha das titulacións.

3.1 Licenza de navegación.

3.1.1 Distribución do temario práctico.

As prácticas para a obtención da licenza de navegación terán unha duración de 4 horas, nas cales se impartirá a seguinte formación.

Poderase outorgar certa flexibilidade na realización e no desenvolvemento das prácticas en función das condicións meteorolóxicas. En calquera caso deberase esgotar o total de horas e impartir o temario de prácticas na súa totalidade.

Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar.

Coñecemento e manexo do material de seguridade, revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Número 2. Motores.

Identificación dos elementos da instalación propulsora. Arranque do motor e comprobacións de funcionamento.

Número 3. Cordame.

Manexo de cabos e nós básicos.

Número 4. Manobras.

Manobras en dársena, atracadas e desatracadas. Velocidade de seguridade.

Número 5. Fondeadura, vixilancia e control da derrota.

Manobra de fondeadura e virado do áncora. Precaucións con bañistas e mergulladores.

Número 6. Manobras de seguridade.**3.1.2 Contido detallado**Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar

Uso do chaleco salvavidas e recoñecemento dos seus elementos. Importancia do seu axuste e colocación. Bengalas de man, precaucións no seu manexo e explicación do seu uso. Manexo da bucina de néboa e do heliógrafo. a bomba de achique. A caixa de urxencias de a bordo e o seu contido.

- Revisión dos puntos críticos da embarcación: billas de fondo, bucina, mecha do temón, portelos e outras aberturas no casco. Comprobacións previas á saída ao mar: estado xeral da embarcación, achique, comprobación de espazos baleiros, nivel de combustible, auga potable, carga das baterías. Comprobación do número máximo de persoas a bordo e da validez dos elementos de seguridade.

Número 2. Motores.

- Motores fóra borda: peculiaridades e precaucións no seu manexo. Comprobacións previas ao arranque do motor: ausencia de atmosferas explosivas, niveis, punto morto e carga da batería de arranque. Alarma de quentamento e nivel de aceite. Arranque do motor e comprobacións de funcionamento da bomba de refrixeración, cor do fume de escape e son do motor, sistemas de home á auga.
- Propulsión por chorro: características, acelerador por gatillo e precaucións da zona da bomba e tobeira (posibles danos a persoas).

Número 3. Cordame.

Precaucións no uso de cabos. Nós básicos: cote, as de guía, ballestrinque. Explicación dos seus usos. Forma de facer firme un cabo en bitas e cornamusas.

Número 4. Manobras.

- Precaucións antes de deixar o amarre: outras embarcacións, obstáculos ou cabos na auga. Manobra de desatracada en función de vento e corrente. Efectos do xiro da hélice na manobra. Evolución indo avante e atrás. Ceavoga. Curva de evolución. Velocidade de seguridade. Ángulos de visión e manobra en puntas de espigóns e outros lugares sen visibilidade.
- Recoñecemento dos puntos de amarre en terra. Preparación de amarras a bordo. Colocación das defensas e precaucións ao abarloarse. Aproximación á atracada. Usos do bicheiro. Uso das amarras: largos, traveses e espríns. Forma de amarrar a cornamusas, bitas e agolas. Atracada en función do vento e da corrente.

Número 5. Fondeadura.

- Factores de elección do fondeadoiro: abrigo, vento, corrente e ancoradoiro. Fondeadoiros de area, lama e cascallo, particularidades. Lonxitude de cadea en función do fondo e das condicións de mar e vento. Facer firme a fondeadura. Levar.
- Precaucións con bañistas e mergulladores: á aproximación e saída do fondeadoiro, ao arrincar o motor estando fondeados.

Número 6. Manobras de seguridade

Identificación dos diferentes riscos de caída ao mar. Modo de proceder en caso de home á auga.

3.2 Patrón de navegación básica.

3.2.1 Distribución do temario práctico

As prácticas para a obtención do título de patrón para navegación básica terán unha duración de oito horas nas cales se impartirá a seguinte formación.

Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar.

Coñecemento e manexo do material de seguridade, revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Número 2. Motores.

Identificación dos elementos da instalación propulsora. Arrinque do motor e comprobacións de funcionamento.

Número 3. Cordame.

Manexo de cabos e nós básicos.

Número 4. Manobras.

Manobras en dársena, atracadas e desatracadas. Velocidade de seguridade.

Número 5. Fondeadura, vixilancia e control da derrota.

Manobra de fondeadura e virado da áncora. Precaucións con bañistas e mergulladores.

Número 6. Manobras de seguridade.

- Riscos en caso de home á auga, precaucións e recollida deste, uso da función MOB do equipamento GNSS
- Poderase outorgar certa flexibilidade na realización e no desenvolvemento das prácticas en función das condicións meteorolóxicas. En calquera caso, deberase esgotar o total de horas e impartir o temario de prácticas na súa totalidade.

3.2.2 Contido detallado

Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar

- Material de seguridade. Estiba e mantemento do material de seguridade. Uso do chaleco salvavidas e recoñecemento dos seus elementos. Importancia do seu axuste e colocación. Uso dos chalecos inchables. O aro salvavidas, o seu uso e estiba. Bengalas de man, precaucións no seu manexo e explicación do seu uso. Manexo da bucina de néboa e do heliógrafo. O reflector de radar. A bomba de achique e os baldes. A caixa de urxencias de a bordo e o seu contido.
- Comprobacións antes de saír ao mar. Revisión dos puntos críticos da embarcación: billas de fondo, bucina, mecha do temón, portelos e outras aberturas no casco. Comprobacións previas á saída ao mar: estado xeral da embarcación, achique, comprobación de espazos baleiros, nivel de combustible, auga potable, carga das baterías. Comprobación do número máximo de persoas a bordo e da validez dos elementos de seguridade.

Número 2. Motores.

Motores. Comprobación de apertura das tomas de mar. Bomba de refrixeración. Control de posibles perdas de auga, aceite ou combustible. Nivel de aceite. Quentadores. Arrefriador. Nivel de líquido refrixerante en caso de motores con circuíto pechado. As incrustacións no circuíto de auga de mar. Nivel de combustible, presenza de auga e impurezas no tanque. Filtro de combustible e decantador. Purga do circuíto de combustible en caso de aire neste. Consumo e réxime do motor. Cálculo da distancia navegable en función do combustible, o réxime e o estado do mar. Importancia do combustible de reserva. Motores fóra bordo: peculiaridades e precaucións no seu manexo. Comprobacións previas ao arrinque do motor: ausencia de atmosferas explosivas, niveis, punto morto e carga da batería de arrinque. Alarma de quentamento e nivel de aceite. Arrinque do motor e comprobacións de funcionamento da bomba de refrixeración, cor do fume de escape e son do motor.

Número 3. Cordame.

Cordame. Precaucións no uso de cabos. Nós básicos: cote, as de guía, ballestrinque. Explicación dos seus usos. Forma de facer firme un cabo en bitas e cornamusas. Facer firme un cabo de remolque. Aduxado. Prevención de cocas.

Número 4. Manobras.

- Manobras en dársena. Precaucións antes de deixar o amarre: outras embarcacións, obstáculos ou cabos na auga. Manobra de desatracada en función de vento e corrente. Efectos do xiro da hélice na manobra. Evolución indo avante e atrás. Ceavoga. Curva de evolución. Velocidade de seguridade. Ángulos de visión e manobra en puntas de espigóns e outros lugares sen visibilidade. Parar a arrincada.

- Atracadas e desatracadas. Recoñecemento dos puntos de amarre en terra. Elección do costado da atracada. Preparación de amarras a bordo. Colocación das defensas e precaucións ao abarloado. Aproximación á atracada. Atracada de costado, por proa e en punta. Usos do bicheiro. Uso das amarras: largos, traveses e espríns. Forma de amarrar a cornamusas, bitas e argolas. Desatracadas en función do vento e corrente.

Número 5. Fondeadura.

- Fondeadura. Factores de elección do fondeadoiro: abrigo, vento, corrente e ancoradoiro. Fondeadoiros de area, lama e cascallo, particularidades. Lonxitude de cadea en función do fondo e das condicións de mar e vento. Facer firme a fondeadura. Alarmas de fondeadura no equipamento GNSS e sonda. Áncora engalgada. Orincado de áncoras. Levar.
- Precaucións con bañistas e mergulladores: á aproximación e saída do fondeadoiro, ao arrincar o motor estando fondeados.

Número 6. Manobras de seguridade

Manobra de home á auga. Identificación dos diferentes riscos de caída ao mar. Modo de proceder en caso de home á auga. Lanzamento de obxecto simulando ser o home á auga e exercicio de recollida en que se teña en conta a importancia do control visual, a parada de máquina, o lanzamento de aro salvavidas ou obxecto flotante á auga, o achegamento ao home á auga, controlando o abatemento, a velocidade e medidas de temón para librar a popa; o uso do bicheiro, a elección do lugar máis practicable para o izado a bordo e a recollida. Precaucións en caso de hipotermia. Manobra de home á auga utilizando a función MOB do equipamento GNSS.

3.3 Patrón de embarcacións de recreo.

3.3.1 Organización do tempo

A repartición do tempo total de prácticas dividiríase en números. Son os seguintes:

Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar.

Cofecemento e manexo do material de seguridade, revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Número 2. Planificación da derrota e loita contraincendios

Planificación da derrota: identificación da zona que se vai navegar, estado e capacidade da tripulación e interpretación das previsións meteorolóxicas. Cuestións de loita contraincendios.

Número 3. Motores e instalación eléctrica

Identificación dos elementos da instalación propulsora e da instalación eléctrica. Arrinque do motor e comprobacións de funcionamento.

Número 4. Mantemento da embarcación, prevención da contaminación e cordame.

Mantemento da embarcación e dos seus elementos. Precaucións en función do seu material. Antiincrustantes. Prevención da contaminación mariña. Manexo de cabos e nós básicos.

Número 5. Manobras.

Manobras en dársena, atracadas e desatracadas. Velocidade de seguridade.

Número 6. Fondeadura, vixilancia e control da derrota

Manobra de fondeadura e ao control do rumbo e as regras do RIPA. Identificación de marcas e balizas. Rumbo inverso e precaucións na navegación nocturna e con visibilidade limitada.

Número 7. Navegación

Aspectos prácticos de navegación, como a determinación da corrección total por enfilacións, a situación por demoras, enfilacións e equipamentos GNSS, así como por estima gráfica. Uso da sonda e a corredeira. Posicionamento rápido na carta. Recoñecemento da costa, demoras e beiril de seguridade.

Número 8. Manobras de seguridade

Manobra de home á auga, usando a función MOB do equipamento GNSS, e as manobras de dar e recibir remolque. Teranse en conta tamén as precaucións no rescate desde embarcación e con helicópteros.

O desenvolvemento das partes en que se dividen as prácticas deberase adecuar á orde en que se establecen na relación, outorgando certa flexibilidade na súa realización en función das condicións meteorolóxicas e das horas por sesión de prácticas e totais indicado neste anexo. Deberá cumprirse o total de horas e completarse o temario das prácticas na súa totalidade.

3.3.2 Contido detallado

Número 1. Seguridade e comprobacións antes de saír ao mar

- Material de seguridade. Estiba e mantemento do material de seguridade. Uso do chaleco salvavidas e recoñecemento dos seus elementos. Importancia do seu axuste e colocación. O uso dos chalecos inchables. O aro salvavidas, o seu uso e estiba. Bengalas e foguetes, precaucións no seu manexo e explicación do seu uso. Manexo da bucina de néboa e do heliógrafo. O reflector de radar. A bomba de achique e os baldes. A caixa de urxencia de a bordo e o seu contido.
- Comprobacións antes de saír ao mar. Revisión dos puntos críticos da embarcación: billas de fondo, bucina, mecha do temón, portelos e outras aberturas no casco. Comprobacións previas á saída ao mar: estado xeral da embarcación, achique, comprobación de espazos baleiros, nivel de combustible, auga potable, carga das baterías e luces de navegación. Documentación a bordo: certificado de navegabilidade, permiso de navegación, titulación e xustificante do pagamento da prima de seguro obrigatorio correspondente ao período en curso. Comprobación do número máximo de persoas a bordo e da validez dos elementos de seguridade.

Número 2. Planificación da derrota e loita contraincendios

- Planificación da derrota. Previsión meteorolóxica e estado do mar. Comprobación de vento reinante e a súa intensidade. Estado do mar e a posibilidade de rompentes. Mareas: consulta das táboas e determinación rápida da altura pola regra do doceavo. Comprobación da carta da zona que se vai navegar, zonas de augas superficiais e perigos para a navegación. Condicións físicas e psíquicas dos tripulantes. Prevención do mareo. Importancia da estiba correcta.

- Loita contraincendios. o tipo de combustible da embarcación. Uso de chamas e chisqueiros a bordo. Acumulación de trapos, graxa e combustible. Riscos de fugas. Instalación de gas a bordo e o seu detector. Riscos da instalación eléctrica. Axentes extintores: po, CO₂, espuma e auga. Tipos de lumes. Estiba, comprobación de estado do extintor e precaucións previas ao seu uso. Uso óptimo dos extintores e como atacar as chamas. O lume en cabina e o lume en cuberta, particularidades.

Número 3. Motores e instalación eléctrica

- Motores. Comprobación de apertura das tomas de mar. Bomba de refrixeración. Control de posibles perdas de auga, aceite ou combustible. Nivel de aceite. Quentadores. Arrefriador. Nivel de líquido refrixerante en caso de motores con circuíto pechado. As incrustacións no circuíto de auga de mar. Nivel de combustible, presenza de auga e impurezas no tanque. Filtro de combustible e decantador. Purga do circuíto de combustible en caso de aire nel. Consumo e réxime do motor. Cálculo da distancia navegable en función do combustible, o réxime e o estado do mar. Importancia do combustible de reserva. Motores fóra borda: peculiaridades e precaucións no seu manexo. Comprobacións previas ao arrinque do motor: ausencia de atmosferas explosivas, niveis, punto morto e carga da batería de arrinque. Alarma de quentamento e nivel de aceite. Arrinque do motor e comprobacións de funcionamento da bomba de refrixeración, cor do fume de escape e son do motor.
- Instalación eléctrica. Baterías. Tipos e mantemento. Niveis de líquido e gases. Uso da vaselina nos bornes. Illamento de cables. Caixas de baterías e trincaxe. Lubricación e prevención da humidade. Cadro eléctrico e fusibles. As luces de navegación e do compás. Sulfatamento de cables e terminais. Carga das baterías, evitación de descargas. O alternador. Cambio de correas. Rectificador de corrente e picos de corrente. Consumo de luces, radio e aparellos de a bordo. Bombas de achique eléctricas. Placas solares, xeradores eólicos e hidroxeradores.

Número 4. Mantemento da embarcación, prevención da contaminación e cordame.

- Mantemento da embarcación e prevención da contaminación. Materiais das embarcacións: PRFV, ferro, aluminio e madeira. Precaucións no mantemento do PRFV: roturas, osmose e cubrición do xel-coat. Precaucións no mantemento do ferro: óxido e corrosión galvánica. Precaucións no mantemento do aluminio: corrosión galvánica. Precaucións en mantemento da madeira: pintado e vernizado, calafateado e fractura e pudrición da madeira. Pintura antiincrustante e estado da obra viva. Ánodos de sacrificio en cascos metálicos e eixes mergullados. Estado do goberno da embarcación, pa do temón e tomas de mar. Instalación de retención de augas sucias a bordo. Obriga anual de declarar a entrega de residuos oleosos. Lixos e o seu tratamento.
- Cordame. Tipos de cabos e as súas utilidades. Materiais. Cabos colchados e trenzados. Precaucións no uso de cabos. Nós básicos: medio nó, cote, as de guía, ballestrinque, nó chan e margarita. Explicación dos seus usos. Forma de facer firme un cabo en bitas e cornamusas. Empalme básico de cabos. Facer firme un cabo de remolque. Aduxamento. Prevención de cocas.

Número 5. Manobras.

- Manobras en dársena. Precaucións antes de deixar o amarre: outras embarcacións, obstáculos ou cabos na auga. Manobra de desatracada en función de vento e corrente. Efectos do xiro da hélice na manobra. Evolución indo avante e atrás. Ceavoga. Curva de evolución. Velocidade de seguridade. Ángulos de visión e manobra en puntas de espigóns e outros lugares sen visibilidade. Parar a arrincada.
- Atracadas e desatracadas. Elección da atracada en función do calado, a sonda e a eslora. Control da altura de marea, vento e corrente. Recoñecemento dos puntos de amarre en terra. Elección do costado da atracada. Preparación de amarras a bordo. Colocación das defensas e precaucións ao abarloado. Aproximación á atracada. Atracada de costado, por proa e en punta. Usos do bicheiro. Uso das amarras: largos, traveses e espríns. Forma de amarrar a cornamusas, bitas e argolas. Desatracadas en función do vento e da corrente.

Número 6. Fondeadura, vixilancia e control da derrota

- Fondeadura. Factores de elección do fondeadoiro: abrigo, vento, corrente e ancoradoiro. Fondeadoiros de area, lama e cascallo, particularidades. Sonda do fondeadoiro e calado da embarcación. Control da marea. Determinación do borneo. Precaucións respecto a baixos, espigóns, cables ou outras embarcacións. Preparación da fondeadura: áncoa en posición e cadea clara. Velocidade de fondeadura, rebasamento do fondeadoiro e aproado. Áncoa á pendura. Dar fondo. Lonxitude de cadea en función do fondo e das condicións de mar e vento. Facer firme a fondeadura e a comprobación por demoras e enfilacións da efectividade. Alarmas de fondeadura no equipamento GNSS e sonda. Áncoa engalgada. Orincado de áncoa. Levar.
- Precaucións con bañistas e mergulladores: á aproximación e saída do fondeadoiro, ao arrincar o motor estando fondeados.
- Vixilancia e control da derrota. Identificación de marcas e balizas. Zonas navegables. Regras do RIPA. Luces e marcas. Visibilidade e as súas limitacións por obxectos de a bordo. Control circular antes dun cambio de rumbo. Control das demoras de embarcacións próximas e riscos de abordaxe. Precaucións na navegación con visibilidade reducida. Precaucións na navegación nocturna. Precaucións no uso do piloto automático. Efectos do sol na visión. Como tomar as ondas.

Número 7. Navegación

- Rumbo e derrota. Lectura do compás. Navegación a un rumbo dado. Rumbo oposto. Uso da sonda e da corredeira. Goberno da embarcación en función do estado do mar e do vento, influencia destes na derrota. Rumbo de agulla e verdadeiro. Cálculo da declinación na carta. Determinación da corrección total por enfilacións. Como realizar unha táboa de desvíos. Trazado de rumbos na carta. Beiril de seguridade. Identificación da costa e dos perigos á navegación. Correccións nas cartas e avisos aos navegantes.
- Posición. Posición por dúas demoras simultáneas. Posición por enfilacións e oposicións. Posición polo equipamento GNSS. Situación rápida na carta por demora e distancia con referencia a un punto fixo da carta tido como *waypoint*. Estima gráfica na carta en función do rumbo e da velocidade. Posición por isóbatas.

Número 8. Manobras de seguridade

- Manobra de home á auga. Identificación dos diferentes riscos de caída ao mar. Modo de proceder en caso de home á auga. Lanzamento de obxecto simulando ser o home á auga e exercicio de recollida en que se teña en conta a importancia do control visual, a parada de máquina, o lanzamento de aro salvavidas ou obxecto flotante á auga, o achegamento ao home á auga, controlando o abatemento, a velocidade e metidas de temón para librar a popa; o uso do bicheiro, a elección do lugar máis practicable para o izado a bordo e a recollida. Precaucións en caso de hipotermia. Manobra de home á auga utilizando a función MOB do equipamento GNSS.
- Remolques. Identificación das avarías que implican remolque: fallos do goberno, fallos de aparello propulsor e falta de combustible. Precaucións ao achegarse para dar remolque, control do estado do mar e do vento. Riscos de colisión. Selección do cabo apropiado en función do tamaño das embarcacións e do estado do mar. Lanzamento de cabo guía e determinación da lonxitude do remolque en función da lonxitude das ondas. Recibir remolque. Elección do lugar en que se fai firme o remolque. Precaucións no rescate con lanchas de salvamento. Precaucións no rescate desde helicóptero: comunicacións previas, aproado da embarcación, abatemento por rebufo do helicóptero, precaución de non tocar o cabo do rescatador e de que non se faga firme nin se enrede na embarcación e posta á disposición do rescatador. Rescate desde cuberta e desde a auga.

3.4 Patrón de iate.

3.4.1 Obxectivos que se deben lograr

A realización das prácticas en réxime de travesía non pretende incidir de novo naquelas cuestións que fosen realizadas en prácticas de titulacións inferiores, ou polo menos na súa totalidade, para así perfeccionar outros aspectos da navegación, orientados principalmente á travesía e a navegación segura dentro das atribucións do título de patrón de iate. Para isto perséguese un incremento da estadía no mar facendo que o alumno se habitúe á duración das navegacións que podería realizar con este título. O establecemento dun réxime de gardas durante o desenvolvemento das prácticas e a realización das tarefas típicas destas son vitais para unha correcta asimilación dos obxectivos que se pretenden lograr, os cales se clasifican en cinco números:

Número 1. Utilización do material de seguridade e contraincendios.

Número 2. Preparación da derrota.

Número 3. Comprobacións antes de saír ao mar.

Número 4. Garda efectiva de navegación.

Número 5. Navegación.

3.4.2 Contido detallado

Número 1. Utilización do material de seguridade e contraincendios.

- Repaso de cuestións relativas ao material de seguridade, á súa estiba e mantemento. Uso do chaleco salvavidas e recoñecemento dos seus elementos. Importancia do seu axuste e colocación. Uso dos chalecos inchables. O aro salvavidas, o seu uso, estiba e comprobación do funcionamento da luz Holmes. Bengalas, foguetes e botes de fume

Precaucións no seu manexo e explicación do seu uso. Manexo da bucina de néboa e do heliógrafo. O reflector de radar. A bomba de achique e os baldes. Material contraincendios: localización a bordo, estado, trincaxe e precaucións de uso. Contido da caixa de urxencias segundo a lexislación vixente.

- Uso da balsa salvavidas, cun simulacro de abandono. Estiba, acceso e trincaxe da balsa salvavidas. Mantemento, revisións e precaucións de uso. Consideración da necesidade do abandono do buque, necesidade de emitir unha alerta efectiva antes do abandono. Precaucións ao subir a bordo, material que se debe levar (respondedor de radar, RBLS, VHF portátil, bengalas, roupa de abrigo, lanterna, auga e víveres), necesidade de roupa de abrigo e calzado lixeiro. Precaución con chamas e obxectos punzantes. Importancia de manter a balsa seca e ventilada e de manter os seus ocupantes secos e quentes. Prevención do mareo. Afirmado a bordo da rabiza. Modo de posta a flote da balsa e precaucións no seu uso. Inflado. Repartición de pesos e control de presión. Corte da rabiza e uso da áncora flotante. Quendas de garda. Comportamento de náufragos na auga.
- Uso da radiobaliza de localización de sinistros. Alertas accidentais. Estiba e mantemento. Comprobación da zafa hidrostática e da validez da batería. Proba en modo test.
- Sistema de identificación automática. Funcionamento do sistema e precaucións no seu manexo.
- Respondedor de radar. Funcionamento, estiba a bordo e precaucións no seu manexo. Comprobación de validez da batería e proba en modo test.
- VHF portátil. Funcionamento, comprobación de carga de batería e batería de recambio.

Número 2. Preparación da derrota.

- Comprobación das cartas da zona que se vai navegar. Actualización dos avisos aos navegantes. Trazado de derrota. Identificación de perigos. Libros de faros, sinais radio e derroteiro. Datos e característica dos faros e balizas da zona que se vai navegar. Anuario de mareas. Comprobación de horas de marea e sonda no porto ou portos en que se vaia recalar, coas súas correccións de altura e hora. Correccións barométricas. Identificación de zonas de amarre. Determinación de abrigos e fondeadoiros na zona que se vai navegar en función do estado da mar e vento.
- Documentación que hai que levar a bordo: certificados, permiso de navegación, xustificante do pagamento da prima de seguro obrigatorio correspondente ao período en curso e titulación. Licenza de estación de barco e MMSI.
- Previsións meteorolóxicas e contraste coa situación local. Avisos aos navegantes e de seguridade. Control das horas de emisión de boletíns meteorolóxicos dos CCS.

Número 3. Revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

- Revisión de nivel de combustible e da autonomía que este confire cunha marxe ampla de respecto, carga de baterías, estado do aparello propulsor e de goberno. Luces de navegación.

- Dispoñibilidade de auga e alimentos suficientes para as persoas a bordo en relación coa duración da navegación. Necesidade de dispoñer de cantidades superiores ás previstas. Estiba a bordo e conservación. Estado físico dos tripulantes. Comprobación do material de seguridade: dispoñibilidade e localización a bordo, estado xeral, validez e estiba.
- Arranchado.
- Arrinque de motores, e control de escapes e temperatura. Comprobación de carga de baterías.
- Comunicación ao CCS de saída, zona que se vai navegar e ETA.
- Largado de cabos e manobra de saída.

Número 4. Garda efectiva de navegación.

- Cumprimento das quendas de garda. Entrega e recepción da garda.
- Vixilancia efectiva. Visibilidade. Luces de navegación. Precaucións durante a garda de noite: iluminación reducida na ponte ou bañeira e control e identificación das luces de navegación doutros barcos. Prevención da somnolencia.
- Control do rumbo. Goberno e marcha en función do estado do mar e do vento, do consumo e da visibilidade. Uso do piloto automático e precaucións. Control da derrota. Vixilancia radar.
- Recoñecemento da costa. Uso do derroteiro. Recoñecemento de faros e a súa característica.
- Seguimento dos partes meteorolóxicos. Control da presión atmosférica, aspecto xeral e nubes, e dirección e intensidade do vento. Refachos de vento, a súa detección e prevención de efectos adversos.
- Control do estado do mar: variación en tamaño e dirección do mar de fondo.
- Posicións na carta: horarias, de cambio de rumbo e en función dos cabos, outros accidentes costeiros ou perigos á navegación.
- Estado físico da tripulación. Cansazo, somnolencia, mal de mar, hidratación, protección contra o frío e contra a insolación e a calor excesiva.

Número 5. Navegación.

- Situación na carta. Situación por demora e distancia. Por dúas demoras. Por tres demoras. Situación por enfilacións.
- Uso de equipamentos GNSS. Inicialización, obtención de datos dos puntos de recalada na carta, introdución no navegador, creación dunha derrota e determinación de erros. Alarmas de rumbo e fondeadura.
- Cálculo da corrente, o seu rumbo e intensidade horaria.
- Navegación de estima e comparación coas situacións observadas ou satelitarias. Determinación da hora estimada de chegada (ETA).
- Uso do radar. Inicio. erros e reflexións. Falsos ecos. Recoñecemento da costa. Situación por dúas distancias.
- Navegación sen visibilidade. Uso combinado de equipamentos GNSS, radar e sonda. Mantemento de navegación de estima.

- Recalada. Recoñecemento das enfilacións, luces, marcas e accidentes costeiros notables. Beirís de seguridade. Determinación da altura de marea á hora da recalada e marxes de seguridade.

3.5 Capitán de iate:

3.5.1 Obxectivos que se deben lograr

A realización das prácticas en réxime de travesía non pretende incidir de novo naquelas cuestións que fosen realizadas en prácticas de titulacións inferiores, ou polo menos na súa totalidade, para así perfeccionar outros aspectos da navegación, orientados principalmente á travesía e á navegación segura dentro das atribucións do título de capitán de iate. Para isto perséguese un incremento da estadía no mar facendo que o alumno se habitúe á duración das navegacións que podería realizar con este título. O establecemento dun réxime de gardas durante o desenvolvemento das prácticas e a realización das tarefas típicas destas son vitais para unha correcta asimilación dos obxectivos que se pretenden lograr, os cales se clasifican en cinco números:

Número 1. Utilización do material de seguridade e contraincendios.

Número 2. Preparación da derrota.

Número 3. Revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Número 4. Garda efectiva de navegación.

Número 5. Navegación.

3.5.2 Contido detallado

Número 1. Utilización do material de seguridade e contraincendios:

- Repaso de cuestións relativas ao material de seguridade, á súa estiba e mantemento. Uso do chaleco salvavidas e recoñecemento dos seus elementos. Importancia do seu axuste e colocación. Uso dos chalecos inchables. O aro salvavidas, o seu uso, estiba e comprobación do funcionamento da luz Holmes. Bengalas, foguetes e botes de fume, Precaucións no seu manexo e explicación do seu uso. Manexo da bucina de néboa e do heliógrafo. O reflector de radar. A bomba de achique e os baldes.
- Repaso do uso da balsa salvavidas. Estiba, acceso e trincaxe da balsa salvavidas. Mantemento, revisións e precaucións de uso. Consideración da necesidade do abandono da embarcación, necesidade de emitir unha alerta efectiva antes do abandono. Precaucións ao subir a bordo, material que hai que levar (respondedor de radar, RBLS, VHF portátil, bengalas, roupa de abrigo, lanterna, auga e víveres), necesidade de roupa de abrigo e calzado lixeiro. Precaución con chamas e obxectos punzantes. Importancia de manter a balsa seca e ventilada e de manter os seus ocupantes secos e quentes. Prevención do mareo. Afirmado a bordo da rabiza. Modo de posta a flote da balsa e precaucións no seu uso. Modo de inflado. Repartición de pesos e control de presión. Corte da rabiza e uso do áncoa flotante. Quendas de garda. Comportamento de náufragos na auga.
- Uso da radiobaliza de localización de sinistros. Alertas accidentais. Estiba e mantemento. Comprobación da zafa hidrostática e da validez da batería. Proba en modo test. Sistema de identificación automática. Funcionamento do sistema e precaucións no seu manexo. Funcionamento doutros equipamentos radio da zona 1 de navegación, en

función do equipamento da embarcación. Respondedor de radar. Funcionamento, estiba a bordo e precaucións no seu manexo. Comprobación de validez da batería e proba en modo test. VHF portátil. Funcionamento, comprobación de carga de batería e batería de recambio.

- Material contraincendios: localización a bordo, estado, trincaxe e precaucións de uso. Contido da caixa de urxencias regulamentaria segundo a lexislación vixente.

Número 2. Preparación da derrota.

- Comprobación das cartas da zona que se vai navegar. Actualización dos avisos aos navegantes. Trazado de derrota. Identificación de perigos. Libros de faros, sinais radio e derroteiro. Datos e característica dos faros e balizas da zona que se vai navegar. Anuario de mareas. Comprobación de horas de marea e sonda no porto ou portos en que se vaia recalar, coas súas correccións de altura e hora. Correccións barométricas. Identificación de zonas de amarre. Determinación de abrigo e fondeadoiros na zona que se vai navegar en función do estado da mar e vento.
- Comprobación de estado e estiba do sextante. Comprobación do funcionamento da alidada e o seu bloqueo, así como do tambor micrométrico en caso de que dispoña del, estado dos espellos e filtros. Erro de índice. Comprobación do estado e estiba do cronómetro. Establecemento absoluto e retardo. Comprobación da vixencia do almanaque náutico.
- Documentación que hai que levar a bordo: certificados, diario de navegación, permiso de navegación, xustificante do pagamento da prima de seguro obrigatorio correspondente ao período en curso e titulación. Licenza de estación de barco e MMSI.
- Previsións meteorolóxicas e contraste coa situación local. Avisos aos navegantes e de seguridade. Control das horas de emisión de boletíns meteorolóxicos dos CCS. Información e procedemento de contacto co centro radiométrico.

Número 3. Revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Revisión de nivel de combustible e da autonomía que este confire cunha marxe ampla de respecto, carga de baterías, estado do aparello propulsor e de goberno. Luces de navegación. Dispoñibilidade de auga e alimentos suficientes para as persoas a bordo en relación coa duración da navegación. Necesidade de dispoñer de cantidades superiores ás previstas. Estiba a bordo e a súa conservación. Estado físico dos tripulantes. Comprobación do material de seguridade: dispoñibilidade e localización a bordo, estado xeral, validez e estiba. Arranchado. Arrinque de motores, control de escapes e temperatura. Comprobación de carga de baterías. Comunicación ao CCS de saída, zona que se vai navegar e ETA. Largado de cabos e manobra de saída.

Número 4. Garda efectiva de navegación.

- Cumprimento das quendas de garda. Entrega e recepción da garda. Vixilancia efectiva. Visibilidade. Luces de navegación. Precaucións durante a garda de noite: iluminación reducida na ponte ou bañeira e control e identificación de luces de navegación doutros barcos. Prevención da somnolencia. Control do rumbo. Goberno e marcha en función do estado do mar e vento, do consumo e da visibilidade. Uso do piloto automático e precaucións. Control da derrota. Vixilancia radar. Recoñecemento da costa. Uso do derroteiro. Recoñecemento de faros e as súas características.

- Seguimento dos partes meteorolóxicos. Control da presión atmosférica, aspecto xeral, nubes, e dirección e intensidade do vento. Refachos de vento, a súa detección e prevención de efectos adversos. Control do estado do mar: variación en tamaño e dirección do mar de fondo.
- Posicións na carta: horarias, de cambio de rumbo e en función dos cabos, outros accidentes costeiros ou perigos á navegación.
- Estado físico da tripulación. Cansazo, somnolencia, mal de mar, hidratación, protección contra o frío e contra a insolación e a calor excesiva.
- Cubrir o diario de navegación. Condicións meteorolóxicas, rumbos e os seus cambios, velocidades, posicións e feitos destacables.

Número 5. Navegación.

- Situación na carta. Situación por demora e distancia. Por dúas demoras. Por tres demoras. Situación por enfilacións. Ciclónica. Posición por ángulos horizontais.
- Cálculo da corrente, o seu rumbo e intensidade horaria.
- Cálculos astronómicos: determinación da corrección total ao orto e ao ocaso. Situación por dúas rectas de altura. Situación por unha recta de altura e unha demora a un punto coñecido da costa. Situación meridiana.
- Navegación de estima e comparación coas situacións observadas ou satelitarias. Determinación da hora estimada de chegada (ETA).
- Uso do radar. Inicio. erros e reflexións. Falsos ecos. Recoñecemento da costa. Situación por dúas distancias.
- Navegación sen visibilidade. Uso radar e sonda. Mantemento de navegación de estima.
- Recalada. Recoñecemento das enfilacións, luces, marcas e accidentes costeiros notables. Beirís de seguridade. Determinación da altura de marea á hora da recalada e marxes de seguridade.

4. Avaliación das prácticas.

O instrutor deberá avaliar a capacidade do alumno, de acordo cos seguintes puntos. Poderá non asinar o certificado de prácticas correspondente se non se cumpre calquera deles:

- **Puntualidade e asistencia ás prácticas.** Non se permite un nivel de asistencia inferior ao 95%.
- **Aceptación das normas da escola náutica de recreo.** O alumno deberá aceptar as normas da escola para a impartición das prácticas.
- **Participación activa.** O alumno deberá participar activamente durante a totalidade das prácticas e ser receptivo á formación.

CERTIFICADO DE PRÁCTICAS REGULAMENTARIAS BÁSICAS DE SEGURIDADE E NAVEGACIÓN

D/D^a ⁽¹⁾: _____
con DNI/NIE/pasaporte ⁽²⁾: _____ ,
en posesión do título de ⁽³⁾: _____ ,
en calidade de instrutor da Escola náutica de recreo ⁽⁴⁾: _____ ,
declaro baixo a miña responsabilidade que D/D^a ⁽⁵⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte ⁽⁶⁾: _____ ,
realizou e superou con éxito as prácticas regulamentarias básicas de SEGURIDADE e NAVEGACIÓN de acordo cos requisitos e exixencias contidos no **Real decreto** (*).
As prácticas para a obtención do título de ⁽⁷⁾: _____ ,
realizáronse na embarcación ⁽⁸⁾: _____ de matrícula ⁽⁹⁾: _____ , o
⁽¹⁰⁾: _____ no porto de ⁽¹¹⁾: _____ .

E para que conste e por pedimento do interesado, expido o presente certificado, copia fiel do que figura no rexistro que para tal efecto se dispón.

En _____ o _____ de _____ de _____

Asinado:

Asinado:

O/A instrutor/a (nome e apelidos):

O/A director/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte: _____ DNI/NIE/pasaporte _____

Asinado:

O/A interesado/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

(1). Nome e apelidos do/a instrutor/a de prácticas.

(2). DNI/NIE/pasaporte do/a instrutor/a de prácticas.

(3). Título polo cal pode impartir as prácticas de seguridade e navegación.

(4). Nome da escola náutica de recreo.

(5). Nome e apelidos da persoa que recibiu as prácticas.

(6). DNI/NIE/pasaporte do alumno.

(7). Título correspondente. Capitán de iate, patrón de iate, patrón de embarcacións de recreo, patrón para navegación básica.

(8). Nome da embarcación de prácticas.

(9). Matrícula da embarcación de prácticas.

(10). Data/s de realización das prácticas.

(11). Porto en que se realizaron ou ben o de saída se se trata de prácticas en réxime de travesía.

(*) Nome do **real decreto** segundo a súa publicación.

ANEXO IV

Cursos de formación de radio-operador

Este anexo desenvolve os cursos de formación que habilitan para operar os equipamentos de radiocomunicacións instalados a bordo dunha embarcación de recreo, de acordo cos seguintes puntos:

1. Definicións.
2. Duración e forma de impartición dos cursos.
3. Contido dos cursos de radio-operador para cada unha das titulacións.
4. Avaliación dos cursos de formación.

1. Definicións.

1.1 Intervalos de descanso: aquel período de tempo durante o cal non se realiza ningunha tarefa formativa relacionada coa obtención dos títulos, cursos de formación ou prácticas reguladas neste real decreto. Recoñécense dous tipos de intervalos de descanso, intervalo de descanso tipo A e intervalo de descanso tipo B. O tipo A é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será dunha hora. O tipo B é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será de oito horas.

1.2 Réxime de formación académica: réxime de impartición de calquera tipo de tarefa formativa en aula, en que se poderá certificar un máximo de oito horas de formación por cada día natural. No réxime de formación académica deberanse respectar os seguintes intervalos de descanso:

- Cada catro horas de impartición de calquera acción formativa, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que conclúise calquera dos intervalos de descanso A ou B, realizarase un intervalo de descanso do tipo A.
- Cada oito horas de impartición de calquera acción formativa, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que conclúise un intervalo de descanso do tipo B, realizarase un intervalo de descanso do tipo B.
- Unha vez finalizada a acción formativa, deberase respectar o tipo de descanso correspondente.

1.3 Sesión de formación: período de tempo en que se realiza calquera tipo de acción formativa en aula establecida neste real decreto, comprendido entre dous intervalos de descanso, xa sexan estes A ou B.

2. Duración e forma de impartición dos cursos segundo titulacións.

2.1 Formación en radiocomunicacións, patrón para navegación básica.

2.1.1 Os cursos de formación en radiocomunicacións para a obtención do título de patrón para navegación básica terán unha duración mínima de catro horas, das cales polo menos dúas horas serán prácticas.

2.2 Radio-operador de curto alcance.

2.2.1 Os cursos de formación de radio-operador de curto alcance terán unha duración mínima de 12 horas, das cales, polo menos, oito horas se dedicarán a impartir as prácticas do punto D2, D3 correspondentes ao punto 5.2.

- 2.2.2 Os cursos de formación de radio-operador de curto alcance realizaranse en réxime de formación académica e poderán realizarse en tantas sesións de formación como a escola náutica de recreo considere oportunas. O requisito imposto polo artigo 16.6 en canto ao número máximo de alumnos será só de aplicación ás horas de formación práctica específica, no parágrafo de prácticas do punto D2, D3 correspondentes ao punto 5.2.

2.3 Radio-operador de longo alcance.

- 2.3.1 Os cursos de formación de radio-operador de longo alcance terán unha duración mínima de 16 horas, das cales, polo menos, oito horas se dedicarán a impartir as prácticas do punto D2, D3 correspondentes ao punto 5.3.
- 2.3.2 Os cursos de formación de radio-operador de longo alcance realizaranse en réxime de formación académica e poderán realizarse en tantas sesións de formación como a escola náutica de recreo considere oportunas. O requisito imposto polo artigo 16.6 en canto ao número máximo de alumnos será só de aplicación ás horas de formación práctica específica, no parágrafo de prácticas do punto D2, D3 correspondentes ao punto 5.3.

3. Contido dos cursos de formación en radiocomunicacións, de radio-operador de curto alcance e radio-operador de longo alcance.

3.1 Formación en radiocomunicacións, patrón para navegación básica.

Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.

Alínea B. Coñecemento práctico detallado e aptitude para utilizar os equipamentos de radiocomunicacións.

Contido detallado:

Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.

A.1. Características xerais básicas do servizo móbil marítimo:

- a) Tipos de estacións: estacións de barco; estacións costeiras; centros coordinadores de salvamento; estacións de servizos de movemento de barcos (VTS).
- b) Tipos de comunicacións: comunicacións de socorro, urxencia e seguridade; comunicacións SAR; comunicacións entre barcos; comunicacións de operacións portuarias e de movemento de barcos; comunicacións de correspondencia pública.

A.2. Identidades do servizo móbil marítimo:

- c) Números de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI): díxito de identificación marítima (MID); identidades de buques e estacións costeiras.

A.3. Características xerais das comunicacións en VHF:

- d) Alcance; canles de socorro, urxencia e seguridade, e para chamada e resposta; canles para comunicacións entre buques; canles de traballo das estacións costeiras e operacións portuarias.
- e) escoita obrigatoria nas canles de socorro.
- f) Interferencias.
- g) Orde de prioridade nas radiocomunicacións.
- h) Segredo das comunicacións.
- i) Autoridade do capitán.

A.4. Documentos básicos obrigatorios:

- j) Licenza de estación de barco.
- k) Procedemento para a instalación de equipamentos radioeléctricos.
- l) Lista de estacións costeiras e centros coordinadores de salvamento españois.

Alínea B. Coñecemento práctico detallado e aptitude para utilizar os equipamentos de radiocomunicacións.

B.1. Instalación radioelétrica de VHF con e sen LSD:

- m) Selección de canles e controis; sistema de dobre escoita; uso dos diferentes controis do equipamento; facilidades e uso do botón de socorro; manexo dos menús de LSD, posicionamento da antena, conexión GPS, comprobacións e mantemento de rutina.

B.2. Procedementos xerais de comunicación utilizando equipamentos de VHF:

- n) Chamada de rutina e resposta á chamada; canles radiotelefónicas para estas comunicacións; cando empregalas; exemplos.
- o) Alfabeto fonético internacional e cadro para o deletreo de cifras e letras.
- p) Diagrama internacional sobre procedementos de operación en situacións de socorro.
- q) Chamadas a estacións costeiras. Escoita obrigatoria nas canles de socorro.

B.3. Procedementos operacionais de socorro, urxencia e seguridade en VHF utilizando técnicas de chamada selectiva dixital e procedementos radiotelefónicos:

- r) Significado das comunicacións de socorro, alerta e seguridade.
 - s) Canles de socorro, urxencia e seguridade.
 - t) Transmisión, xustificante de recepción e tráfico de alertas e chamadas de socorro, urxencia e seguridade; cancelación de alertas de socorro, urxencia e seguridade involuntarias; transmisión, recepción e xustificante de recepción dunha alerta ou dunha chamada de socorro por unha estación que non estea en perigo (MAYDAY RELAY); tráfico de socorro (SILENCE MAYDAY e SILENCE FINI); utilización do sinal de socorro (MAYDAY); comunicacións no lugar do sinistro; cancelación de alertas involuntarias.
 - u) Transmisión de anuncios, chamadas e mensaxes de urxencia e seguridade; tipos de comunicacións de urxencia e seguridade; sinais de urxencia (PANPAN) e seguridade (SECURITÉ).
 - v) Consultas médicas.
 - w) Procedementos para probar os equipamentos.
- B.4. Chamada selectiva dixital (LSD):
- x) Características e procedementos xerais de operación; tipos de chamadas (chamada a todos os buques, chamada individual); facilidades e uso do botón de socorro; envío da alerta; revisión de mensaxes recibidas; controis e funcións de escoita. Cancelación de alertas involuntarias. Procedementos para probar os equipamentos.

B.5 Prácticas.

- y) Transmisión, xustificante de recepción e curso completo do tráfico dunha alerta e dunha chamada de socorro desde a bordo utilizando unha instalación de VHF. Retransmisión, xustificante de recepción e curso completo do tráfico dunha chamada de socorro recibida doutro barco (MAYDAY RELAY).
- z) Transmitir e recibir anuncios e chamadas de urxencia e seguridade en radiotelefonía e mediante LSD, e procedementos de comunicacións subseguintes. Iniciar unha chamada a unha costeira e a un centro radiomédico.

B.6. Equipamentos portátiles de VHF:

- aa) Características principais; alcance; canles de operación; controis; baterías primarias e secundarias; tipos de equipamentos. Prácticas de comunicacións con estes equipamentos.

B.7. Radiobalizas de localización por satélite de 406 MHz:

- bb) Características básicas de operación; funcións de localización; mantemento de rutina; probas co sistema de auto-test; batería e mecanismo de zafa hidrostática. Procedementos de rexistro e instalación. Cancelación dunha alerta emitida involuntariamente. O sistema Cospas-Sarsat: Concepto básico do sistema. Prácticas.

B.8. Fontes de enerxía para os equipamentos radioeléctricos:

- cc) Baterías e cargadores; conexión aos diferentes equipamentos; coidados básicos.

B.9 Outros equipamentos de radiocomunicacións e radioelectrónicos de axuda á navegación:

- dd) AIS, PLB, NAVTEX, SART, etc.

B.10. Telefonía móbil:

- ee) Limitacións e outras consideracións do teléfono móbil a bordo.

3.2 Formación radio-operador de curto alcance.**Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.**A.1 Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo.**Alínea B. Coñecementos e habilidade para usar os equipamentos radioeléctricos dun barco.**B.1 Instalación de radiocomunicacións en ondas métricas e hectométricas. Utilización práctica dos equipamentos de radiocomunicacións de ondas métricas.B.2. Obxectivo e utilización dos dispositivos e técnicas de chamada selectiva dixital.**Alínea C. Procedementos de explotación do SMSSM e utilización práctica detallada dos subsistemas e equipamentos de SMSSM.**C.1. Introducción básica aos procedementos do SMSSM.C.2. e C.3. Procedementos radiotelefónicos con LLSM e sen ela para as comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.C.4. Protección das frecuencias de socorro.C.5. Sistema de información sobre seguridade marítima (MSI: Maritime Safety Information) no SMSSM.C.6. Procedemento para anular a transmisión involuntaria de falsas alarmas.

Alínea D. Procedementos de explotación e regulamentación das comunicacións radiotelefónicas.

D.1. Aptitude para intercambiar comunicacións relativas á seguridade da vida humana no mar.

D.2. e D.3. Regulamentación, procedementos e prácticas obrigatorias. coñecementos teóricos e prácticos sobre os procedementos radiotelefónicos.

D.4. Utilización do alfabeto fonético internacional. Frases máis importantes de comunicación marítima normalizada da OMI.

Contido detallado**Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.****A.1 Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo.**

- Definición e descrición do servizo móbil marítimo de VHF e OM. Tipos de estacións: estacións de barco, estacións costeiras, centros coordinadores de salvamento, estacións de servizo de movemento de barcos, centros radiomédicos. O servizo móbil marítimo en España: centros de comunicacións radiomarítimas e centros de coordinación de salvamento.
- Identidades do servizo móbil marítimo. Identidades das estacións de barco, estacións costeiras, etc. Distintivos de chamada, número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI) dos diferentes tipos de estacións.
- Concepto básico do SMSSM. Obxectivo e estrutura básica do sistema. Definición das zonas marítimas A1, A2, A3 e A4 conforme o SMSSM e o Real decreto 1185/2006, relación entre elas. Descrición, funcionamento e compoñentes do sistema na zona A1.
- O sistema Cospas-Sarsat. Concepto básico do sistema. Terminais locais de usuarios (TLU).
- Tipos de comunicacións e as súas funcións: comunicacións de socorro, urxencia e seguridade, comunicacións de coordinación de busca e rescate, comunicacións no lugar do sinistro (comunicacións SAR), comunicacións ponte a ponte, comunicacións sobre seguridade marítima e comunicacións de rutina.
- Orde de prioridade das radiocomunicacións. Interferencias. Autoridade do capitán. Segredo das comunicacións.
- Nomenclatura de datas e horas.

Alínea B. Coñecementos e habilidade para usar os equipamentos radioeléctricos dun barco.**B.1 Instalación de radiocomunicacións en ondas métricas e hectométricas. Utilización práctica dos equipamentos de radiocomunicacións de ondas métricas.**

Requisitos de instalación de equipamentos dependendo da zona de navegación e do tipo de buque. Real decreto 1185/2006.

- Características dos equipamentos radioeléctricos para zona marítima A1 e A2.
- Instalación radioeléctrica de VHF: instalación VHF fixa con radiotelefonía. Instalación VHF con radiotelefonía e LLLSD, requisitos de programación e instalación. Posición da antena e mantemento de rutina. Máxima potencia dos transmisores das estacións de barco. Canles

obligatorias, e as súas frecuencias, nas cales debe ser capaz de transmitir e recibir toda estación de barco de VHF. Uso dos diferentes controis dos equipamentos VHF fixos. Sistema de dobre escoita. Bandas de garda das canles de socorro.

- Equipamentos portátiles de VHF: características principais, canles de operación mínimas. Uso dos diferentes controis dos equipamentos. Baterías primarias e secundarias. Tipos de equipamentos: VHF portátil IEC 60529 IPX7, características de protección. VHF portátil do SMSSM (radioteléfonos bidireccionais portátiles de ondas métricas).
- Transpondedores de radar (SART e AIS-SART): principios de funcionamento, características principais, estiba, activación, desactivación, test, mantementos de rutina.
- Receptores NAVTEX: principios de funcionamento, alcance (necesidade de cambio de estación transmisora), características básicas (frecuencias internacionais e nacionais de recepción), tipos de mensaxes, test e mantementos rutineiros.
- Equipamentos de identificación automática de buques (AIS/SIA): principios de funcionamento, características principais (frecuencias de operación, introdución de datos), posicionamento da antena, mantemento de rutina. Vantaxes de uso.
- Radiobaliza de localización de sinistros por satélite en 406 MHz: principios de funcionamento, características principais, funcións de localización, estiba, activación, desactivación, test, mantementos de rutina. Rexistro e instalación. Zafa hidrostática: funcionamento, revisións.
- Radiobalizas persoais (PLB) de home á auga de 121,5 MHz. e PLB AIS: características principais. Conxunto chaleco salvavidas inflables/radiobaliza persoal.
- Fontes de enerxía para os equipamentos radioeléctricos: baterías e cargadores, conexións aos diferentes equipamentos, mantemento. Fontes de enerxía de reserva.
- Telefonía móbil: limitacións e outras consideracións do teléfono móbil a bordo.
- Coñecemento básico de equipamentos OC.
- Coñecemento básico do Sistema Inmarsat.

B.2. Obxectivo e utilización dos dispositivos e técnicas de chamada selectiva dixital.

Concepto da chamada selectiva dixital. Características operacionais. Vantaxes. Tipos de equipamentos de VHF e OM con LSD. Tipos de chamadas: individuais e a todos os buques. Facilidades e uso do botón de socorro. Envío da alerta. Revisión de mensaxes recibidas. Control e funcións de escoita. Conexión ao GPS.

Alínea C. Procedementos de explotación do SMSSM e utilización práctica detallada dos subsistemas e equipamentos de SMSSM.

C.1. Introducción básica aos procedementos do SMSSM.

- Canles VHF 6, 13, 16, 70. Frecuencias, tipo de explotación e uso asignado. Obriga da escoita continua nas frecuencias de socorro, urxencia e seguridade de VHF.
- Equipamento OM frecuencia 2.182 KHz e 2.187,5 KHz.

C.2. e C.3. Procedementos radiotelefónicos con LLSD e sen ela para as comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.

Procedemento para as comunicacións de socorro.

- Definición de alerta, chamada e mensaxe de socorro. Canles de transmisión. Responsable. Cesamento doutras comunicacións. Preparación para o tráfico de socorro. Guía para a transmisión dunha alerta de socorro. Outras consideracións.
- Alerta, chamada e mensaxe de socorro: significado, contido. Alerta e chamada de socorro falsa. Sinal de socorro, pronunciación. Procedementos de transmisión dunha alerta de socorro, dunha chamada de socorro e dunha mensaxe de socorro. Cadro guía para a transmisión dunha alerta de socorro con equipamentos con chamada selectiva dixital (LLSD).
- Retransmisión dunha alerta de socorro ou dunha chamada de socorro por unha estación de barco que non estea en perigo en VHF e OM: cando se debe retransmitir unha alerta de socorro por unha estación de barco dunha ER. Sinal de retransmisión dun socorro, pronunciación. Procedemento de retransmisión dunha alerta ou dunha chamada de socorro ou dun socorro en xeral do cal se ten coñecemento.
- Recepción e xustificante de recepción de alertas de socorro e chamadas de socorro en VHF e OM retransmitidas por unha estación costeira ou un centro de coordinación de salvamento: prioridade do xustificante de recepción das alertas e chamadas de socorro polas estacións costeiras.
- Recoñecemento do xustificante de recepción dunha estación costeira a unha alerta de socorro e a unha chamada de socorro.
- Recepción e xustificante de recepción de alertas ou chamadas de socorro transmitidas por unha estación de barco en VHF e OM: procedementos para o seguimento das alertas e chamadas de socorro que se reciban e preparación para o tráfico de socorro.
- Condicións para que un barco dea xustificante de recepción a unha alerta ou chamada de socorro. Procedemento de recepción e xustificante de recepción. Cadro de accións que debe tomar un buque cando recibe unha alerta de socorro en VHF e en OM.
- Tráfico de socorro: preparación, seguimento e coordinación. Significado e pronuncia de “silence may day” e “silence fini”.

Procedemento para as comunicacións de urxencia e seguridade.

Comunicacións consideradas de urxencia e seguridade. Prioridade. Canles de transmisión. Responsable. Cesamento doutras comunicacións.

Comunicacións de urxencia.

- Conceptos, contido e estrutura de anuncio de urxencia, chamada de urxencia, mensaxe de urxencia. Significado. Sinal de urxencia. Canles de transmisión. Procedementos de transmisión, recepción, seguimento do tráfico e cancelación das comunicacións de urxencia.
- Outras normas relacionadas.

Comunicacións de seguridade.

Conceptos, contido e estrutura de anuncio de seguridade, chamada de seguridade, mensaxe de seguridade. Significado. Sinal de seguridade. Canles de transmisión. Procedementos de transmisión, recepción, seguimento do tráfico e cancelación das comunicacións de seguridade. Outras normas relacionadas.

Comunicacións entre barcos relativas á seguridade da navegación.

Significado. Frecuencia e número de canle asignado. Procedemento.

Proba dos equipamentos de VHF e de OM con e sen LLSD, utilizados para chamadas de socorro e seguridade.

Limitacións. Probas nas frecuencias/canles de socorro, urxencia e seguridade.

Disposicións e procedementos para chamadas de rutina entre barcos e barco-costeira.

Frecuencias/canles. Método de chamada.

C.4. Protección das frecuencias de socorro.

Restricións nas canles de socorro, urxencia e seguridade.

C.5. Sistema de información sobre seguridade marítima (MSI: Maritime Safety Information) no SMSSM.

Introdución ao Sistema de información de seguridade marítima (MSI). Propósito. Sistemas que interveñen na difusión da información.

C.6. Procedemento para anular a transmisión involuntaria de falsas alarmas.

Cancelación dunha alerta de socorro ou chamada de socorro enviada involuntariamente. Procedemento para a cancelación dunha alerta ou chamada de socorro.

Alínea D. Procedementos de explotación e regulamentación das comunicacións radiotelefónicas.

D.1. Aptitude para intercambiar comunicacións relativas á seguridade da vida humana no mar.

Certificado de operador. Disposicións xerais aplicadas a este certificado. Categorias de certificados de operador do SMSSM (no Convenio SOLAS). Licenza de estación de barco (LEB).

D.2. e D.3. Regulamentación, procedementos e prácticas obrigatorias. coñecementos teóricos e prácticos sobre os procedementos radiotelefónicos.

- Coñecementos básicos sobre o Regulamento internacional de radiocomunicacións da UIT, Real decreto 1185/2006, sobre o Regulamento de radiocomunicacións marítimas españolas, calquera outra normativa relacionada con este programa. Normativa nacional sobre a instalación de equipamentos radioeléctricos. Diagrama internacional sobre procedementos de operación de situacións de socorro. Documentos básicos obrigatorios para a zona marítima A1 en España. Coñecementos do nomenclátor de estacións costeiras e de estacións de servizos especiais, Nomenclátor de estacións de buques e de identidades do servizo móbil marítimo (MMSI), Manual para o uso do servizo móbil marítimo e móbil marítimo por satélite.

- Funcións dentro de SMSSM. Outras funcións. Rede de estacións costeiras españolas e centros de coordinación de salvamento. Horarios e canles de escoita continua. Estacións costeiras doutros países.

Servizo radiomédico. Forma de conectar co Centro Radio-Médico Español (CRME). Normas para realizar unha consulta radiomédica. Instrucións que se deben seguir para a toma de datos e síntomas do paciente. Láminas de situación de síntomas ou lesións.

Prácticas:

- Cada alumno individualmente será capaz de transmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos VHF e OM con LSD e transmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos VHF sen LLSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de retransmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de recibir comunicacións de socorro utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD e determinar se xustificou a súa recepción unha estación costeira ou centro de salvamento seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de saber que medidas tomar para seguir as alertas, as chamadas e o tráfico de socorro, cando dar xustificante de recepción e dalo utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LLSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de realizar a cancelación dunha alerta de socorro enviada en VHF e OM con LSD e dunha chamada de socorro en VHF e OM seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD, cancelar as comunicacións de urxencia transmitidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos VHF e OM con e sen LSD, cancelar as comunicacións de seguridade transmitida.
- Cada alumno individualmente será capaz de: establecer unha comunicación de seguridade da navegación con outro barco seguindo o procedemento e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: realizar unha proba dun equipamento VHF e de OM con e sen LSD.
- Cada alumno individualmente será capaz de establecer comunicacións de rutina con outras embarcacións seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de contactar cun CCR e cun CCS español con cobertura na posición en que se encontre mediante a canle 16 e na canle de traballo asignado utilizando as publicacións dispoñibles, e por OM.

- Partes que compoñen unha radio, fonte alimentación, transceptor, unidade de antena. Interconexións entre as partes e con outros equipamentos (GPS). Consideracións técnicas e de instalación e desinstalación. Familiarización e manexo dos equipamentos de VHF e de OM fixos con e sen LSD e dos equipamentos portátiles de VHF. Funcións dos mandos. Comprobacións antes de facerse ao mar. Sintonizar frecuencias de VHF en radiotelefonía e LSD.
- Familiarización, activación, desactivación e comprobacións da radiobaliza de localización de sinistros por satélite de 406 MHz. Cancelación dunha alarma emitida pola activación involuntaria da radiobaliza.

D.4. Utilización do alfabeto fonético internacional. Frases máis importantes de comunicación marítima normalizada da OMI.

3.3 Formación radio-operador de longo alcance.

Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.

A.1. Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo.

Alínea B. Coñecementos e habilidade para usar os equipamentos radioeléctricos dun barco.

B.1 Instalación de radiocomunicacións en VHF, OM, OC e por satélite. Utilización práctica dos equipamentos de radiocomunicacións de VHF, OM, OC e por satélite.

B.2. Obxectivo e utilización dos dispositivos e técnicas de chamada selectiva dixital.

Alínea C. Procedementos de explotación do SMSSM e utilización práctica detallada dos subsistemas e equipamentos de SMSSM.

C.1. Introducción básica aos procedementos do SMSSM.

C.2. e C.3. Procedementos radiotelefónicos con LLSD e sen ela para as comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.

C.4. Protección das frecuencias de socorro.

C.5. Sistema de información sobre seguridade marítima (MSI.: Maritime Safety Information) no SMSSM.

C.6. Procedemento para anular a transmisión involuntaria de alarmas e comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.

Alínea D. Procedementos de explotación e regulamentación das comunicacións radiotelefónicas.

D.1. Aptitude para intercambiar comunicacións relativas á seguridade da vida humana no mar.

D.2. e D.3. Regulamentación, procedementos e prácticas obrigatorias. coñecementos teóricos e prácticos sobre os procedementos radiotelefónicos.

D.4. Utilización do alfabeto fonético internacional. Frases máis importantes de comunicación marítima normalizada da OMI.

Alínea E. Módulo sobre o servizo móbil marítimo por satélite en barcos non suxeitos a un equipamento obrigatorio.

E.1. Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo por satélite.

Contido detallado

Alínea A. Coñecemento xeral das radiocomunicacións no servizo móbil marítimo.

A.1. Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo.

- Definición e descrición do servizo móbil marítimo de VHF, OM, OC e por satélite. Tipos de estacións: estacións de barco, estacións costeiras, centros coordinadores de salvamento, estacións de servizo de movemento de barcos, centros radiomédicos. O servizo móbil marítimo en España de VHF, OM, OC e por satélite: centros de comunicacións radiomarítimas e centros de coordinación de salvamento.
- Identidades do servizo móbil marítimo. Identidades das estacións de barco, estacións costeiras, etc. Distintivos de chamada, número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI) dos diferentes tipos estacións.
- Concepto básico do SMSSM. Obxectivo e estrutura básica do sistema. Definición das zonas marítimas A1, A2, A3 e A4 conforme o SMSSM e o Real decreto 1185/2006, relación entre elas. Descrición, funcionamento e compoñentes do sistema en todas as zonas marítimas do SMSSM.
- O Sistema Cospas-Sarsat. Concepto básico do sistema. Terminais locais de usuarios (TLU).
- O Sistema de comunicacións marítimas por satélite INMARSAT. Concepto básico. Estacións que o compoñen.
- Tipos de comunicacións e as súas funcións: comunicacións de socorro, urxencia e seguridade, comunicacións de coordinación de busca e rescate, comunicacións no lugar do sinistro (comunicacións SAR), comunicacións ponte a ponte, comunicacións sobre seguridade marítima e comunicacións de rutina.
- Orde de prioridade das radiocomunicacións. Interferencias. Autoridade do capitán. Segredo das comunicacións. Nomenclatura de datas e horas.

Alínea B. Coñecementos e habilidade para usar os equipamentos radioeléctricos dun barco.

B.1 Instalación de radiocomunicacións en VHF, OM, OC e por satélite. Utilización práctica dos equipamentos de radiocomunicacións de VHF, OM, OC e por satélite.

- Requisitos de instalación de equipamentos dependendo da zona de navegación e do tipo de buque. Real decreto 1185/2006.
- Características dos equipamentos radioeléctricos para todas as zonas marítimas do SMSSM.
- Instalación radioeléctrica dos equipamentos de radiocomunicacións: instalación VHF, OM, OC fixos con radiotelefonía. Instalación VHF, OM, OC con radiotelefonía e LLLSD, requisitos de programación e instalación. Instalación dos equipamentos dos terminais INMARSAT ou outros de radiocomunicacións marítimas por satélite. Posicións das antenas e mantemento

de rutina. Máxima potencia dos transmisores das estacións de barco. Canles obrigatorias e as súas frecuencias, en que debe ser capaz de transmitir e recibir toda estación de barco de VHF, OM, OC. Uso dos diferentes controis dos equipamentos de radiocomunicacións. Sistemas de dobre escoita. Bandas de garda das canles de socorro.

- Equipamentos portátiles de VHF: características principais, canles de operación mínimas. Uso dos diferentes controis dos equipamentos. Baterías primarias e secundarias. Tipos de equipamentos: VHF portátil IEC 60529 IPX7, características de protección. VHF portátil do SMSSM (radioteléfonos bidireccionais portátiles de ondas métricas).
- Transpondedores de radar (SART e AIS-SART): principios de funcionamento, características principais, estiba, activación, desactivación, test, mantementos de rutina.
- Receptores NAVTEX: principios de funcionamento, alcance (necesidade de cambio de estación transmisora), características básicas (frecuencias internacionais e nacionais de recepción), tipos de mensaxes, test e mantementos rutineiros.
- Equipamentos de identificación automática de buques (AIS/SIA): principios de funcionamento, características principais (frecuencias de operación, introdución de datos), posicionamento da antena, mantemento de rutina. Vantaxes de uso.
- Radiobaliza de localización de sinistros por satélite en 406 MHz: principios de funcionamento, características principais, funcións de localización, estiba, activación, desactivación, test, mantementos de rutina. Rexistro e instalación. Zafa hidrostática: funcionamento, revisións.
- Radiobalizas persoais (PLB) de home á auga de 121,5 MHz. e PLB AIS: características principais. Conxunto chaleco salvavidas inflables/radiobaliza persoal.
- Fontes de enerxía para os equipamentos radioeléctricos: baterías e cargadores, conexións aos diferentes equipamentos, mantemento. Fontes de enerxía de reserva.
- Telefonía móbil: limitacións e outras consideracións do teléfono móbil a bordo.

B.2. Obxectivo e utilización dos dispositivos e técnicas de chamada selectiva dixital.

Concepto da chamada selectiva dixital. Características operacionais. Vantaxes. Tipos de equipamentos de VHF, OM e OC con LSD. Tipos de chamadas: individuais e a todos os buques. Facilidades e uso do botón de socorro. Envío da alerta. Revisión de mensaxes recibidas. Control e funcións de escoita. Conexión ao GPS.

Alínea C. Procedementos de explotación do SMSSM e utilización práctica detallada dos subsistemas e equipamentos de SMSSM.

C.1. Introducción básica aos procedementos do SMSSM.

Canles VHF 6, 13, 16, 70 e canles das bandas de OC de 4, 6, 8, 12 e 16. Frecuencias, tipo de explotación e uso asignado. Concepto, modos de explotación e uso común destes. Frecuencia portadora/ Frecuencia asignada. Cambio de disposición a partir do 1/1/2017. Obriga do mantemento da escoita continua polos equipamentos de VHF, OM e OC, cunha ETB e outros equipamentos a bordo.

C.2. e C.3. Procedementos radiotelefónicos con LLSD e sen ela para as comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.

Procedemento para as comunicacións de socorro.

- Definición de alerta, chamada e mensaxe de socorro. Canles de transmisión. Responsable. Cesamento doutras comunicacións. Preparación para o tráfico de socorro. Guía de operacións do SMSSM para capitáns de buques en situacións de emerxencia. Outras consideracións.
- Alerta, chamada e mensaxe de socorro: significado, contido. Alerta e chamada de socorro falsa. Sinal de socorro, pronuncia. Procedementos de transmisión dunha alerta de socorro, dunha chamada de socorro e dunha mensaxe de socorro. Cadro guía para a transmisión dunha alerta de socorro con equipamentos con chamada selectiva dixital (LLSD).
- Retransmisión dunha alerta de socorro ou dunha chamada de socorro por unha estación de barco que non estea en perigo en VHF, OM e OC, cunha ETB e outros equipamentos a bordo: cando se debe retransmitir unha alerta de socorro por unha estación de barco. Sinal de retransmisión dun socorro, pronuncia. Procedemento de retransmisión dunha alerta ou dunha chamada de socorro ou dun socorro en xeral do cal se ten coñecemento.
- Recepción e xustificante de recepción de alertas de socorro e chamadas de socorro en VHF, OM e OC, cunha ETB e outros equipamentos a bordo, retransmitidas por unha estación costeira ou un centro de coordinación de salvamento: prioridade do xustificante de recepción das alertas e chamadas de socorro polas estacións costeiras.
- Recoñecemento do xustificante de recepción dunha estación costeira a unha alerta de socorro e a unha chamada de socorro. Recepción e xustificante de recepción de alertas ou chamadas de socorro transmitidas por unha estación de barco en VHF, OM e OC, cunha ETB e outros equipamentos: procedementos para o seguimento das alertas e chamadas de socorro que se reciban e preparación para o tráfico de socorro.
- Condicións para que un barco dea xustificante de recepción a unha alerta ou chamada de socorro. Procedemento de recepción e xustificante de recepción. Guía de operacións do SMSSM para capitáns de buques en situacións de emerxencia
- Tráfico de socorro: preparación, seguimento e coordinación. Significado e pronuncia de "silence may day" e "silence fini".

Procedemento para as comunicacións de urxencia e seguridade.

- Comunicacións consideradas de urxencia e seguridade. Prioridade. Canles de transmisión. Responsable. Cesamento doutras comunicacións. Comunicacións de urxencia.
- Conceptos, contido e estrutura de anuncio de urxencia, chamada de urxencia, mensaxe de urxencia. Significado. Sinal de urxencia. Canles de transmisión. Procedementos de transmisión, recepción, seguimento do tráfico e cancelación das comunicacións de urxencia.
- Outras normas relacionadas.

Comunicacións de seguridade.

Conceptos, contido e estrutura de anuncio de seguridade, chamada de seguridade, mensaxe de seguridade. Significado. Sinal de seguridade. Canles de transmisión. Procedementos de transmisión, recepción, seguimento do tráfico e cancelación das comunicacións de seguridade. Outras normas relacionadas.

Comunicacións entre barcos relativas á seguridade da navegación.

Significado. Frecuencia e número de canle asignado. Procedemento.

Proba dos equipamentos de VHF, OM, OC, con e sen LLSD, e de comunicacións por satélite utilizados para chamadas de socorro e seguridade.

Limitacións. Probas nas frecuencias/canles de socorro, urxencia e seguridade.

Disposicións e procedementos para chamadas de rutina entre barcos e barco-costeira.

Frecuencias/canles. Método de chamada.

C.4. Protección das frecuencias de socorro.

Restricións nas canles de socorro, urxencia e seguridade.

C.5. Sistema de información sobre seguridade marítima (MSI.: Maritime Safety Information) no SMSSM.

Introdución ao Sistema de información de seguridade marítima (ISM/MSI). Propósito. Difusión de avisos aos navegantes, meteorolóxicos, de busca e rescate, etc. (WWNWS) Sistema NAVTEX e SafetyNET.

C.6. Procedemento para anular a transmisión involuntaria de alarmas e comunicacións de socorro, urxencia e seguridade.

Procedemento para a cancelación dunha alerta ou chamada de socorro en VHF, OM, OC, satélite ou radiobaliza de localización de sinistros.

Alínea D. Procedementos de explotación e regulamentación das comunicacións radiotelefónicas.

D.1. Aptitude para intercambiar comunicacións relativas á seguridade da vida humana no mar.

Certificado de operador. Disposicións xerais aplicadas a este certificado. Categorías de certificados de operador do SMSSM (no Convenio SOLAS). Licenza de estación de barco (LEB).

D.2. e D.3. Regulamentación, procedementos e prácticas obrigatorias. Coñecementos teóricos e prácticos sobre os procedementos radiotelefónicos.

- Coñecementos básicos sobre o Regulamento internacional de radiocomunicacións da UIT, Real decreto 1185/2006, sobre o Regulamento de radiocomunicacións marítimas españolas, calquera outra normativa relacionada con este programa. Normativa nacional sobre a instalación de equipamentos radioeléctricos. Diagrama internacional sobre procedementos de operación de situacións de socorro. Documentos básicos obrigatorios para a zona marítima A1 en España. coñecementos do Nomenclátor de estacións costeiras e de estacións de servizos especiais, Nomenclátor de estacións de buques e de identidades do servizo móbil marítimo (MMSI), Manual para o uso do servizo móbil marítimo e móbil marítimo por satélite.

- Rede de estacións costeiras españolas e centros de coordinación de salvamento. Horarios e canles de escoita continua. Estacións costeiras doutros países.

Servizo radiomédico. Forma de conectar co Centro Radiomédico Español (CRME). Normas para realizar unha consulta radiomédica. Instrucións que se deben seguir para a toma de datos e síntomas do paciente. Láminas de situación de síntomas ou lesións. Outros centros radiomédicos en Europa. Sección «AVISOS MÉDICOS» do Nomenclátor de estacións de radio da UIT (Unión Internacional de Telecomunicacións).

Prácticas:

- Cada alumno individualmente será capaz de transmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en VHF, OM, OC con LSD e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de retransmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en VHF, OM, OC con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de recibir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en VHF, OM, OC con e sen LSD e determinar se xustificou a súa recepción unha estación costeira ou un centro de salvamento seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de saber que medidas tomar para seguir as alertas, as chamadas e o tráfico de socorro, cando xustificar a recepción e facelo utilizando equipamentos en VHF, OM, OC con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de realizar a cancelación dunha alerta de socorro enviada en VHF, OM, OC con LSD e dunha chamada de socorro en VHF, OM, OC, seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos VHF, OM, OC, con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos VHF, OM, OC con e sen LSD, cancelar as comunicacións de urxencia transmitidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos VHF, OM, OC, con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos VHF, OM, OC con e sen LSD, cancelar as comunicacións de seguridade transmitida.
- Cada alumno individualmente será capaz de: establecer unha comunicación de seguridade da navegación con outro barco seguindo o procedemento e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: realizar unha proba dun equipamento de VHF, OM, OC, con e sen LSD.
- Cada alumno individualmente será capaz de establecer comunicacións de rutina con outras embarcacións seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de contactar co CRME mediante OC e buscar outros centros radiomédicos no mundo utilizando o Nomenclátor de estacións de radio.
- Cada alumno individualmente será capaz de contactar cun CCR e cun CCS español con cobertura na posición en que se encontre mediante a canle 16 e na canle de traballo asignada utilizando as publicacións dispoñibles.
- Partes que compoñen unha radio, fonte alimentación, transceptor, unidade de antena. Interconexións entre as partes e con outros equipamentos (GPS). Consideracións técnicas e de instalación e desinstalación. Familiarización e manexo dos equipamentos de VHF, OM, OC fixos con e sen LSD e dos equipamentos portátiles de VHF. Funcións dos mandos. Comprobacións antes de facerse ao mar. Sintonizar frecuencias de VHF en radiotelefonía e LSD.

- Familiarización, activación, desactivación e comprobacións da radiobaliza de localización de sinistros por satélite de 406 MHz. Cancelación dunha alarma emitida pola activación involuntaria da radiobaliza.
- INMARSAT: acendido dun equipamento, login, elección de satélite, cambio de satélite, logout e apagado do equipamento. Transmisión e recepción de alertas e mensaxes de socorro. Cancelación dunha alerta de socorro. Outras comunicacións, códigos e procedementos. Recepción das chamadas intensificadas a grupos (EGC). Mensaxes de seguridade marítima. Alarmas.

D.4. Utilización do alfabeto fonético internacional. Frases máis importantes de comunicación marítima normalizada da OMI.

Alínea E. Módulo sobre o servizo móbil marítimo por satélite en barcos non suxeitos a un equipamento obrigatorio.

E.1. Principios xerais e características básicas do servizo móbil marítimo por satélite.

Ademais dos coñecementos e procedementos vistos xa nos puntos anteriores.

Sistema de comunicacións marítimas do SMSSM por satélites INMARSAT.

Descrición xeral do sistema. Compoñentes: segmento espacial: satélites, denominación, órbita, cobertura. Segmento terrestre: estacións terreas costeiras (ETC/CES/LES), funcións, identificación. Estacións terreas móbiles (MES): tipos. Clases de terminais admitidos no SMSSM. Estacións terreas de buques (ETB/SES): identificación. Servizos INMARSAT: alertas de socorro buque-terra, alertas de socorro terra-buque (tipos), comunicacións de coordinación de busca e rescate, comunicacións de busca e rescate no lugar do sinistro, difusión de información de seguridade marítima, comunicacións xerais (buque-terra, terra-buque e buque-buque). Obriga das ETB de manter a escoita. Chamada intensificada a grupos (EGC): concepto.

INMARSAT-C e mini-C, INMARSAT-B e INMARSAT Fleet F77. Estacións terreas de buques: características técnicas dos diferentes terminais, funcións do SMSSM que realizan, servizos de comunicacións, características xerais, vantaxes e inconvenientes de cada estación. Características operacionais LOGIN/LOGOUT, alertas de socorro e mensaxes de socorro, urxencia e seguridade. Cancelación dunha alerta de socorro. Servizos: FleetNET e SafetyNET.

3.4 Curso ponte entre o curso de radiooperador de curto alcance e o de longo alcance.

Aquelas persoas que, tendo superado o curso de formación de radiooperador de curto alcance, desexen obter o de longo alcance, non será necesario que superen este na súa totalidade. Deberán recibir un curso ponte práctico de polo menos catro horas de duración, no cal se realizarán os seguintes contidos prácticos.

- Cada alumno individualmente será capaz de transmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en OC con LSD e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de retransmitir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en OC con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.

- Cada alumno individualmente será capaz de recibir comunicacións de socorro utilizando equipamentos en OC con e sen LSD e determinar se xustificou a súa recepción unha estación costeira ou un centro de salvamento seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de saber que medidas tomar para seguir as alertas, as chamadas e o tráfico de socorro, cando xustificar a recepción e facelo utilizando equipamentos en OC con e sen LLSD seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de realizar a cancelación dunha alerta de socorro enviada en OC con LSD e dunha chamada de socorro en OC, seguindo os procedementos e as normas establecidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos de OC con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de urxencia utilizando equipamentos de OC con e sen LSD, cancelar as comunicacións de urxencia transmitidas.
- Cada alumno individualmente será capaz de: transmitir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos de OC con e sen LSD seguindo os procedementos e as normas establecidas. Recibir comunicacións de seguridade utilizando equipamentos de OC con e sen LSD, cancelar as comunicacións de seguridade transmitida.
- Cada alumno individualmente será capaz de: realizar unha proba dun equipamento de OC con e sen LSD.
- Cada alumno individualmente será capaz de contactar co CRME mediante OC e buscar outros centros radiomédicos no mundo utilizando o Nomenclátor de estacións de radio.
- INMARSAT: acendido dun equipamento, login, elección de satélite, cambio de satélite, logout e apagado do equipamento. Transmisión e recepción de alertas e mensaxes de socorro. Cancelación dunha alerta de socorro. Outras comunicacións, códigos e procedementos. Recepción das chamadas intensificadas a grupos (EGC). Mensaxes de seguridade marítima. Alarmas.

4. Avaliación dos cursos de formación.

O instrutor deberá avaliar a capacidade do alumno, de acordo cos seguintes puntos. Poderá non asinar o certificado de prácticas correspondente se non se cumpre calquera deles:

- **Puntualidade e asistencia aos cursos.** Non se permite un nivel de asistencia inferior ao 95%.
- **Aceptación das normas da escola náutica de recreo.** O alumno deberá aceptar as normas da escola para a impartición dos cursos.
- **Participación activa.** O alumno deberá participar activamente durante a totalidade dos cursos e ser receptivo á formación.

CERTIFICADO DE CURSO DE RADIO-OPERADOR

D/D^a ⁽¹⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte²⁾: _____ ,
en posesión do título de ⁽³⁾: _____ ,
e en calidade de instrutor da escola náutica de recreo ⁽⁴⁾: _____ ,
declaro baixo a miña responsabilidade que D/D^a ⁽⁵⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte ⁽⁶⁾: _____ ,
realizou e superou con éxito o curso de formación de (RADIO-OPERADOR/RADIO-OPERADOR DE LONGO ALCANCE) de acordo cos requisitos e exixencias contidos no **Real decreto** (*).
Os cursos realizáronse en ⁽⁷⁾: _____ , o
⁽⁸⁾: _____ .

E para que conste e por pedimento do interesado, expido o presente certificado, copia fiel do que figura no rexistro que para tal efecto se dispón.

En _____, o _____ de _____ de _____

Asinado:

Asinado:

O/A instrutor/a (nome e apelidos):

O/A director/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

DNI/NIE/pasaporte _____

Asinado:

O/A interesado/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

- (1). Nome e apelidos do/a instrutor/a do curso.
- (2). DNI/NIE/pasaporte do/a instrutor/a do curso.
- (3). Título polo cal pode impartir os cursos de radiooperador.
- (4). Nome da escola náutica de recreo.
- (5). Nome e apelidos do alumno.
- (6). DNI/NIE/pasaporte do alumno.
- (7). Lugar onde se realizou o curso de formación.
- (8). Data/s de realización dos cursos.
- (*) Nome do **real decreto** segundo a súa publicación

ANEXO V

Prácticas regulamentarias de navegación a vela

O presente anexo desenvolve as prácticas regulamentarias de navegación a vela de acordo cos seguintes puntos:

1. Definicións.
2. Duración e forma de impartición das prácticas.
3. Contido das prácticas regulamentarias de navegación a vela para cada unha das titulacións.
4. Avaliación das prácticas.

1. Definicións.

1.1 *Intervalos de descanso*: aquel período de tempo durante o cal non se realiza ningunha tarefa formativa relacionada coa obtención dos títulos, cursos de formación ou prácticas reguladas neste real decreto. Recoñécense dous tipos de intervalos de descanso, intervalo de descanso tipo A e intervalo de descanso tipo B. O tipo A é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será dunha hora. O tipo B é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será de oito horas.

1.2 *Réxime de singradura*: réxime de impartición de prácticas no cal se poderá certificar un máximo de oito horas de prácticas por cada día natural. No réxime de singradura deberanse respectar os seguintes intervalos de descanso:

- Cada catro horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que concluíse calquera dos intervalos de descanso A ou B, realizarase un intervalo de descanso do tipo A.
- Cada oito horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que concluíse un intervalo de descanso do tipo B, realizarase un intervalo de descanso do tipo B.
- Unha vez finalizadas as prácticas deberase respectar o tipo de descanso correspondente.

1.3 *Sesión de prácticas*: período de tempo en que se realiza calquera das prácticas regulamentarias establecidas neste real decreto comprendido entre dous intervalos de descanso, xa sexan estes A ou B.

1.4 *Réxime de travesía*: navegación que se realiza entre dous portos distintos ou ben con saída e chegada ao mesmo porto; en calquera caso, a navegación realizada deberá ser acorde co título para o cal habilitarán as ditas prácticas e permitir desenvolver o seu contido. No réxime de travesía non se poderá deter a navegación durante un intervalo superior a seis horas por cada día natural ou ben por cada intervalo de 24 horas de prácticas.

1.5 *Detención da navegación*: considérase detención da navegación unha fondeadura ou amarre a unha boia que teña unha duración superior a 30 minutos.

1.6 *Interrupción da navegación*: considérase interrupción da navegación un amarre en porto que teña unha duración superior a 30 minutos. Os períodos de interrupción da navegación non computarán para efectos de prácticas, sempre e cando non se debesen a unha emerxencia, mal tempo, avaría ou calquera outra cuestión sobrevida que impida o correcto desenvolvemento das prácticas; neste caso poderá computar o tempo transcorrido de prácticas para a súa finalización con posterioridade.

1.7 Garda de navegación: período de catro horas comprendidas dentro do réxime de travesía, en que se realizan tarefas de formación.

2. Duración das prácticas e a súa impartición.

As prácticas regulamentarias de navegación a vela poderanse realizar de forma independente ou ben conxunta coas prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación. De se realizar de forma independente, faranse en réxime de singradura e a súa duración mínima será de 16 horas. De se realizaren de forma conxunta coas prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación, faranse segundo o especificado no anexo III. En calquera caso deberá respectarse a organización do tempo establecida no número 5 deste anexo.

3. Contido das prácticas regulamentarias de navegación a vela.

3.1 Organización do tempo e obxectivos que hai que lograr.

- O desenvolvemento das partes en que se dividen as prácticas deberíase adecuar á orde en que se establecen na relación, en especial no relativo aos dous primeiros puntos. Porén, débese outorgar flexibilidade na súa realización en función das condicións meteorolóxicas e do mínimo de horas por sesión de prácticas. Non obstante o anterior, no que respecta ao número 6, relativo á manobra avanzada a vela, se o instrutor aprecia que as condicións de mar e vento non son seguras, ou se a pericia dos alumnos é insuficiente, poderá utilizar o tempo que se dedicaría ao dito punto a reforzar a aprendizaxe doutras cuestións do temario, sen que isto implique unha diminución do tempo das prácticas, deixando constancia motivada da dita modificación. Así mesmo, aínda que se debe dar prioridade á navegación a vela, se nalgunha situación das prácticas a seguridade o aconsella, poderase utilizar o motor da embarcación.
- A explicación do contido dos diferentes puntos deberá ser abordada desde unha perspectiva eminentemente práctica, restrinxindo os aspectos teóricos ao estritamente necesario xa que o obxectivo das prácticas é que os alumnos identifiquen cales son as pautas de seguridade a bordo e sexan capaces, ao seu remate, de evitar riscos durante a navegación a vela. O conxunto de conceptos incluídos nas prácticas débese interpretar como un compendio de nocións das cales deben dispoñer os titulados de recreo habilitados para o manexo de embarcacións a vela, sen que estas nocións sexan interpretadas máis alá das indicadas cuestións prácticas, xa que non materializarían nunha maior seguridade durante a navegación. Determinadas cuestións das prácticas deben ser reiteradas durante o seu transcurso, como son as relativas ás manobras de virar e cambiar, xa que durante súa realización existe un maior risco de accidentes e avarías. Así mesmo, cuestións que xa foron obxecto de explicación nas prácticas básicas de seguridade deben ser recordadas pero exclusivamente no que atinxe á especificidade da súa aplicación ás embarcacións a vela, como é o referente ao abatemento e á súa incidencia na seguridade da navegación, o arranchado en previsión de escoras durante a navegación e cuestións relativas ao maior calado das embarcacións de vela respecto ás de motor e ás precaucións nas zonas de augas superficiais.

A repartición do tempo dividiríase en oito partes de dúas horas de duración. Os números serán os seguintes:

Número 1. Teoría da navegación a vela

Dúas horas dedicadas aos aspectos teóricos da navegación a vela, así como unhas noções básicas de mecánica de fluídos e do funcionamento das embarcacións a vela. Explicaranse os rumbos da embarcación en función do vento e as manobras de virar e cambiar, e incidirase na planificación da derrota e interpretación das previsións meteorolóxicas.

Número 2. Enxarcia e velas

Dúas horas dedicadas ao coñecemento dos elementos da embarcación relacionados coa navegación a vela (enxarcia, velas, acastillaxe e apéndices).

Número 3. Manobra a vela I

Dúas horas dedicadas a aparellar e desapparellar da embarcación e aos principios básicos da manobra a vela. Practicaranse aquí os nós máis habituais e explicarase como se dobran e se coidan as velas. Explicarase como izar e arriar as velas e as cautelas que se deben seguir.

Número 4. Manobra a vela II

Dúas horas dedicadas ao coñecemento de como inflúe o equilibrio das velas na marcha da embarcación e como reacciona á metida do temón a unha banda ou outra e a redución de velocidade que está metida implica. Realizarase o axuste de velas en función do rumbo da embarcación, con explicación e utilización de todos os cabos de afinado e control das velas. Mostrarase como tomar as ondas en función do rumbo e a influencia destas na marcha da embarcación.

Número 5. Manobra a vela III

Dúas horas dedicadas á realización das manobras de virada e cambada.

Número 6. Manobra a vela avanzada.

Dúas horas dedicadas a manobras a vela avanzadas, tales como fachear e parar a embarcación e fondear e saír do fondeadoiro a vela.

Número 7. Manobras de seguridade

Dúas horas dedicadas a manobras de seguridade, en especial á recollida de home á auga navegando a vela. Explicaranse os riscos dun home á auga navegando con spinnaker e como se coloca en bandeira. Procederase tamén ao rizado de maior e redución de vela de proa.

Número 8. Seguridade na navegación a vela

Dúas horas dedicadas á explicación dos riscos habituais da navegación a vela.

O desenvolvemento das partes en que se dividen as prácticas deberase adecuar á orde en que se establecen na relación, outorgando certa flexibilidade na súa realización en función das condicións meteorolóxicas e das horas por sesión de prácticas e totais indicadas neste anexo. Deberase cumprir o total de horas e completarse o temario das prácticas na súa totalidade.

3.2 Contido detallado

O contido dos puntos enunciados na epígrafe anterior será o que segue:

Número 1. Teoría da navegación a vela

- Aerodinámica (1 hora): teoría da navegación a vela. Barlovento e sotavento. Noción superficial de dinámica de fluídos, paso dun fluído polas caras de barlovento e sotavento dunha vela. Aceleración na cara de sotavento e succión. O casco da embarcación, a orza e o temón. Abatemento e redución deste pola acción da orza e da pa do temón. Orza fixa e abatible. Influencia da orza no goberno da embarcación. Explicación do avance da embarcación a barlovento. Interacción do xénova e a maior. O equilibrio lonxitudinal da embarcación: centro vélico e centro de carena. O equilibrio transversal da embarcación: centro de gravidade, metacentro e par drizante. Influencia da escora na superficie mollada. Vento aparente e vento real. Velocidade límite de casco.
- Fundamentos da navegación a vela e planificación da derrota (1 hora): acción das velas nos diferentes rumbos. A zona morta, por que unha embarcación non pode navegar proa ao vento. A cinguida: sustentación nas velas e equilibrio. O vento a un desacuartelar. O vento de través. O vento a un largo. O vento de aleta. A popa redonda. Concepto de orzar e arribar. Explicación da virada e da cambada. Previsión meteorolóxica e avisos de temporal. Interpretación dos partes. Vento de gradente e vento térmico. Estado do mar. Zonas que se poden navegar tendo en conta a dirección do vento. Influencias dos cabos no vento, influencia da altura da costa no vento, desventes e refachos. Influencia das rías e das súas mareas no vento. Efectos da corrente no vento aparente. Oscilacións do vento en Intensidade. Roles oscilantes e permanentes. Elección das velas para unha travesía. Comportamento do vento ao solpor e amencer. Ventos catabáticos. Interpretación das nubes. Frontes cálidas e frías, os seus efectos. Chuvascos de vento. Planificación da derrota: rumbos, abatemento, zonas que se deben evitar. Calado da orza e sondas en portos. Precaucións no abarloado a outro veleiro, repartición de peso da tripulación para manter a embarcación drizada, amarre proa con popa para evitar que os paus golpeen nos balances. Arranchado e estiba a bordo en previsión de escoras, cabeceos e pantocazos. Centrado de pesos.

Número 2. Enxarcia e velas

- Enxarcia (1 hora): pau (pasante ou apoiado en cuberta), carlinga, crucetas, obenques, obenquillos, estai, backestay, burdas e os seus tensores e arraigos no pau. Equilibrio lonxitudinal como transversal do aparello. Importancia de que o pau non teña folguras nin caídas laterais, pretensión do aparello. Importancia de que o pau se manteña recto navegando, tensión de obenques e obenquillos. Tensión de backestay. Tensións da enxarcia con vento duro. Influencia da caída lonxitudinal do pau no goberno da embarcación. Botavara e trapa, influencia na flexión do pau. Drizas e escotas: explicación da súa función. Pastecas, roldanas, escoteiro, reenvíos, argolas de fricción, mordazas e *stoppers*. Winches. Desmultiplicacións. Amantillos. O botaló e o seu aparello.
- As velas (1 hora): partes das velas: grátil, puxame e baluma. Puños de driza, escota e amura. Materiais máis comúns das velas. Explicación das formas das velas e da distribución da profundidade. Forma e función de maior, foque/xénova e *spinnakers*, simétricos e asimétricos. Relingas, patíns de relinga, ollados, faixas de rizo, sabres de maior e táboa de grátil. Cataventos no grátil do xénova e na baluma da maior. Cordame básica: nós e aduxas. Tipos de cabos e os seus materiais. Nós: cote, as de guía, lasca, nó chan, nó de rizo, ballestrinque e volta de manobra. Aduxamento de cabos. Tipo básico de costura de vela.

Número 3. Manobra a vela I.

- Aparellado e desapparellado da embarcación (1 hora): aparellado de maior: envergado en botavara, amarre do paxariño, fixación do puño de amura, envergado da testa e colocación da driza. Aparellado do foque: guiado de escotas por escoteiro e axuste deste ao tamaño da vela, amarre de escotas ao puño de escota mediante ases de guía, envergado/engarruchado da vela no estai e colocación de driza. Descrición do enrolador de xénova. Referencia superficial á manobra do *spinnaker* e do *gennaker*. Izado e arriado de velas. Precaucións no izado: drizas claras e firmes ao puño de driza, trapa solta e embarcación aproada. Precaucións no arriado: aproado, tensión de driza e cabos con cocas ou liados. Dobramento de velas.
- Principios de manobra (1 hora): recordatorio dos rumbos básicos na navegación a vela: aproado, cinguida, través, largo e popa. Aproado e demora do vento real. Modos de determinar a dirección do vento respecto á embarcación: catavento, grimpas e carneiros no mar. Diferenza entre o vento real e vento aparente nos cataventos. Control de orzadas e arribadas. Tendencia da embarcación a arribar cando se largan escotas e a orzar cando se cazan. Importancia dos axustes nas velas na tendencia a orzar ou arribar da embarcación. Explicación básica das manobras de virar e cambiar.

Número 4. Manobra a vela II.

- Equilibrio das velas (1 hora): coñecemento de como inflúe o equilibrio das velas na marcha da embarcación. Navegación só coa maior e navegación só co foque. Navegación con ambas as velas. Influencia do sobrecazado das velas. Interacción de xénova e maior: xénova sobre a maior na cinguida e través e maior sobre o xénova en largos e popas. Importancia de compenetrar o movemento do temón e o axuste das velas: como reacciona a embarcación navegando a vela á metida do temón a unha banda ou outra e a redución de velocidade que está metida de temón implica sen o necesario axuste das velas. Como tomar as ondas en función do rumbo e a influencia destas no vento aparente e na marcha da embarcación.
- Trimado das velas (1 hora): precaucións no cazado e largado de velas: xiro dextróxiro dos winches, cocas nos cabos, largado de contraescotas e aduxamento das escotas. Axuste do xénova: tensión de driza, axuste de escoteiro e tensión de escota. Cataventos de testa. Distancia da baluma á cruceta. Explicación e utilización dos cabos e aparellos de axuste e control da maior: paxariño, *cunningham*, carro de maior e trapa. Desvente da testa da maior polo xénova, apertura de baluma de xénova. Cataventos de baluma. Tensores de baluma. Importancia da flexión do pau mediante o backstay. Atangonado do xénova.

Número 5. Manobra a vela III.

- Viradas (1 hora): precaucións previas ao inicio da virada, comprobación de cal vai ser o rumbo tras a virada e de se existen obstáculos ou outras embarcacións nas proximidades, comprobación de que escota e contraescota están claras e de que a tripulación está lista e nos seus postos. Realización de viradas e análises dos erros frecuentes: maior largada, insuficiente velocidade e/ou metida de temón, acuartelado do foque debido a enredo ou coca na escota. Equilibrado da embarcación tras a virada e posta a rumbo.
- Cambadas (1 hora): precaucións da navegación en popa, largado de escota de maior, comprobación de que ningún tripulante se encontra no percorrido da botavara e/ou escota de maior e das embarcacións ou obstáculos na zona en que se vai realizar a manobra, levado do carro de maior ao centro, cazado trapa para evitar excesiva curva de baluma e o risco de

cambada accidental. Cambada popa-popa e largo-largo. Risco de cambada ao navegar contraamurado. Procedemento de cambada. Precaucións da cambada con vento duro: necesidade de que a embarcación vaia a velocidade para realizala e a importancia do paso da maior co menor vento aparente posible. Recomendación de realizar viradas en vez de cambadas en caso de ventos duros. Equilibrado da embarcación despois da cambada e posta a rumbo.

Número 6. Manobra a vela avanzada

- Fachear (1 hora): mostrarase como se detén a embarcación. Efectos do temón e as velas na arrincada. Aprobado da embarcación. Palear: manter a embarcación coas velas no límite de desvente e con mínima velocidade. Fachear: acuartelado do foque, largado de maior e metida do temón para deter a embarcación. Navegarase cara a atrás largando foque e empuxando a maior a barlovento. Evolución indo atrás e posta da embarcación outra vez en disposición de navegar avante.
- Fondeadura (1 hora): prepararase a áncora e a cadea. Aproximación ao fondeadoiro con vento portante e arriado da vela de proa. Preparación da fondeadura: precaucións coa escora. Rebase do ancoradoiro, sonda e aprobado. Comprobación de que non hai arrincada e toma de sonda. Fondeadura e largado de cadea ata ter 3/5 veces a lonxitude da sonda na auga. Manobra inversa para o levantamento do fondeadura e saída a vela desde o fondeadoiro.

Número 7. Manobras de seguridade

- Home á auga (1 hora): precaucións para evitar un home á auga: estadía na bañeira e medidas de trincaxe. Lanzado dun obxecto flotante dun diámetro aproximado de 30 cm figurando ser o home á auga mentres se navega a vela en cinguida. Asignación de tarefas a bordo: un tripulante deberá simular o lanzamento dun aro salvavidas e/ou similar e controlar visualmente o home á auga, outro tripulante deberá preparar un bicheiro e outro dedicarse ao axuste e posterior arriado das velas. Unha vez localizado o home á auga, arribarase e arriarase a vela de proa. Ao chegar á altura do home á auga orzarase con coidado de non golpealo, aproarase a embarcación e deterase, rescatarase o home á auga levándoo cara ao lugar máis seguro e practicable para subilo a bordo. Repetición da manobra pero navegando con vento portante e volvendo en cinguida cara ao home á auga. Riscos dun home á auga navegando con *spinnaker* e como se coloca en bandeira en caso de home á auga mediante o disparado do mosquetón rápido da braza.
- Rizado de maior e redución de vela de proa (1 hora): determinación da necesidade de reducir trazo en función da escora e do ángulo de temón. Precaucións da tripulación nas manobras: evitación de golpes e caídas á auga. Comprobación de que o cabo de rizo estea claro e firme na parte traseira da botavara, así como o seu pasado polo ollado correspondente da vela. Comprobación do estado da faixa de rizo e dos matafiños. Aprobados ou cinguido con maior largada, largarase driza de maior ata que o ollado da faixa de rizo na testa estea á altura da couce da botavara. Pasarase este ollado pola orelleta da couce da botavara e cobrarase driza. Cobrarase o cabo de rizo. Unha vez temperado, recollerase o pano sobranete mediante os matafiños. Redución da vela de proa: diferentes modos en función de enrolador, carril de estai ou garruchos. Axuste do escoteiro de xénova ás dimensións da nova vela. Velas de capa e tormentín: función, aparelado e peculiaridades.

Número 8. Seguridade na navegación a vela

- Riscos relativos ao material (1 hora): desarborado e quedar ao garete, aparellos e temóns de fortuna. Prevención de avarías, puntos de roce de velas e cabos. Tensións de traballo e diferentes tipos de cabos. Desgastes de escotas e drizas en roldanas e reenvíos. Roce de drizas coas crucetas, precaucións no amarre na base do pau. Revisión de arraigos de aparellos, roldanas e guiacabos. Revisión de grillóns e mosquetóns. Afirmado, control e encintado de tensores de obenque e obenquillos, control de estado de cables, varetas e terminais. Revisión de candeeiros e gardamancebos, comprobación de estado e tensión. Orzas abatibles: folgas e coidado do seu mecanismo. Cana, roda e pa de temón. Amarrado da cana en porto. Importancia do arranchado. Uso de drizas como enxarcia auxiliar en caso de rotura. Problemas habituais do uso de enroladores. Coidado das velas: dobrado e enrolado, endulzado, secado e prevención da humidade; efectos da radiación UV sobre as velas.
- Riscos relativos á manobra (1 hora): perigos derivados da limitación da visibilidade polas velas, estruturas e capotas. Efectos de levar demasiado trapo, risco de rotura, sobretensións e estiramento. Determinación rápida da necesidade de reducir trapo en función de escora e temón a barlovento. Riscos nas viradas, escotas con cocas e problemas coas escotas nos winches. Riscos nas cambadas, uso da trapa de maior e seguridade na cambada, riscos de levar a trapa pouco tensa, metida de temón demasiado grande, paso da escota, riscos de rotura de pinzote de botavara e de desarborado, perigo de cambar con pouca velocidade e vento forte, elección da virada fronte á cambada en ventos duros. Golpes coa botavara, necesidade de manter os tripulantes por debaixo da altura da botavara e libres do paso da escota de maior. Perigos de navegar con mares de popa con pouco trapo. Perigo nos planamentos. Perigos da navegación con *spinnaker*, ir de arribada e ir de orzada. Importancia da colocación da tripulación a bordo en caso de balances e riscos de abandonar a bañeira. Uso do arnés e das liñas de vida, o seu mantemento, revisión e trincaxe. Importancia do uso de liñas de vida e arneses en manobras de proa, nocturnas e con mal tempo. Precaucións en caso de mal tempo. Navegación en solitario: precaucións. Importancia da protección contra o frío. Efectos na vista da reflexión da luz solar nas velas. A insolación e a deshidratación. Función e colocación do reflector de radar. Navegación nocturna: precaucións, luz de compás, lanternas e iluminación da vela como método para ser visto. O uso da maior navegando a motor como axuda para manter o rumbo. As defensas en cuberta e os seus riscos. Precaucións específicas para veleiros nunha manobra de rescate con helicóptero: xeneralidades, aproado da embarcación, arriado e aferrado de velas en previsión do vento de rebufo, importancia das comunicacións previas á manobra, abatemento da embarcación debido ao vento de rebufo, riscos para o rescatador co mastro, posta á disposición do rescatador, izado desde cuberta e desde a auga.

4. Avaliación das prácticas.

O instrutor deberá avaliar a capacidade do alumno de acordo cos seguintes puntos. Poderá non asinar o certificado de prácticas correspondente se non se cumpre calquera deles:

- **Puntualidade e asistencia ás prácticas.** Non se permite un nivel de asistencia inferior ao 95%.
- **Aceptación das normas da escola náutica de recreo.** O alumno deberá aceptar as normas da escola para a impartición das prácticas.
- **Participación activa.** O alumno deberá participar activamente durante a totalidade das prácticas e ser receptivo á formación

CERTIFICADO DE PRÁCTICAS REGULAMENTARIAS DE NAVEGACIÓN A VELA

D/D^a ⁽¹⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte ⁽²⁾: _____ ,
en posesión do título de ⁽³⁾: _____ ,
en calidade de instrutor da academia ⁽⁴⁾: _____ ,
declaro baixo a miña responsabilidade que D/D^a ⁽⁵⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte ⁽⁶⁾: _____ ,
realizou e superou con éxito as prácticas regulamentarias de NAVEGACIÓN A VELA de acordo cos requisitos e
exixencias contidos no **Real decreto** ^(*).
As prácticas para a obtención da habilitación a vela realizáronse na embarcación ⁽⁷⁾:
_____ de matrícula ⁽⁸⁾: _____ ,
o ⁽⁹⁾: _____ no porto de ⁽¹⁰⁾: _____ .

E para que conste e por pedimento do interesado, expido o presente certificado, copia fiel do que figura no rexistro que para tal efecto se dispón.

En _____ o _____ de _____ de _____

Asinado:

Asinado:

O/A instrutor/a (nome e apelidos):

O/A director/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte: _____

DNI/NIE/pasaporte _____

Asinado:

O/A interesado/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

(1). Nome e apelidos do/a instrutor/a de prácticas.

(2). DNI/NIE/pasaporte do/a instrutor/a de prácticas.

(3). Título polo cal pode impartir as prácticas de navegación a vela.

(4). Nome da academia de prácticas.

(5). Nome e apelidos da persoa que recibiu as prácticas.

(6). DNI/NIE /pasaporte do alumno.

(7). Nome da embarcación de prácticas.

(8). Matrícula da embarcación de prácticas.

(9). Data/s de realización das prácticas.

(10). Porto en que se realizaron ou ben o de saída se se trata de prácticas en réxime de travesía.

(*)). Nome do **real decreto** segundo a súa publicación.

ANEXO VI

Prácticas regulamentarias de navegación

O presente anexo desenvolve as prácticas regulamentarias de navegación de acordo cos seguintes puntos:

1. Definicións.
2. Duración e forma de impartición das prácticas.
3. Contido das prácticas regulamentarias básicas de seguridade e navegación para cada unha das titulacións.
4. Avaliación das prácticas.

1. Definicións.

1.1 *Intervalos de descanso*: aquel período de tempo durante o cal non se realiza ningunha tarefa formativa relacionada coa obtención dos títulos, cursos de formación ou prácticas reguladas neste real decreto. Recoñécense dous tipos de intervalos de descanso, intervalo de descanso tipo A e intervalo de descanso tipo B. O tipo A é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será dunha hora. O tipo B é un intervalo de descanso cuxa duración mínima será de oito horas.

1.2 *Réxime de singradura*: réxime de impartición de prácticas no cal se poderá certificar un máximo de oito horas de prácticas por cada día natural. No réxime de singradura deberanse respectar os seguintes intervalos de descanso:

- Cada catro horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que conclúise calquera dos intervalos de descanso A ou B, realizarase un intervalo de descanso do tipo A.

- Cada oito horas de impartición de prácticas, contadas estas, ben desde o primeiro inicio delas, ben despois de que conclúise un intervalo de descanso do tipo B, realizarase un intervalo de descanso do tipo B.

- Unha vez finalizadas as prácticas deberase respectar o tipo de descanso correspondente.

1.3 *Sesión de prácticas*: período de tempo en que se realiza calquera das prácticas regulamentarias establecidas neste real decreto comprendido entre dous intervalos de descanso, xa sexan estes A ou B.

1.4 *Réxime de travesía*: navegación que se realiza entre dous portos distintos ou ben con saída e chegada ao mesmo porto; en calquera caso, a navegación realizada deberá ser acorde co título para o cal habilitarán as ditas prácticas e permitir desenvolver o seu contido. No réxime de travesía non se poderá deter a navegación durante un intervalo superior a seis horas por cada día natural ou ben por cada intervalo de 24 horas de prácticas.

1.5 *Detención da navegación*: considérase detención da navegación unha fondeadura ou amarre a unha boia, que teñan unha duración superior a 30 minutos.

1.6 *Interrupción da navegación*: considérase interrupción da navegación un amarre en porto que teña unha duración superior a 30 minutos. Os períodos de interrupción da navegación non computarán para efectos de prácticas, sempre e cando non se debesen a unha emerxencia, mal tempo, avaría ou calquera outra cuestión sobrevida que impida o correcto desenvolvemento das prácticas; neste caso poderase computar o tempo transcorrido de prácticas para a súa finalización con posterioridade.

1.7 Garda de navegación: período de catro horas comprendidas dentro do réxime de travesía, en que se realizan tarefas de formación.

2. Duración e forma de impartición das prácticas.

2.1 As prácticas regulamentarias de navegación terán unha duración mínima de 24 horas, das cales, polo menos, catro horas serán de navegación nocturna.

2.2 As prácticas regulamentarias de navegación realizaranse nunha única sesión e en réxime de travesía. O requisito imposto polo artigo 16.6 en canto ao número máximo de alumnos por cada práctica poderase elevar ata nove alumnos.

2.3 Co fin de obter a habilitación a vela, as prácticas regulamentarias de navegación poderanse realizar de forma conxunta coas prácticas regulamentarias de navegación a vela, caso en que o cómputo total de horas de prácticas non poderá ser inferior a 48 horas, sendo neste caso polo menos oito horas de navegación nocturna. A realización conxunta das prácticas regulamentarias de navegación coas prácticas regulamentarias de navegación a vela terá lugar nunha única sesión en réxime de travesía.

3. Contido das prácticas de navegación.

3.1 Obxectivos que se deben lograr.

A realización das prácticas de navegación pretende incidir naqueles aspectos da navegación orientados principalmente á travesía e á navegación segura dentro das atribucións do título. Para isto perséguese un incremento da estadia no mar co fin de que o alumno se habitúe á duración das navegacións que podería realizar con este título. O establecemento dun réxime de gardas durante o desenvolvemento das prácticas e a realización das tarefas típicas destas son vitais para unha correcta asimilación dos obxectivos que se deben lograr, os cales se clasifican en tres puntos:

Número 1. Preparación da derrota e exercicio de abandono.

Número 2. Revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

Número 3. Mantemento dunha garda efectiva de navegación.

3.2 Contido detallado.

O contido dos números enunciados na epígrafe anterior será o que segue:

Número 1. Preparación da derrota e exercicio de abandono.

- Comprobación das cartas da zona que se vai navegar. Actualización dos avisos aos navegantes. Trazado de derrota. Identificación de perigos. Libros de faros, sinais radio e derroteiro. Datos e característica dos faros e balizas da zona que se vai navegar. Anuario de mareas. Correccións barométricas. Identificación de zonas de amarre. Determinación de abrigos e fondeadoiros na zona que se vai navegar en función do estado da mar e vento.
- Documentación que hai que levar a bordo: certificados, permiso de navegación, xustificante do pagamento da prima de seguro obrigatorio correspondente ao período en curso e titulación. Licenza de estación de barco e MMSI.
- Previsións meteorolóxicas e contraste coa situación local. Avisos aos navegantes e de seguridade. Control das horas de emisión de boletíns meteorolóxicos dos CCS.
- Uso da balsa salvavidas cun simulacro de abandono. Estiba, acceso e trincaxe da balsa salvavidas. Mantemento, revisións e precaucións de uso. Consideración da necesidade do

abandono do buque, necesidade de emitir unha alerta efectiva antes do abandono. Precaucións ao subir a bordo, material que hai que levar (respondedor de radar, RBLS, VHF portátil, bengalas, roupa de abrigo, lanterna, auga e víveres), necesidade de roupa de abrigo e calzado lixeiro. Precaución con chamas e obxectos punzantes. Importancia de manter a balsa seca e ventilada e de manter os seus ocupantes secos e quentes. Prevención do mareo. Afirmado a bordo da rabiza. Modo de posta a flote da balsa e precaucións no seu uso. Inflado. Repartición de pesos e control de presión. Corte da rabiza e uso da áncora flotante. Quendas de garda. Comportamento de náufragos na auga.

Número 2. Revisión dos puntos críticos da embarcación e comprobacións previas á saída ao mar.

- Revisión de nivel de combustible e da autonomía que este confire cunha marxe ampla de respecto, carga de baterías, estado do aparello propulsor e de goberno. Luces de navegación.
- Disponibilidade de auga e alimentos suficientes para as persoas a bordo en relación coa duración da navegación. Necesidade de dispoñer de cantidades superiores ás previstas. Estiba a bordo e conservación. Estado físico dos tripulantes. Comprobación do material de seguridade: dispoñibilidade e localización a bordo, estado xeral, validez e estiba.
- Arranchado.
- Arrinque de motores e control de escapes e temperatura. Comprobación de carga de baterías.
- Comunicación ao CCS de saída, zona que se vai navegar e ETA.
- Largado de cabos e manobra de saída

Número 3. Mantemento dunha garda efectiva de navegación.

- Cumprimento das quendas de garda. Entrega e recepción da garda.
- Vixilancia efectiva. Visibilidade. Luces de navegación. Precaucións durante a garda de noite: iluminación reducida na ponte ou bañeira e control e identificación das luces de navegación doutros barcos. Prevención da somnolencia.
- Control do rumbo. Goberno e marcha en función do estado da mar e vento, do consumo e da visibilidade. Uso do piloto automático e precaucións. Control da derrota. Vixilancia radar.
- Recoñecemento da costa. Uso do derroteiro. Recoñecemento de faros e a súa característica.
- Seguimento dos partes meteorolóxicos. Control da presión atmosférica, aspecto xeral e nubes, e dirección e intensidade do vento. Refachos de vento, a súa detección e prevención de efectos adversos. Control do estado do mar: variación en tamaño e dirección do mar de fondo.
- Posicións na carta: horarias, de cambio de rumbo e en función dos cabos, outros accidentes costeiros ou perigos á navegación.
- Estado físico da tripulación. Cansazo, somnolencia, mal de mar, hidratación, protección contra o frío e contra a insolación e a calor excesiva.
- Situación na carta. Situación por demora e distancia. Por dúas demoras. Por tres demoras. Situación por enfilacións.

- Uso do GPS. Inicialización, obtención de datos dos puntos de recalada na carta, introdución no navegador, creación dunha derrota e determinación de erros. Alarmas de rumbo e fondeadura.
- Cálculo da corrente, o seu rumbo e intensidade horaria.
- Navegación de estima e comparación coas situacións observadas ou satelitarias. Determinación da hora estimada de chegada (ETA).
- Uso do radar. Inicio. erros e reflexións. Falsos ecos. Recoñecemento da costa. Situación por dúas distancias.
- Navegación sen visibilidade. Uso combinado de GPS, radar e sonda. Mantemento de navegación de estima.
- Recalada. Recoñecemento das enfilacións, luces, marcas e accidentes costeiros notables. Beirís de seguridade. Determinación da altura de marea á hora da recalada e marxes de seguridade.

4. Avaliación das prácticas.

O instrutor deberá avaliar a capacidade do alumno de acordo cos seguintes puntos. Poderá non asinar o certificado de prácticas correspondente se non se cumpre calquera deles:

- **Puntualidade e asistencia ás prácticas.** Non se permite un nivel de asistencia inferior ao 95%.
- **Aceptación das normas da escola náutica de recreo.** O alumno deberá aceptar as normas da escola para a impartición das prácticas.
- **Participación activa.** O alumno deberá participar activamente durante a totalidade das prácticas e ser receptivo á formación.

CERTIFICADO DE PRÁCTICAS REGULAMENTARIAS DE NAVEGACIÓN

D/D^a ⁽¹⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte _____ ,
en posesión do título de ⁽³⁾: _____ ,
en calidade de instrutor da escola náutica de recreo ⁽⁴⁾: _____ ,
declaro baixo a miña responsabilidade que D/D^a ⁽⁵⁾: _____ ,
con DNI/NIE/pasaporte ⁽⁶⁾: _____ ,
realizou e superou con éxito as prácticas regulamentarias de NAVEGACIÓN de acordo cos requisitos e exixencias contidos no **Real decreto** (*).
Estas prácticas realizáronse na embarcación ⁽⁷⁾: _____ de matrícula ⁽⁸⁾: _____ , ou ⁽⁹⁾: _____ no porto de ⁽¹⁰⁾: _____ .

E para que conste e por pedimento do interesado, expido o presente certificado, copia fiel do que figura no rexistro que para tal efecto se dispón.

En _____, o ____ de _____ de _____

Asinado:

Asinado:

O/a instrutor/a (nome e apelidos):

O/A director/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte: _____

DNI/NIE/pasaporte _____

Asinado:

O/A interesado/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

(1). Nome e apelidos do/a instrutor/a de prácticas.

(2). DNI / NIE/pasaporte do/a instrutor/a de prácticas.

(3). Título polo cal pode impartir as prácticas de navegación.

(4). Nome da escola náutica de recreo.

(5). Nome e apelidos da persoa que recibiu as prácticas.

(6). DNI / NIE / pasaporte do alumno.

(7). Nome da embarcación de prácticas.

(8). Matrícula da embarcación de prácticas.

(9). Data/s de realización das prácticas.

(10). Porto en que se realizaron o ben ou de saída se se trata de prácticas en réxime de travesía.

(*)). Nome do **real decreto** segundo a súa publicación.

ANEXO VII

Modelos das tarxetas e licenzas de navegación

Características das tarxetas e das licenzas de navegación

1. A tarxeta imprimirase en tamaño A5 sobre papel, cuxa referencia se comunicará por resolución do director xeral da Mariña Mercante, e na súa esquina superior dereita terá unha franxa oblicua coas cores da bandeira nacional.
2. A licenza de navegación imprimirase en tamaño A5 sobre papel, cuxa referencia e rastrexabilidade comunicará por resolución do director xeral da Mariña Mercante, e na súa esquina superior dereita terá unha franxa oblicua coas cores da bandeira nacional.

(Anverso, non incluír este texto na tarxeta)

TARXETA

ESPAÑA / SPAIN



**TARXETA EXPEDIDA EN VIRTUDE DO DISPOSTO POLO REAL DECRETO /xxxx/xxxx, DO xx DE xxxxxx,
POLO QUE SE REGULAN AS CONDICIÓN S PARA O GOBERNO DE EMBARCACIÓ NS DE RECREO**
**CERTIFICATE ISSUED UNDER THE PROVISIONS OF THE ORDER FOM/xxxx/xxxx, FROM THE xxTH OF xxxxxx, WHICH REGULATES THE
CONDITIONS FOR THE STEERING OF PLEASURE CRAFTS**

TÍTULO / TÍTULO EN INGLÉS (aquí poñeríase o nome do título)

Radio-operador de acordo cos requisitos da Resolución da UIT 343 (REV. CMR-12) / Radio-operator according to requirements of the ITU Resolution 343 (REV. CMR-12)
(Só para os títulos de PER, patrón de iate e capitán de iate.)

O Goberno de España certifica que a **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX** se lle considera plenamente cualificado, de conformidade co disposto na mencionada lexislación e sen máis limitacións que as que se indican a seguir, para o goberno de embarcacións de recreo e a operación da súa estación radio.

*The Government of Spain certifies that **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX** has been found duly qualified in accordance with the provisions of the above legislation, and has no other limitations than those listed below, for the steering of pleasure boats and the operation of their radio station.*

Nome completo: <i>Full Name:</i>	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	DNI / NIE / pasaporte: <i>ID / Passport:</i>	NNNNNNNNNNNN - N
Data de nacemento (dd/mm/aaaa): <i>Date of Birth (dd/mm/yyyy):</i>	DD/MM/AAAA	Nacionalidade: <i>Nationality</i>	NNNNNNNNNNNN
Enderezo do titular: <i>Holder's Address:</i>	R/XXXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX		
Tarxeta nº: <i>Certificate N°:</i>	NNNNNNNNNN	Expedido por, o (dd/mm/aaaa): <i>Issued by, on the (dd/mm/yyyy):</i>	Ministerio de Fomento / CCAA DD/MM/AAAA

(Reverso, non incluír este texto na tarxeta)

Sinatura do titular:
Signature of the holder of the certificate:

O director xeral de MM:
Merchant Shipping Navy General Director:

(Selo oficial)
(Official Seal)

O xefe da Área de Formación:
Signature of duly authorized official:

Atribucións básicas <i>Basic Competences</i>	Atribucións complementarias <i>Additional Competences</i>	Atribucións profesionais <i>Professional Competences</i>	Observacións <i>Remarks</i>
Atribucións básicas --- <i>Atribucións en inglés</i>	Atribucións complementarias --- <i>Atribucións complementarias en inglés</i>	Atribucións profesionais --- <i>Atribucións profesionais en inglés</i>	Observacións --- <i>Observacións en inglés</i>

XXXXXXX XXXXXX XXXXXX

XXXXXXXXXX XXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXX

XXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXX

VÁLIDA ATA (dd/mm/aaaa): DD/MM/AAAA
Valid until (dd/mm/yyyy):

Esta tarxeta é persoal e intransferible. Exixirase a responsabilidade que corresponda en caso de ser utilizada por persoa distinta ao titular. Non é válida para efectos de acreditar a identidade do titular e deberá ir acompañada do documento acreditativo de identidade (DNI/NIE/pasaporte) correspondente.

This certificate is personal and nontransferable. Should be used by someone other than the holder, appropriate responsibility will be required. Not valid for the purposes of verifying the identity of the holder, it must be accompanied by the accordingly Identity Document (DNI/NIE/Passport).

Código de identificación unívoco.

LICENZA DE NAVEGACIÓN

D/D^a ⁽¹⁾: _____,
 con DNI/NIE/pasaporte ⁽²⁾: _____,
 en calidade de director/a de _____ ⁽³⁾:
 declaro baixo a miña responsabilidade que D/D^a ⁽⁴⁾:
 _____,
 con DNI/NIE/pasaporte ⁽⁵⁾: _____,
 Recibiu a formación teórico práctica exigida polo **Real decreto** ⁽⁶⁾ _____,
 As prácticas para a obtención desta licenza realizáronse na embarcación ⁽⁷⁾:
 _____ de matrícula ⁽⁸⁾: _____,
 o ⁽⁹⁾: _____ no porto de ⁽¹⁰⁾: _____.

E para que conste e por pedimento do interesado, expido o presente certificado, copia fiel do que figura no rexistro que para tal efecto se dispón.

En _____, o ____ de _____ de _____

Asinado:

Asinado:

O/A instrutor/a (nome e apelidos):

O/A director/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte: _____

DNI/NIE/pasaporte _____

Asinado:

O/A interesado/a (nome e apelidos):

DNI/NIE/pasaporte _____

(1). Nome e apelidos do/a director/a da escola náutica de recreo ou figura equivalente da federación náutica.

(2). DNI/NIE/pasaporte do director.

(3). Nome da escola náutica de recreo ou federación náutica.

(4). Nome e apelidos da persoa á cal se lle expide a licenza de navegación.

(5). DNI/NIE/pasaporte da persoa á cal se lle expide a licenza de navegación.

(6). Nome do **real decreto** segundo a súa publicación.

(7). Nome da embarcación de prácticas.

(8). Matrícula da embarcación de prácticas.

(9). Data de realización das prácticas.

(10). Porto en que se realizaron as prácticas.

A especificación das referencias non é necesario que figure na licenza de navegación.

ANEXO VIII

Acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de recreo.

Número 1

Enfermidades e deficiencias que son causa de denegación ou de establecemento de adaptacións na embarcación ou de condicións restritivas para a navegación.

1.- Capacidade visual.

Se para alcanzar a agudeza visual requirida é necesaria a utilización de lentes correctoras, deberá expresarse, no informe de aptitude psicofísica, a obriga do seu uso durante a navegación. Estas lentes deberán ser ben toleradas. Para efectos deste anexo, as lentes intraoculares non se deberán considerar como lentes correctoras, e entenderase como visión monocular toda agudeza visual igual ou inferior a 0,10 nun ollo, con ou sen lentes correctoras, debida a perda anatómica ou funcional de calquera etiología.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
1.1 Agudeza visual.	Débese posuír, se é preciso con lentes correctoras, unha agudeza visual binocular de, polo menos, 0,5. Non se admite a cirurxía refractiva.	Os afectados de visión monocular con agudeza visual no ollo mellor de 0,6 ou maior e máis de tres meses de antigüidade en visión monocular, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza, sempre que reúnan as demais capacidades visuais. Cando, polo grao de agudeza visual ou pola existencia dunha enfermidade ocular progresiva, os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico. Tras un mes de efectuada cirurxía refractiva, achegando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza, con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, a criterio oftalmolóxico fixarase o período de vixencia posterior
1.2 Campo visual	Se a visión é binocular, o campo binocular debe ser normal. No exame binocular, o campo visual central non debe presentar escotomas absolutos en puntos correspondentes de ambos os ollos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana. Se a visión é monocular, o campo visual monocular debe ser normal. O campo visual central non debe presentar escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana	Non se admiten Non se admiten
1.3 Afaqias e pseudofaqias	Non se admiten as monolaterais nin as bilaterais	Transcorrido un mes de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1, o período de vixencia do permiso ou licenza será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.
1.4 Sentido luminoso e visión das cores.	Non se admiten alteracións da visión mesópica nin daltonismo ou outras alteracións da visión das cores, que impidan a correcta interpretación dos sinais luminosos.	Só navegación diúrna nocturna non solitaria
1.5 Sensibilidade ao contraste.	Non deben existir alteracións significativas na capacidade de recuperación ao cegamento nin alteracións da visión mesópica	No caso de padecer alteracións da visión mesópica ou do cegamento, deberanse establecer as restricións e limitacións que, a criterio oftalmolóxico, sexan precisas para garantir a seguridade na navegación. En todo caso, débense descartar patoloxías oftalmolóxicas que orixinen alteracións incluídas nalgún dos restantes puntos sobre capacidade visual. Só navegación diúrna nocturna non solitaria

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
1.6 Motilidade palpebral	Non se admiten ptoses nin lagoftalmias que afecten a visión nos límites e condicións sinalados no número 1.1	Non se admiten
1.7 Motilidade do globo ocular	As diplopias impiden a obtención ou renovación. O nistagmo impide a obtención ou renovación cando non permita alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.6, cando sexa manifestación dalgunha enfermidade das incluídas no presente anexo ou cando, a criterio facultativo, orixine ou poida orixinar fatiga visual durante o goberno de embarcacións de recreo. Non se admiten outros defectos da visión binocular nin estrabismos que impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos incluídos. Cando non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos incluídos, o oftalmólogo deberá valorar, principalmente, as súas consecuencias sobre a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopses, a presenza de forias e de cabaleiro e a aparición de diplopía, así como a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia.	Só se permitirán de forma excepcional e a criterio facultativo as formas conxénitas ou infantís, sempre que non se manifesten nos 20 graos centrais do campo visual e non produzan ningunha outra sintomatoloxía, en especial fatiga visual. En caso de permitirse a obtención ou prórroga do permiso ou licenza, o período de vixencia máximo será de tres anos. Cando a diplopía se elimine mediante a oclusión dun ollo aplicaranse as restricións propias da visión monocular. Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 a 1.7 do grupo 1, ambos incluídos, e debido á súa repercusión sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopses, a presenza de forias e de cabaleiro, a aparición de diplopía ou pola probable evolución do proceso, os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, este fixarase segundo o criterio oftalmolóxico
1.8 Deterioración progresiva da capacidade ocular	As enfermidades progresivas que non permitan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 a 1.6 anteriores, ambos incluídos, impiden a obtención ou prórroga	Cando non impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6, e os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.

Se para alcanzar a agudeza visual requirida é necesaria a utilización de lentes correctoras, deberá expresarse, no informe de aptitude psicofísica, a obriga do seu uso durante a navegación. Estas lentes deberán ser ben toleradas. Para efectos deste anexo, as lentes intraoculares non se deberán considerar como lentes correctoras, e entenderase como visión monocular toda agudeza visual igual ou inferior a 0,10 nun ollo, con ou sen lentes correctoras, debida a perda anatómica ou funcional de calquera etiología.

2.- Capacidade auditiva.

Cando para alcanzar a agudeza auditiva mínima requirida que se indica no número 2.1 sexa necesaria a utilización de próteses auditivas (audífono e/ou implante), deberá expresarse a obriga do seu uso durante a navegación.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
2.1 Agudeza auditiva	<p>Obter, con ou sen audífonos, un limiar de audición igual ou superior a 45dB de media en frecuencias conversacionais, sempre que o nivel de intelixibilidade sexa superior ao 50% a intensidade da fala.</p> <p>A validación do limiar de audición realizarase a través de probas estandarizadas subxectivas (limiares de audición a campo libre) e obxectivas (mediante equipamentos de medida especialmente deseñados para isto). A validación do nivel de intelixibilidade realizarase a través de probas estandarizadas subxectivas de discriminación auditiva a diferentes intensidades.</p>	<p>Limiar de audición inferior a 45 dB de media en frecuencias conversacionais e un nivel de intelixibilidade inferior ao 50% a Intensidade da fala.</p> <p>Navegación acompañada.</p>

3.- Sistema locomotor

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
3.1 Motilidade	A existencia dalgũa alteración que impida a posición normal ou un manexo eficaz dos mandos e dispositivos da embarcación ou que requira para isto de posicións atípicas ou fatigosas comporta a suxeición a adaptacións ou outras limitacións. Estas deberán ser obxectivamente avaliadas tendo en conta as tecnoloxías de apoio e os dispositivos destinados ás persoas con discapacidade que poidan garantir o manexo eficaz dos mandos e dispositivos	As adaptacións, restricións e outras limitacións que se impoñan en persoas, e/ou embarcacións determinaranse de acordo coas discapacidades que teña o interesado debidamente reflectidas no informe de aptitude psicofísica e avaliadas nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas.
3.2 Afeccións ou anomalías progresivas	Non se admiten talles que orixinen unha posición de navegación incompatible co manexo seguro do vehículo ou coa correcta visibilidade do condutor	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico. Cando a talles impida unha posición de navegación segura ou non permita a adecuada visibilidade do condutor, as adaptacións, restricións ou limitacións que se impoñan serán fixadas segundo criterio técnico e de acordo co ditame médico, coa debida avaliación, se é o caso, nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas
3.3 Talle		

4.- Sistema cardiovascular.

- Para os efectos de valorar a capacidade funcional, utilizarase a clasificación da New York Heart Association en niveis de actividade física da persoa obxecto da exploración.
- No nivel funcional I inclúense aquelas persoas cuxa actividade física habitual non está limitada e non ocasiona fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa.
- No nivel funcional II inclúense aquelas cuxa actividade física habitual está moderadamente limitada e orixina sintomatoloxía de fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa.

- No nivel III, existe unha marcada limitación da actividade física habitual, e aparece fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa tras unha actividade menor do habitual.
- O nivel IV supón a posibilidade de desenvolver calquera actividade física sen a aparición de síntomas e a presenza de insuficiencia cardíaca conxestiva en repouso.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
4.1 Insuficiencia cardíaca.	Non debe existir ningunha alteración que afecte a dinámica cardíaca con signos obxectivos e funcionais de descompensación ou síncope. Non debe existir ningunha cardiopatía que orixine sintomatoloxía correspondente a un nivel funcional III ou IV.	Non se admite.
4.2 Trastornos do ritmo	Non debe existir arritmia maligna durante os últimos seis meses que orixine ou poida orixinar unha perda de atención ou un síncope no condutor, salvo nos casos con antecedente de terapia curativa e informe favorable do cardiólogo. Non debe existir ningunha alteración do ritmo que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.	Cando existan antecedentes de taquicardia ventricular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía que avale o tratamento, a ausencia de recorrencia do cadro clínico e unha aceptable función ventricular, poderase fixar un período de vixencia inferior ao normal do permiso ou licenza segundo criterio médico. Non se admite
4.3 Marcapasos e desfibrilador automático implantable	Non debe existir utilización de marcapasos. Non debe existir implantación de desfibrilador automático implantable	Transcorrido un mes desde a aplicación do marcapasos, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia establecido a criterio facultativo. Transcorridos seis meses desde o implante do desfibrilador automático, sempre que non exista sintomatoloxía, con informe do especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo dun ano. Os mesmos criterios aplicaranse en caso de descarga e non se permitirán en ningún caso as recorrencias múltiples nin unha fracción de execución menor do 30 por cento. Navegación acompañada
4.4 Próteses valvulares cardíacas	Non debe existir utilización de próteses valvulares cardíacas.	Transcorridos tres meses desde a colocación da prótese valvular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de tres anos.
4.5 Cardiopatía isquémica	Non debe existir antecedente de infarto agudo de miocardio durante os últimos tres meses. Non se admite a cirurxía de revascularización nin a revascularización percutánea. Non debe existir ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.	Transcorrido un mes desde unha intervención consistente en cirurxía de revascularización ou de revascularización percutánea, en ausencia de sintomatoloxía isquémica e con informe do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período máximo de vixencia de dous anos, fixándose posteriormente, logo de informe favorable do cardiólogo, o período de vixencia a criterio facultativo. Non se admiten. En caso de padecer cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, con informe favorable do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de dous anos.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
4.5 Aneurismas de grandes vasos	Non deben existir aneurismas de grandes vasos nin disección aórtica. Admítese a corrección cirúrxica, sempre que exista un resultado satisfactorio desta e non haxa clínica de isquemia cardíaca.	Tras a corrección cirúrxica dun aneurisma ou disección e transcorridos seis meses desta, presentando un informe favorable do especialista en cardioloxía ou cirurxía vascular, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza por período de vixencia máximo de dous anos. No caso do aneurisma e cando as súas características non impliquen risco elevado de rotura, nin se asocien a clínica de isquemia cardíaca, con informe favorable dun especialista en cardioloxía ou cirurxía vascular, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza por período máximo de vixencia dun ano. Navegación acompañada
4.6 Arteriopatías periféricas.	En caso de arteriopatía periférica, valorarase a posible asociación de cardiopatía isquémica.	Non se admiten. Navegación acompañada
4.7 Enfermidades venosas.	Non debe existir trombose venosa profunda.	Non se admiten as varices voluminosas do membro inferior nin as tromboflebitas. Navegación acompañada.

5.- Trastornos hematolóxicos.

5.1 Procesos oncohematolóxicos.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
5.1.1 Procesos sometidos a tratamento quimioterápico.	Transcorridos tres meses desde a finalización do último ciclo de tratamento, con informe favorable dun hematólogo, e sempre que no último mes non houberse anemia, leucopenia ou trombopenia severas, fixarase un período de vixencia de tres anos, como máximo, ata que transcorran dez anos de remisión completa, igualmente acreditada con informe dun hematólogo.	
5.1.2 Policitemia Vera	Se nos últimos tres meses non existiu un valor de hemoglobina maior de 20 gramos por decilitro, presentando informe favorable dun hematólogo, o período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos, como máximo.	
5.1.3 Outros oncohematolóxicos.	Non se admiten cando nos últimos tres meses se presentasen anemia, leucopenia ou trombopenia severa ou cando durante os últimos seis meses houberse leucocitoses maiores de 100.000 leucocitos por μ l ou trombocitoses maiores de 1.000.000 plaquetas por μ l.	Cando se dean as circunstancias sinaladas na columna (2), presentando ademais informe favorable dun hematólogo, o período de vixencia máximo será de dous anos.

5.2 Trastornos non oncohematolóxicos.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
5.2.1 Anemias, leucopenias e trombopenias.	Non se admiten anemias, leucopenias, trombopenias ou poliglobulias, severas ou moderadas de carácter agudo nos últimos tres meses.	En calquera das situacións expostas na columna (2), con informe favorable dun hematólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia de, como máximo, dous anos.
5.2.2. Trastornos de coagulación	Non se admiten trastornos de coagulación que requiran tratamento substitutivo habitual	En caso de requirir tratamento substitutivo, con informe favorable dun hematólogo, no cal se acredite o adecuado control do tratamento, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia de, como máximo, tres anos.
5.2.3 Tratamento anticoagulante	Non se admiten aqueles casos en que se producen descompensacións no último ano que requirisen de transfusión de plasma.	Nos casos incluídos na columna (2), con informe dun hematólogo, cardiólogo ou médico responsable do tratamento, poderase obter ou prorrogar permiso ou licenza con períodos de vixencia de dous anos, como máximo. Navegación acompañada.

6.- Sistema renal

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
6.1 Nefropatías.	Non se permiten aquelas que, pola súa etiología, tratamento ou manifestacións, poidan poñer en perigo a navegación de vehículos.	Os enfermos sometidos a programas de diálise, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza, reducindo, a criterio facultativo, o período de vixencia
6.2 Transplante renal.	Non se admite o transplante renal.	Os sometidos a transplante renal, transcorridos máis de seis meses de antigüidade de evolución sen problemas derivados daquel, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza con período de vixencia establecido a criterio de facultativo.

7.- Sistema respiratorio

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
7.1 Dispneas	Non deben existir dispneas permanentes en repouso ou de esforzo leve.	Non se admiten
7.2 Trastornos do sono	Non se permiten a síndrome de apneas obstrutivas do sono, os trastornos relacionados con esta, nin outras causas de excesiva somnolencia diúrna.	Os afectados de síndrome de apneas obstrutivas do sono ou de trastornos relacionados con esta, con informe favorable dunha unidade de sono en que se faga constar que están sendo sometidos a tratamento e control da sintomatoloxía diúrna, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza con período de vixencia máximo de dous anos.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
7.3 Outras afeccións	Non deben existir trastornos pulmonares, pleurais, diafragmáticos e mediastínicos que determinen incapacidade funcional. Valorarase o trastorno e a evolución da enfermidade, tendo especialmente en conta a existencia ou posibilidade de aparición de crise de dispnea paroxística, dor torácica intensa ou outras alteracións que poidan influír na seguridade da navegación.	Non se admiten. Navegación acompañada

8.- Enfermidades metabólicas e endócrinas.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
8.1 Diabetes mellitus	Non debe existir «diabetes mellitus» que curse con inestabilidade metabólica severa que requira asistencia hospitalaria.	Sempre que sexa preciso o tratamento hipoglicemante ou antidiabético, deberase presentar informe médico favorable e, a criterio facultativo, poderá reducirse o período de vixencia. No caso de tratamento con insulina, deberase presentar un informe do especialista (endocrinólogo ou diabetólogo), que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado e o período de vixencia será, como máximo, de catro anos. Glicemia superior a 300 Navegación acompañada
8.2 Cadros de hipoglicemia	Non deben existir, no último ano, cadros repetidos de hipoglicemia aguda nin alteracións metabólicas que cursen con perda de conciencia.	Non se admiten Navegación acompañada
8.3 Enfermidades tiroideas	Non deben existir enfermidades endócrinas con sintomatoloxía, excepto se o interesado presenta informe favorable dun especialista en endocrinoloxía e o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos que se teñen que realizar fose por período inferior ao de vixencia do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.
8.4 Enfermidades paratiroides	Non deben existir enfermidades paratiroides que ocasionen incremento de excitabilidade ou debilidade muscular, excepto se o interesado presenta informe favorable dun especialista en endocrinoloxía.	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos que se realicen sexan por período inferior ao de vixencia do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.
8.5 Enfermidades adrenais.	Non se permite a enfermidade de Addison, a síndrome de Cushing e a hiperfunción medular adrenal debida a feocromocitoma.	Os afectados de enfermidades adrenais deberán presentar un informe favorable dun especialista en endocrinoloxía en que conste o estrito control e tratamento dos síntomas. O período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo de dous anos.

9.- Sistema nervioso e muscular.

Non deben existir enfermidades do sistema nervioso e muscular que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación que incidan involuntariamente no control da embarcación.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
9.1 Enfermidades encefálicas, medulares e do sistema nervioso periférico.	Non deben existir enfermidades do sistema nervioso central ou periférico que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación, episodios sincopais, tremores de grandes oscilacións, espasmos que produzan movementos amplos de cabeza, tronco ou membros nin tremores ou espasmos que incidan involuntariamente no control do vehículo.	Non se admiten
9.2 Epilepsia e crises convulsivas doutras etioloxías.	<p>Non se permiten cando aparecen crises epilépticas convulsivas ou crises con perda de consciencia durante o último ano.</p> <p>No caso de crises durante o sono, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con esta sintomatoloxía</p> <p>No caso de tratarse de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguridade da navegación, deberá existir un período libre de sacudidas de, polo menos, tres meses.</p> <p>No caso de antecedente de trastorno convulsivo único non filiado ou secundario a consumo de medicamentos ou drogas ou poscirúrxico, deberase acreditar un período libre de crises de, polo menos, seis meses mediante informe neurolóxico.</p>	<p>Os afectados de epilepsias con crises convulsivas ou con crises con perda de conciencia, deberán achegar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a frecuencia de crise e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a navegación. O período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos como máximo. No caso de ausencia de crises durante os tres últimos anos, o período de vixencia será de cinco anos como máximo.</p> <p>No caso de crise durante o sono, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano, con informe dun especialista en neuroloxía en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a ausencia doutras crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito, se é o caso, non impide a navegación.</p> <p>No caso de se tratar de sacudidas mioclónicas que poidan afectar a seguridade da navegación, deberá presentarse informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, se é o caso, a frecuencia de crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a navegación. O período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos como máximo.</p> <p>Non se admiten</p>
9.3 Alteracións do equilibrio.	Non deben existir alteracións do equilibrio (vertixes, inestabilidade, mareo, vaído) permanentes, evolutivas ou intensas, xa sexan de orixe otolóxica ou doutro tipo	Non se admiten
9.4 Trastornos musculares	Non deben existir trastornos musculares que produzan deficiencia motora.	Non se admiten
9.4 Accidente isquémico transitorio.	Non se admiten os ataques isquémicos transitorios ata transcorridos, polo menos, seis meses sen síntomas neurolóxicos. Os afectados deberán presentar informe favorable dun especialista en neuroloxía en que se faga constar a ausencia de secuelas neurolóxicas.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun especialista en neuroloxía, as secuelas neurolóxicas non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano
9.5 Accidentes isquémicos recorrentes	Non deben existir accidentes isquémicos recorrentes.	Non se admiten

10.- Trastornos mentais e de conduta.

A adecuada aplicación da normativa e a determinación do cumprimento do criterio legal específico de competencia ou discapacidade do individuo require, ademais do diagnóstico clínico, información adicional sobre a deterioración funcional da persoa e sobre como esta deterioración afecta as capacidades particulares en cuestión. Para garantir estes aspectos requírase o ditame favorable dun neurólogo, dun psiquiatra, dun psicólogo ou de máis dun destes facultativos, dependendo do tipo de trastorno.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
10.1 Delirium, demencia, trastornos amnésicos e outros trastornos cognoscitivos.	Non deben existir supostos de delirium ou demencia. Tampouco se admiten casos de trastornos amnésicos ou outros trastornos cognoscitivos que supoñan un risco para a navegación	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun neurólogo ou psiquiatra, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano. Navegación acompañada
10.2 Trastornos mentais debidos a enfermidade médica non clasificados noutros puntos.	Non deben existir trastornos catatónicos, cambios de personalidade particularmente agresivos ou outros trastornos que supoñan un risco para a seguridade marítima.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun neurólogo ou psiquiatra, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano. Navegación acompañada
10.3 Esquizofrenia e outros trastornos psicóticos.	Non debe existir esquizofrenia ou trastorno delirante. Tampouco se admiten outros trastornos psicóticos que presenten incoherencia ou perda da capacidade asociativa, ideas delirantes, alucinacións ou conduta violenta, ou que por algunha outra razón impliquen risco para a seguridade marítima.	Cando, excepcionalmente, e con ditame favorable dun psiquiatra ou psicólogo, non impidan a obtención ou prórroga, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo dun ano. Navegación acompañada
10.4 Trastornos do estado de ánimo.	Non deben existir trastornos graves do estado de ánimo que comporten alta probabilidade de condutas de risco para a propia vida ou a dos demais.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada
10.5 Trastornos disociativos.	Non se deben admitir aqueles casos que supoñan risco para a seguridade marítima	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada
10.6 Trastornos do sono de orixe non respiratoria.	Non se admiten casos de narcolepsia ou trastornos de hipersomnias diurnas de orixe non respiratoria, xa sexan primarias, relacionadas con outro trastorno mental, enfermidade médica ou inducida por substancias. Tampouco se admiten outros trastornos do ritmo circadiano que supoñan risco para a actividade de conducir. Nos casos de insomnio prestarase especial atención aos riscos asociados ao posible consumo de fármacos	Cando, excepcionalmente, exista ditame facultativo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Narcolepsia: navegación acompañada.
10.7 Trastornos do control dos impulsos	Non deben existir trastornos graves da personalidade, en particular aqueles que se manifesten en condutas antisociais con risco para a seguridade das persoas.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada
10.8 Trastornos da personalidade.	Non deben existir trastornos graves da personalidade, en particular aqueles que se manifesten en condutas antisociais con risco para a seguridade das persoas.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada
10.9 Trastornos do desenvolvemento intelectual	Non debe existir atraso mental cun cociente intelectual inferior a 70. Nos casos de atraso mental con cociente intelectual entre 50 e 70, poderase obter ou prorrogar se o interesado achega un ditame favorable dun psiquiatra ou psicólogo.	Non se admiten. Cando o ditame do psiquiatra ou psicólogo sexa favorable á obtención ou prórroga, poderanse establecer condicións restritivas segundo criterio facultativo. Navegación acompañada

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
10.10 Trastornos por déficit de atención e comportamento perturbador	Non deben existir trastornos por déficit de atención cuxa gravidade implique risco para a navegación. Tampouco se admiten casos moderados ou graves de trastorno disocial ou outros comportamentos perturbadores acompañados de condutas agresivas ou violacións graves de normas cuxa incidencia na seguridade marítima sexa significativa.	Cando, excepcionalmente, exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada
10.11 Outros trastornos mentais non incluídos en epígrafes anteriores	Non deben existir trastornos disociativos, adaptativos ou outros problemas obxecto de atención clínica que sexan funcionalmente incapacitantes para a navegación.	Cando exista ditame dun psiquiatra ou psicólogo favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo. Navegación acompañada

11.- Trastornos relacionados con substancias.

- Serán obxecto de atención especial os trastornos de dependencia, abuso ou trastornos inducidos por calquera tipo de substancia.
- Nos casos en que se presenten antecedentes de dependencia ou abuso, poderase obter ou renovar o documento acreditativo do título obtido para o goberno de embarcacións de recreo sempre que a situación de dependencia ou abuso se extingue tras un período demostrado de abstinencia e non existan secuelas irreversibles que supoñan risco para a seguridade da navegación.
- Para garantir estes aspectos requirirase un ditame favorable dun psiquiatra, dun psicólogo, ou de ambos, dependendo do tipo de trastorno.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
11.1 Abusos de alcohol.	Non se admite a existencia de abuso de alcohol nin calquera patrón de uso en que o suxeito non poida disociar navegación e consumo de alcohol. Tampouco se admiten casos de antecedentes de abuso en que a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Nos casos de existir antecedentes de abuso con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.
11.2 Dependencia do alcohol	Non se admite a existencia de dependencia de alcohol. Tampouco se admiten casos de antecedentes de dependencia en que a rehabilitación non estea debidamente acreditada	Nos casos de existir antecedentes de dependencia con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.
11.3 Trastornos inducidos por alcohol	Non se admite a existencia de trastornos inducidos por alcohol, tales como abstinencia, delirium, demencia, trastornos psicóticos ou outros que supoñan risco para a seguridade marítima. Tampouco se admiten casos de antecedentes de trastornos inducidos por alcohol en que a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Nos casos de existir antecedentes de trastornos inducidos por alcohol con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.
11.4 Consumo habitual de drogas e medicamentos	Non se admite o consumo habitual de substancias que comprometan a aptitude para conducir sen perigo, nin o consumo habitual de medicamentos que, individualmente ou en conxunto, produzan efectos adversos graves na capacidade para conducir.	Nos casos de existir antecedentes de abuso de drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.
11.5 Abuso de drogas ou medicamentos.	Non se admite o abuso de drogas ou medicamentos. Se existe antecedente de abuso, a rehabilitación debe acreditarse debidamente.	Nos casos de existir antecedentes de abuso de drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.
11.6 Dependencia de drogas e medicamentos	Non se admite a dependencia de drogas ou medicamentos. Se existe antecedente de dependencia, a rehabilitación debe acreditarse debidamente.	Nos casos de existir antecedentes de dependencia de drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
11.7 Trastornos inducidos por drogas ou medicamentos	Non se admite delirium, demencia, alteracións perceptivas, trastornos psicóticos ou outros inducidos por drogas ou medicamentos que supoñan riscos para a seguridade marítima. Tampouco se admiten casos de antecedentes de trastornos inducidos por drogas ou medicamentos en que a rehabilitación non estea debidamente acreditada.	Nos casos de existir antecedentes de trastornos mentais inducidos por drogas ou medicamentos, con informe favorable á obtención ou prórroga, poderase reducir o período de vixencia do permiso ou licenza segundo criterio facultativo.

12.- Aptitudes psicotécnicas.

- A exploración das aptitudes perceptivo-motoras realizarase a través dos preditores establecidos.
- Cando, segundo criterio facultativo, mediante a entrevista inicial e/ou a partir dos preditores utilizados, se detecten indicios de deterioración aptitudinal que poidan incapacitar para navegar con seguridade, requirirase a realización de exploración complementaria sistematizada para valorar o estado das funcións mentais que poidan estar influíndo naquela. Mesmo se poderá requirir a realización dunha proba práctica de navegación.
- Con carácter xeral, o psicólogo terá en conta as posibilidades de compensación das posibles deficiencias considerando a capacidade adaptativa do individuo.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
12.1 Estimación do movemento	Non se admite ningunha alteración que limite a capacidade para adecuarse con seguridade a situacións de navegación que requiran estimacións de relacións espacio-temporais.	Non se admiten
12.2 Coordinación visomotora.	Alteracións que supoñan a incapacidade para adaptarse adecuadamente ao mantemento de traxectorias establecidas.	Non se admiten
12.3 Tempo de reaccións múltiples.	Non se admiten alteracións graves na capacidade de discriminación ou nos tempos de resposta.	Non se admiten
12.4 Intelixencia práctica.	Non se admiten casos en que a capacidade de organización espacial resulte inadecuada para a navegación.	Non se admiten

13. Outras causas non especificadas.

Cando se ditamine a incapacidade para gobernar embarcacións de recreo por algunha causa non incluída nos puntos anteriores, requirirase unha xustificación particularmente detallada e xustificada con expresión do risco avaliado e da deterioración funcional que a xuízo do facultativo impide o goberno da embarcación.

Exploración	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permisos náuticos	Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas e/ou embarcacións
13.1 Outras causas non especificadas.	Non se debe obter nin prorrogar permiso ou licenza de navegación a ningunha persoa que padeza algunha enfermidade ou deficiencia non mencionada nos puntos anteriores que poida supoñer unha incapacidade funcional que comprometa a seguridade marítima ao conducir, excepto se o interesado achega un ditame facultativo favorable. Igual criterio se establece para transplantes de órganos non incluídos no presente anexo.	Cando non impidan a obtención ou prórroga e os recoñecementos periódicos que se deben realizar sexan por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio facultativo.

Número 2

Timbre do centro

Número de inscrición no Rexistro - _____



Foto

D. _____

Director do centro de recoñecementos

Informa:

Que D. _____ co DNI núm. _____, nacido o _____, se someteu ao recoñecemento facultativo pertinente das aptitudes médicas e psicolóxicas necesarias para a ⁽¹⁾ _____ do título de _____ de conformidade coa Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral da Marina Mercante, sobre a acreditación da aptitude psicofísica para o manexo de embarcacións de recreo, e logo de ver o ditame ⁽²⁾ _____ consideraráselle ⁽³⁾ _____ para ⁽⁴⁾ _____ o título correspondente.

Para os efectos indicados, expido este informe en

_____, de _____ de _____

- (1) Obtención - Prórroga
- (2) Positivo - Negativo
- (3) Apto - Non Apto
- (4) Obter - Prorrogar

O director do centro
(selo e sinatura)

Caduca aos 90 días naturais
(Observacións ao dorso)

ENFERMIDADES OU DEFICIENCIAS

OBSERVACIÓNS

Sinatura do director, no caso de existir observacións

Número 3

O centro de recoñecementos médico-psicotécnicos (1) "_____ " infórmao de que todos os datos persoais recollidos están sometidos ás garantías establecidas na Lei orgánica de protección de datos persoais (Lei 15/1999) e normativas de desenvolvemento. O centro de recoñecementos médico-psicotécnicos (1) "_____ " garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial, integridade e salvagarda dos ditos datos e infórmao da posibilidade de exercer, conforme a dita normativa, os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, dirixindo un escrito a: (2) _____.

Solicitude de petición de informe de aptitude psicofísica

O que asina abaixo, solicitante do oportuno informe de aptitude psicofísica, manifesta que foi informado nos termos anteriormente expostos, e presta o seu consentimento para a realización das exploracións das aptitudes a que se refire o correspondente anexo vixente, para o permiso ou licenza que solicita, e para que o seu resultado sexa reflectido nos correspondentes documentos, tratado automaticamente e cedido aos órganos competentes en cada caso.

Solicita que o centro presente a documentación para a prórroga da vixencia do permiso de conducir, aboada a correspondente taxa.

Don/a _____
co DNI, núm. _____, declara non ter desfigurado a verdade nin ocultado a existencia de enfermidade ou defecto ningún no recoñecemento psicofísico a que foi sometido/a.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración

En _____, o de _____ de 20_____

Sinatura

(1) Nome do centro

(2) Enderezo do centro

ANEXO IX
TÍTULOS EXPEDIDOS POR OUTROS ESTADOS

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
ALEMAÑA	Títulos Federac. Alemá de Vela	A - AUGAS INTERIORES	Navegación en augas interiores.
		R - AUGAS LOCAIS	Navegación á vista da costa
		BR - LITORAL	Sen afastarse máis de 12 millas da costa.
		BK - GRAN CABOTAXE	Sen restrición dentro do mar Mediterráneo e ata 30 millas da costa fóra destes límites.
		C - NAVEGACIÓN MARÍTIMA	Sen restricións.
	Títulos federais	SPORTBOOTFÜHRERSCHEIN BINNEN	Sen afastarse máis de 3 millas da costa.
		SPORTKÜSTEN-SCHIFFERSCHEIN	Sen afastarse máis de 30 millas da costa.
		SPORTBOOT-FÜRHERSCHEIN SEE SPORTBOOT-FÜRHERSCHEIN	Navegación á vista da costa.

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
ARXENTINA	PATRÓN DE IATE VELA E MOTOR	Sen afastarse máis de doce millas da costa (inclúe Río de la Plata sen limitacións).	
	TEMOEIRO DE IATE VELA E MOTOR	Navegación en augas interiores, embarcacións de ata 20 m de eslora.	
	PILOTO DE IATE VELA E MOTOR	Sen restricións	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
AUSTRIA	SCHIFFSFUHRERPATENT - 10 M	Navegación en augas interiores, embarcacións de ata 10 m de eslora e 12 pasaxeiros.	
	BEFAHIGUNGS AUSWEIS (YACHT-MASTER LICENCE)	lates de vela sen afastarse máis de 20 millas da costa.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
BÉLXICA	BREVET VAN YACHTNAVIGATOR BREVET DE NAVIGATEUR DE YACHT	Embarcacións de recreo de longo percorrido	
	INTERNATIONAL VAARBEWIJS (Asoc. Flamenga Dep. Náuticos)	Navegación en augas interiores	
	KLEIN VAARBEWIJS II (Asoc. Flamenga Dep. Náuticos)	Navegación en augas interiores	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
BULGARIA	BERECHTIGUNGSZEUGNIS	En augas interiores unha pequena embarcación cunha potencia máxima de 100 kW.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
CHILE	PATRÓN DEPORTIVO DE BAÍA	Navegación en augas interiores.	
	CAPITÁN DEPORTIVO COSTEIRO	Navegación á vista da costa.	
	CAPITÁN DEPORTIVO DE ALTA	Sen limitacións.	

CROACIA	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	BOAT LEADER'S	Manexo de embarcacións de recreo sen afastarse máis de 12 millas da costa	

FINLANDIA	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	KANSAINVÄLINEN HUUVINEEN JULJETTAJANKIRJA (título internacional de patrón de embarcacións de recreo)	Embarcacións de eslora inferior a 24 metros e potencia de motor menor de 500 kW. (En canto a límites xeográficos, en augas internacionais, sen poñer límites)	

FRANCIA	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	PERMIS MER COTIER	De motor, sen afastarse máis de 5 millas dun abrigo ou praia accesible	Brevet de patrón á plaisance expedido pola República francesa (marine marchande) (patrón embarcacións de vela ata 24 m de eslora a menos de 200 millas da costa (*). A restrición que aparece nas tarxetas PERMIS B, limitando o permiso a embarcacións de ata 25 toneladas, foi derogada polo Decreto do Estado francés do 21-10-92.
	PERMIS MER (Hauturier)	De motor, sen restricións.	
	CARTE MER	De motor de ata 37 kW, menores de 2 toneladas, en navegación diúrna, sen afastarse máis de 5 millas dun abrigo ou praia accesible.	
	PERMIS A	De motor, sen afastarse máis de 5 millas dun abrigo ou praia accesible.	
	PERMIS B	De motor, sen restricións. (*)	
	PERMIS C	De motor, sen restricións.	

GRAN BRETAÑA	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	RYA (Royal Yachting Association)	COASTAL SKIPPER	Embarcacións de ata 24 m de eslora, sen afastarse máis de 20 millas da costa.
		YACHTMASTER OFFSHORE	Embarcacións de ata 24 m de eslora, sen afastarse máis de 150 millas da costa.
		YACHTMASTER OFFSHORE with commercial endorsement	Embarcacións de ata 200 toneladas brutas, sen afastarse máis de 150 millas da costa.
		YACHTMASTER OCEAN	Embarcacións de ata 24 m de eslora, sen limitacións.
		YACHTMASTER OCEAN with commercial endorsement	Embarcacións de ata 200 toneladas brutas, sen limitacións.
		INTERNATIONAL CERTIFICATE FOR OPERATOR OF PLEASURE CRAFT	Embarcacións de ata 24 m de eslora.

ITALIA	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	PATENTI PER IL COMANDO E LA CONDOTTA DI UNITA DA DIPORTO	Emb. de ata 24 m de eslora, de motor, vela, vela con motor aux.ou motoveleiros (s/tarxeta), sen afastarse máis de 12 millas da costa. Emb. de ata 24 m. de eslora, de motor, vela, vela con motor aux.ou motoveleiros (s/tarxeta), sen límite de distancia.	
	PATENTE PER IL COMANDO DELLE NAVI DA DIPORTO	Sen limitacións.	
	PATENTE DI ABILITAZIONE PER IMBARCAZIONI DA DIPORTO	Emb. de motor ou vela (s/tarxeta), sen afastarse máis de 6 millas da costa. Emb. de motor ou vela (s/tarxeta), a máis de 6 millas da costa. Se é motor e vela: <i>coas limitacións do seu título</i>	

PAÍSES BAIXOS	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
	KLEIN VAARBEWIJS N° II	Navegación en augas interiores. De motor ou vela (ver tarxeta).	

	Títulos		ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
Polonia	Títulos da Asociación Polaca de Navegación	Patent Żeglarza Jachtowego	Goberno de embarcacións de recreo, de motor e/ou vela, en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo, de motor e/ou vela, de ata 8,9 metros de eslora para navegación diúrna efectuada na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 2 millas.	Os menores de 18 anos poden facer uso desta autorización baixo a supervisión dun adulto.
		Patent Sternika Jachtowego	Goberno de embarcacións de recreo, de motor ou sen el, en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 12 metros de eslora para navegacións na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 20 millas.	
		Patent Jachtowego Sternika Morskiego	Goberno de embarcacións de recreo, de motor e/ou vela, en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 18 metros de eslora para navegación marítima.	
		Patent Kapitana Jachtowego	Goberno de embarcacións de recreo, de motor e/ou vela, en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo, de motor e/ou vela, para navegación marítima.	
	Títulos da Asociación Polaca Navieira e do Esquí Acuático	Patent Sternika Motorowodnego	Goberno de embarcacións de recreo, de motor de ata 60 kW, en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo, de motor de ata 60 kW, en navegacións diúrnas na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 2 millas.	Os menores de 18 anos poden facer uso desta autorización baixo a supervisión dun adulto.
		Patent Starzego Motorowodnego	Goberno de embarcacións de recreo de motor en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 12 metros de eslora para navegacións na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a esta trazada a 20 millas.	
		Patent Morskiego Sternika Motorowodnego	Goberno de embarcacións de recreo de motor en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo de motor de ata 18 metros de eslora.	
		Patent Kapitana Motorowodnego	Goberno de embarcacións de recreo de motor en augas continentais. Goberno de embarcacións de recreo de motor.	
		Patent Motorzysty Motorowodnego	Exercer as funcións de xefe de máquinas en embarcacións de recreo de motor de ata 600 kW de potencia. Exercer funcións de auxiliar de xefe de máquinas en embarcacións de recreo de motor de ata 1000 kW de potencia.	
		Patent Mechanika Motorowodnego	Exercer as funcións de xefe de máquinas en embarcacións de recreo.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
PORTUGAL	PATRAO LOCAL	Manexo de embarcacións de recreo sen afastarse máis de 10 millas dun porto de abrigo e 5 millas da costa.	
	PATRAO DE COSTA	Manexo de embarcacións de recreo sen afastarse máis 25 millas da costa.	
	PATRAO DE ALTO MAR	Manexo de embarcacións de recreo sen limitacións.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
SUECIA	FÖRARINTYG	Manexo de embarcacións de recreo de ata 12 metros en augas interiores	
	KUSTSKEPPARINTYG	Manexo de embarcacións de recreo en augas costeiras e interiores.	
	UTSJÖSKEPPARINTYG	Manexo de embarcacións de recreo en alta mar, augas costeiras e interiores.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
SUÍZA	PERMIS B Emitidos por (*)	Embarcacións de: - motor - vela con ou sen motor aux. - motor e vela con ou sen motor aux. (ver tarxeta) de ata 300 toneladas brutas.	(*) - CRUISING CLUB DE SUÍZA (CCS) - ESCOLA DE VELA DE RORSCHACH (SEGELSCHULE) - INSTITUTO PARA A NAVEGACIÓN EN ALTA MAR - NAVEGACIÓN DEPORTIVA - OFICINA DO DR. KONRAD BUTZ (SPORTNAVIGATION) - ESCOLA AERONÁUTICA E NAVAL A.AVI
	Permisos da xefaturas cantonais de navegación.	Navegación en augas interiores.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
URUGUAI	ZONA A: NAVEGACIÓN OCEÁNICA	Sen restricións.	
	ZONA B	Habilitada para navegar no Río de la Plata e nunha franxa costeira oceánica de 15 millas de largo ata a desembocadura do Arroyo Chuy. (SEN AFASTARSE MÁIS DE 15 MILLAS DE TERRA)	
	ZONA C	Habilitada para navegar dentro dun raio de 15 millas do porto de despacho no Río de la Plata inferior e Océano Atlántico. No Río de la Plata superior e o Río Uruguay o dito raio será de 20'. (SEN AFASTARSE MÁIS DE 15 MILLAS DE PORTO BASE)	
	ZONA D	Habilitada para navegar dentro dun raio de 5 millas do porto de despacho, no Río de la Plata e Océano Atlántico. No Río Uruguay, ríos e lagoas interiores, o dito raio será de 10'. (SEN AFASTARSE MÁIS DE 5 MILLAS DE PORTO BASE)	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
VENEZUELA	LICENZA DE PATRÓN DEPORTIVO DE SEGUNDA	Embarcacións menores de 40 toneladas de rexistro bruto, sen afastarse máis de 12 millas da costa.	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
CANADÁ	PLEASURE CRAFT OPERATOR CARD	Embarcacións de recreo sen limitacións	

	TÍTULOS	ATRIBUCIÓNS	OBSERVACIÓNS
IRLANDA	INTERNATIONAL CERTIFICATE OF COMPETENCY, EMITIDO POLA IRISH SAILING ASSOCIATION	Embarcacións de recreo ata 80 GT ou 24 metros de eslora	Dentro deste certificado existen varias categorías, pero todas elas limitadas a navegacións costeiras
	YACHTMASTER OCEAN CERTIFICATE	Embarcacións sen limitacións	Certificado referendado polo Department of Marine, Communications and Natural Resources